




XUNTA  
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS  
LÓPEZ FERREIRO

PXA

Curso 2025-26



# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
1.1 Datos do centro	3
1.2 Contorna	3
1.3 Infraestruturas	3
1.4 Equipamento	4
1.5 Horarios (xeral, ed, xefa do, entradas, saídas e recreos)	5
<b>2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS QUE O CEIP LÓPEZ FERREIRO SE PROPÓN CONSEGUIR</b>	<b>8</b>
2.1 En canto á organización e xestión	8
2.2 En canto á organización pedagóxica do centro	9
2.3 En canto ao acondicionamento das instalacións do centro	12
2.4 En canto ás estratexias para desenvolver a educación emocional, evitar a discriminación e previr a violencia de xénero	13
2.5 En canto á comunicación coa comunidade educativa	15
<b>3. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO</b>	<b>17</b>
3.1 Calendario de reunións dos órganos de coordinación docente	20
<b>4. LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS</b>	<b>21</b>
<b>5. FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>	<b>23</b>
<b>6. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFERTA O CENTRO</b>	<b>23</b>
6.1 Actividades complementarias	23
6.2 Actividades extraescolares	24
6.3 Servizos complementarios que oferta o centro	24
6.4 Funcións do persoal colaborador nos servizos de madrugadores e comedor	25
<b>7. PLAN DE ORGANIZACIÓN E TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE</b>	<b>26</b>
7.1 FUNCIÓN DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA	26
7.2 FUNCIÓN DA CONSERXE	26
7.3 FUNCIÓN DAS AUXILIARES TÉCNICAS EDUCATIVAS	27
<b>8. ANEXOS: OUTROS PLANS INCLUÍDOS NA PROGRAMACIÓN</b>	<b>29</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

A presente Programación Xeral Anual, aprobada no Claustro e no Consello Escolar do 16 de outubro constitúe a concreción dos criterios e orientacións xerais para o curso escolar 2025-26. Facilitará o desenvolvemento coordinado de todas as actividades educativas, o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e de coordinación docente e a participación de todos os sectores da comunidade escolar.

Temos en conta, á hora de dirixir as nosas actuacións, a análise da Memoria Anual do curso anterior, os informes de avaliación, o Proxecto de Dirección e o Proxecto Educativo de Centro.

### 1.1 DATOS DO CENTRO

<b>ENDEREZO</b>	Rúa Xasmíns s/n, 15704
<b>CÓDIGO DO CENTRO</b>	15015676
<b>CIF</b>	Q 6555212G
<b>TELÉFONO</b>	981543178

### 1.2 CONTORNA

O CEIP López Ferreiro é un colexio urbano situado na zona antiga de Compostela, concretamente entre a Avda. Xoán XXIII e a rúa Xasmíns. A súa zona de influencia é a zona vella de Santiago, mais recibe alumnado de toda a cidade e de localidades e concellos limítrofes.

### 1.3 INFRAESTRUTURAS


O edificio, que celebra este ano o 50 aniversario, amosa un valor arquitectónico moi relevante pero unha estrutura pouco adecuada para os niveis educativos que acolle xa que ten baixo e catro andares o que esixe un desprazamento continuado do alumnado e do profesorado polas escaleiras, para acudir ás distintas aulas.

Enormemente complicadas son as clases de educación física: un pequeno ximnasio, só utilizable para o alumnado de educación infantil, dentro do edificio; un patio semi cuberto, con numerosas columnas e un patio cuberto, onde se poden realizar actividades tanto de psicomotricidade como de educación física co primeiro ciclo de primaria. A partir de 3º de educación primaria, o alumnado acode ata o pavillón Lorenzo de la Torre, situado a 600 m do centro. O seu uso solicítaselle ao Concello cada curso escolar.

Os espazos de recreo de primaria están á outra beira da rúa, o que implica un longo desprazamento para acceder a eles, e os de infantil, son pouco espazosos para o volume de alumnado desta etapa.

As dificultades ao respecto dos desprazamentos das persoas da comunidade educativa que poidan ter problemas de mobilidade eran imposibles cun só ascensor polo que o curso pasado se colocou outro que permite o acceso ao patio cuberto e á zona de recreo de infantil, pero aínda non está operativo.

Ademais estamos pendentes de que a *Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional*, arranxe as fendas na fachada da zona norte. Estas obras están a supoñer que unha das docentes de PT teña desprazada a súa aula por segundo curso consecutivo, que non poida ser empregada a aula de prensa e que parte do patio de educación infantil se vexa limitado por mor dos posibles desprendementos.



## 1.4 EQUIPAMENTO

O equipamento do centro pódese considerar axeitado, sobre todo no relativo ao material tecnolóxico. Grazas á participación no programa Polos creativos e E-Dixgal, melloramos o noso equipamento para desenvolver actividades STEAM.

Con respecto ao resto de equipamento, nalgunhas aulas cómpre renovar o mobiliario, polo que xa se solicitou á Consellería (e seguirá facéndose nos vindeiros cursos) no prazo correspondente.

## 1.5 HORARIOS

O horario xeral do CEIP de Prácticas López Ferreiro é de 9,30 h a 14,30 h.

HORARIO ED	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25	Xefatura	Xefatura	Xuntanza Equipo Directivo	Xefatura	Xefatura
10:25-11:10					
11:10-12:05	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Secretaría
12:35-12:55	Dirección	Dirección	Dirección	Dirección	Dirección
12:55-13:40	Dirección (reunión Equipo Benestar)	Dirección	Dirección	Dirección Xefatura	Dirección
13:40-14:30	Dirección	Dirección	Dirección	Dirección	Dirección

O horario Equipo Directivo e da Xefa do Departamento de Orientación amósanse na seguinte táboas:

HORARIO Xefa DO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25	Atención Familias	Atención Familias		Atención Familias	Atención Familias
10:25-11:10	D.O.	Reunión Equipo Benestar	D.O.	D.O.	D.O.
11:10-12:05	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.
12:35-12:55	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.
12:55-13:40	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.	
13:40-14:30	D.O.	D.O.	Atención Familias	D.O.	D.O.

### Horarios e organización das entradas e saídas

A **entrada** principal do alumnado efectuarase pola rúa Xoán XXIII.

- A hora de apertura das portas exteriores do centro, para a entrada do alumnado, será ás 09:25. O alumnado que empregue o servizo de madrugadores que oferta a ANPA, poderá acceder ao centro a partir das 07:30 pola Rúa Xasmíns, quedando ao coidado do persoal do comedor desde este momento ata a hora de entrada ás aulas, que efectuará xa desde o interior centro.
- A partir das 09:40, o alumnado que chegue tarde deberá acceder ás instalacións escolares pola Rúa Xasmíns, entrada de administración, acompañado por unha persoa responsable do seu coidado. Neste caso deberase xustificar a súa demora na conserxería do centro cumprimentando un documento para que o alumno ou alumna o achegue ao profesorado.
- O alumnado de **EP** entrará só no patio de columnas. Non haberá filas. Cada neno/a se dirixirá a súa porta de entrada ao edificio: *Acceso ao centro 1 (1º- 2º- 4º) e acceso ao centro 2 (3º- 5º- 6º)*.
- O alumnado de **EI**, que debe estar acompañado dun familiar, entra ao centro pola porta de acceso 1, unha vez rematan de entrar os nenos/as de EP.

- Este acceso estará atendido polo profesorado de garda nomeado para tal fin. O alumnado será recollido no patio de columnas polo profesorado titor ou especialista e/ou quen os/as substitúa.

A **saída** do alumnado efectuarase pola rúa Xoán XXIII:

- Cada docente que imparta a última sesión lectiva, acompañará, como norma xeral, ao seu alumnado ata a porta correspondente, asegurándose da súa entrega ás persoas autorizadas para recollelo. A persoa docente deberá ser coñecedora do alumnado autorizado a saír só do recinto escolar.
- O alumnado de Educación Infantil sairá das aulas a partir das 14:20, para facilitar os traslados ao comedor e a posterior saída (ás 14:30) do alumnado de Educación Primaria. As familias recollerán os seus fillos e as súas fillas no patio de columnas que dá acceso ao centro.
- Para acompañar ao alumnado que agarda ante posibles retrasos da súa familia, haberá unha persoa de garda no patio de columnas que posteriormente, de ser o caso, acompañará a ese alumnado á entrada da conserxería para quedar ao cargo do Equipo Directivo.
- No caso de saídas fóra de hora, as familias procurarán que coincidan co cambio de sesión e recollerán ao alumnado por conserxería.

#### Horarios e organización dos recreos

Debido ás especiais características arquitectónicas do noso centro, a organización dos recreos realizarase segundo o seguinte:

- **En caso de bo tempo**

Sempre que o tempo o permita, o alumnado sairá aos patios exteriores (infantil ao patio de bambáns e primaria ás pistas polideportivas) tendo en conta, en cada caso, a distribución de espazos e materiais de xogo asignados a cada un. Durante o tempo de recreo no exterior, o alumnado pode levar algún obxecto para xogar. Procurarase desenvolver xogos tradicionais, cooperativos e actividades pre deportivas. O uso de balóns e pelotas no patio de primaria, rexerase polo calendario establecido.

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>Comba+Goma</b>	1º+2º	6º	5º	4º	3º
<b>Fútbol</b>	3º	1º+2º	6º	5º	4º
<b>Voleibol</b>	4º	3º	1º+2º	6º	5º
<b>Baloncesto</b>	5º	4º	3º	1º+2º	6º
<b>Xogos de Lona</b>	6º	5º	4º	3º	1º+2º

- No caso de chuvía:
  - Educación Infantil, desenvolverá diversas propostas no patio cuberto e no corredor do 1º andar.
  - Educación Primaria, disporá do patio de columnas para xogo libre, e outras zonas para xogo asignadas previamente (zona xogos en galego no andar 0 e corredor do 3º andar).
- O profesorado asignado a cada unha das 3 quendas de recreo, repartirá as responsabilidades correspondentes á apertura dos espazos, os desprazamentos do alumnado, o reparto dos

materiais e a supervisión dos xogos, de xeito que toda a sesión se desenvolva da mellor maneira posible.

- Estableceranse tres quendas de garda para os recreos. Cada equipo se repartirá as tarefas e supervisarán os diferentes espazos no tempo de recreo (tanto no caso de bo tempo como de chuvia).
- As persoas que constitúen Departamento de Orientación non desempeñará as gardas de recreo.

Día non lectivo solicitado polo centro

*\* O día solicitado polo centro como non lectivo á Xefatura Territorial, co acordo unánime do Claustro foi, para este curso, o 15 de maio (Festas da Ascensión).*

## 2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS QUE O CEIP LÓPEZ FERREIRO SE PROPÓN CONSEGUIR

### 2.1 EN CANTO Á ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Potenciar un sistema de entradas e saídas do alumnado, tendo en conta as obras, para que estas se realicen coa maior seguridade e fluidez, favorecendo hábitos de autonomía entre o noso alumnado.	Establecemento de diferentes zonas de entrada, segundo os cursos, o programa Colecamiños e as obras.	Setembro e ata que duren as obras.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Información ás familias dos cambios nas entradas e saídas.</li> <li>- Establecemento dun sistema de vixilancia e acompañamento nas entradas e saídas entre o profesorado e o persoal coidador.</li> </ul>	Setembro. Reaxustaranse as medidas, de ser preciso, ata o remate das obras
Distribuír equitativamente o sistema de gardas e vixilancias entre todo o profesorado	Primarase a atención á diversidade e respectaranse as sesións de libre disposición, liberacións, coordinacións, funcións directivas...	Mes de setembro. Reaxustaranse sempre que as condicións así o aconselle
	Exposición da táboa de gardas na app	Reaxustaranse sempre que as condicións así o requiran
Favorecer na distribución horaria do centro o deseño de actividades interniveis.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Continuidade do desenvolvemento dos “Venres creativos”, dentro do programa <i>Polos Creativos</i>. Reaxuste dos obradoiros, tendo en conta a diminución de espazos polas obras e a memoria do curso anterior.</li> <li>- Potenciar tarefas que impliquen interrelacións: alumnado axudante; programas de aprendizaxe-servizo; apadriñamentos e amadriñamentos, Aula de Maiores...</li> </ul>	Durante todo o curso.
Adecuar e actualizar os documentos organizativos segundo as novas directrices legislativas, atendendo ao contexto do centro e aos diferentes programas nos que o centro participe.	<p>Creación de diferentes equipos coa colaboración do equipo directivo, para a revisión, ou elaboración no seu caso, dos documentos organizativos do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar o Plan de Igualdade.</li> <li>- Revisión e actualización do Plan de acción tutorial...</li> </ul>	Durante todo o curso.

Promover accións que favorezan actitudes de autocontrol ante unha emerxencia.	Realización de simulacros de evacuación e observación das necesidades para a mellora da seguridade.	Unha por curso.
Renovar o Consello Escolar do centro e nomear ás persoas membros das distintas comisións.	Constitución do Consello Escolar e actualización das diferentes comisións e responsabilidades.	Segundo o calendario de eleccións ao Consello Escolar.
Actualizar o inventario en liña (iniciado o curso pasado), para optimizar e rendabilizar os recursos.	Selección dun programa para a realización de inventarios.	Durante todo o curso.
Continuar a colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación, Concello, Biblioteca Ánxel Casal...	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación nas súas propostas segundo os intereses e as necesidades do noso alumnado.</li> <li>- Solicitud de instalacións para determinados eventos e actividades.</li> </ul>	Durante todo o curso.

## 2.2 EN CANTO Á ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Potenciar novos enfoques metodolóxicos na busca dunha aprendizaxe activa, inclusiva e participativa entre o noso alumnado.	<p>Solicitud de dúas liñas do PIE e desenvolvemento das súas accións en caso de seren concedidos.</p> <p>Potenciación nas aulas da participación en programas que se desenvolven no centro (PLAMBE coa <i>biblioteca creativa e radio na biblio</i>; <i>Club de lectura</i>; <i>Lectura e familias</i>; EDixgal; Sección bilingües (cambio neste curso da materia impartida) ; Plan Proxecta...)</p>	Solicitudes de acordo ao establecido nos programas.

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<p>Adquisición de competencias emocionais (identificación, regulación e autonomía emocional, habilidades sociais...) e de convivencia que incidan no bo trato, para o desenvolvemento integral do alumnado.</p>	<p>- Establecemento de contactos con diferentes asociacións e organismos para desenvolver unha formación baseada nas competencias emocionais, nos valores de respecto e inclusión e convivencia afectivo sexual: <i>Fundación Meniños, Feitoría verde, Atalaias, Cruz Vermella, Agareso, ACCP, Convive +...</i></p> <p>- Adaptación de horarios para a posta en práctica e o desenvolvemento de certos proxectos.</p> <p>Potenciación de proxectos de PFPP, ENAPAS... que respondan ás necesidades do noso alumnado, das familias e de formación do profesorado.</p>	<p>Programación de datas segundo as asociacións e os ciclos.</p>
<p>Desenvolver programas e estratexias para un maior uso oral da lingua galega entre o noso alumnado.</p>	<p>Continuar coa proposta propia "Fai un trato co galego"... en todo o centro.</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>Establecer criterios no Proxecto lector para unha maior coherencia na aprendizaxe da lecto escritura entre educación infantil e educación primaria.</p>	<p>Revisión e actualización do Proxecto Lector.</p>	<p>Segundo e terceiro trimestres.</p>
<p>Introducir técnicas de relaxación entre o alumnado, mediante o desenvolvemento de determinados programas.</p>	<p>Colaboración coa asociación MUSE nas clases de educación física.</p>	<p>Todo o curso</p>

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<p>- Establecer criterios de prelación no caso de condutas contrarias á convivencia (exceptúase o alumnado con necesidades que, debido a elas vexa alterada a súa conduta).</p> <p>-Convocar reunións coas titorías para valorar as necesidades de cada curso.</p> <p>- Protocolo de información de medidas de atención á diversidade</p> <p>Programar na CCP unha coordinación sistemática de actuacións entre PT, AL e titorías.</p> <p>Promover xogos e deportes colectivos que fomenten a cooperación, fóra dos estereotipos dos medios de comunicación.</p> <p>Desenvolver un sistema de comunicación online entre as distintas aulas do centro para traballar de maneira colaborativa a nivel pedagóxico.</p>	<p>Inclusión dos criterios nas NOFC.</p> <p>Convocatoria de xuntanzas despois da avaliación inicial.</p> <p>Redacción do Protocolo entre o Departamento de Orientación, equipo directivo e equipos docentes.</p> <p>- Avaliación inicial das titorías e reunións das CCP.</p> <p>- Documento de normas de coordinación PT, AL e aulas</p> <p>Participar na Xornada da AGXPT e creación dunha comisión para a organización de xogos inclusivos durante os recreos e as celebracións do centro, coa colaboración de institucións externas se fora necesario.</p> <p>Elección dunhas plataformas dixitais que permitan a difusión do traballo e aula e potencien a colaboración e coordinación, na busca de redes de aprendizaxe.</p>	<p>Antes da primeira avaliación.</p> <p>-Avaliación inicial das titorías e reunións das CCP.</p> <p>-Ao rematar cada avaliación.</p> <p>Na celebración do Magosto-Samaín e durante todo o curso.</p> <p>A partir do segundo trimestre.</p>

## 2.3 EN CANTO AO ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Poñer ao día determinados espazos do centro para a posta en práctica dos obxectivos programados no noso proxecto de <i>Polos creativos</i> .	Solicitud de presupostos.	Primeiro trimestre
Procurar que a instalación do centro sexa un lugar máis seguro e agradable, que propicie a innovación metodolóxica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recolocar o mobiliario retirado noutros espazos do centro, tanto interiores coma exteriores.</li> <li>- Acondicionamento dos corredores e dos espazos para Polos Creativos, Espazo de xogos en galego, segundo os proxectos presentados.</li> </ul>	Primeiro e segundo trimestre.
Insistir na solicitude dos arranxos precisos á Dirección Territorial e ao Concello.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acondicionamento da aula de psicomotricidade, mediante a baixada dos teitos, para a práctica deportiva do alumnado de educación infantil.</li> <li>- Insonorización da aula de música.</li> <li>- Mantemento dos espazos verdes e recolocación do “Horto do Ferreiro”.</li> <li>- Acondicionamento dos espazos de xogo e transformación dos patios exteriores en espazos máis naturais.</li> </ul>	Durante todo o curso.
Insistir na solicitude de arranxos (algúns deles xa enviados en anos anteriores) ao Departamento de educación do concello de Santiago.	<p>Colocación de sistemas que pechen os ángulos nos descansos das escaleiras, para evitar que o alumnado caia por esas zonas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Continuación do pintado interior do centro e da fachada do edificio.</li> <li>- Colocación dun sistema extractor para a eliminación dos olores da sala do depósito para combustible da calefacción.</li> <li>- Colocación de céspede artificial nunha zona da pista de fútbol exterior.</li> <li>- Apertura dos baños das pistas de recreo.</li> <li>- Recubrimento das columnas da aula de psicomotricidade e do patio de columnas.</li> </ul>	Durante todo o curso.

## 2.4 EN CANTO ÁS ESTRATEXIAS PARA DESENVOLVER A EDUCACIÓN EMOCIONAL, EVITAR A DISCRIMINACIÓN E PREVER A VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Establecer unha norma de convivencia que cada mes se traballará en todos os cursos.	Información do programa á comunidade educativa.	Ao longo do curso.
Revisar os materiais e as propostas metodolóxicas para que os afectos e as emocións estean presentes na construción da autonomía persoal.	- Plan de acción a nivel de centro con distintas entidades colaboradoras ( <i>Agareso, Escolas sen violencia, Asemblea de Cooperación pola Paz...</i> ). - Reunións por titorías co DO para desenvolver un Plan de habilidades sociais.	Ao longo do curso.
Poñer en práctica o programa dos grupos de axuda.	Plan de habilidades sociais e entreno na resolución pacífica de conflitos co alumnado de 4º, 5º e 6º.	Inicialo a partir do 2º trimestre.
Favorecer prácticas de aprendizaxe servizo.	Ecoauditorías. Mercadiños solidarios. Gardiáns dos patios.	Ao longo do curso.
Desenvolver accións formativas dirixidas ao alumnado sobre: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Temas relacionados coa igualdade e o bo trato.</li> <li>- Como traballar coas novas tecnoloxías con seguridade</li> <li>- Accións concretas sobre a violencia de xénero.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> <li>- A educación emocional.</li> </ul>	Organización de diferentes charlas e obradoiros con diferentes asociacións e en coordinación cos diferentes equipos docentes.	Ao longo do curso.

<p>Aproveitar determinadas datas para fomentar entre o noso alumnado a empatía, o respecto, a motivación por coñecer outras realidades...</p>	<p>Celebración de datas especiais que fomenten a reflexión sobre determinados problemas de convivencia:</p> <p>Día da non violencia.  <i>25N e 8M.</i>  <i>Día de Internet seguro.</i>  <i>Día da diversidade funcional.</i>  <i>Día do pobo xitano.</i>  <i>Día dos dereitos da nena e do neno.</i>  <i>Día contra o acoso escolar.</i>  <i>Día da diversidade sexual.</i>  <i>Outras propostas dos equipos.</i></p>	<p>Ao longo do curso.</p>
<p>Potenciar o desenvolvemento de “Faladoiros” e a creación de “Espazos Calmos” de aula, procurando que as estratexias no afecto sexan maiores que as condutistas.</p>	<p>Habilitación destes recunchos dentro das aulas ou en espazos dos corredores.</p>	<p>Ao longo do curso.</p>

## 2.5 EN CANTO Á COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA

OBXECTIVOS	MEDIDAS E RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Implementar o uso da NAS para compartir e gardar documentos	Presentación e información sobre a descarga e utilización da NAS.	Inicio de curso.
Establecer mecanismos para que a comunidade educativa coñeza as normas de organización e funcionamento do noso centro, para implicarse e colaborar no proceso educativo.	Información sobre onde poden localizar os documentos organizativos do centro.	Inicio de curso.
Favorecer unha boa incorporación do alumnado que se matricula no noso centro educativo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento das actividades presentes no <i>Plan de acollida</i>, para o alumnado de nova incorporación.</li> <li>- Programación de xornadas de portas abertas para coñecer o noso centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- No momento en que haxa unha incorporación.</li> <li>- Segundo e terceiro trimestres.</li> </ul>
Procurar que o alumnado sexa participe na organización xeral do centro.	Reunións do equipo directivo con alumnado representante das titorías para analizar a organización do centro desde a súa perspectiva e recoller as súas propostas.	Unha por trimestre.
Redactar un Plan de Comunicación do Centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunións cos distintos sectores da comunidade educativa.</li> <li>- Nomeamento de responsables para a dinamización da páxina web, dos blogs do centro e doutras redes sociais para a promoción das nosas actividdes.</li> </ul>	Ao longo do curso.

<p>Consolidar as ENAPAS, para responder aos intereses das nosas familias.</p>	<p>Organización de ENAPAS en colaboración co CAFI ou con outras institucións, que desenvolvan estratexias para mellorar a xestión, como familias, dos problemas de convivencia, as habilidades sociais e a educación emocional.</p>	<p>Durante todo o curso.</p>
<p>Fomentar a relación e colaboración coas familias, ben de xeito grupal ou individual.</p>	<p>Establecemento de horarios para a realización de titorías, e para as reunións conxuntas de nivel ou ciclo e para as colaboracións no ámbito da aula ou do centro.</p>	<p>Durante todo o curso.</p>
<p>- Desenvolver conxuntamente as celebracións de fin de etapa. - Facilitar a instalación do centro para actividades programadas pola ANPA.</p>	<p>Presentación de proxectos e actividades para seren aprobados en Consello Escolar, coa finalidade de seren desenvolvidos no centro educativo.</p>	<p>- Ao final das etapas - Durante todo o curso.</p>
<p>Programar visitas a institucións próximas, aos centros adscritos e Xornadas de portas abertas.</p>	<p>Reunións coas familias, visitas..., que se coordinarán coas diferentes institucións.</p>	<p>Durante todo o curso.</p>
<p>Favorecer a cultura da avaliación como un sistema de reflexión para a mellora do CEIP López Ferreiro.</p>	<p>- Avaliación das programacións. - Enquisas para observar o grao de satisfacción coas medidas adoptadas.</p>	<p>- Ao rematar cada avaliación. - Final de curso.</p>

### 3. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO EDUCATIVO

DOCENTE	CARGO	NÚMERO ALUMNADO	CICLO AO QUE ESTÁ ADSCRITO/A					EQUIPO DE DINAMIZACIÓN							OUTRAS		
			Coordina CICLO	EI	PRIMARIA			Biblioteca	EDLG	Sec. BilingüesS	Plan Dixital	Extraescol	Medio Ambiente	Coordina?	CCP	Comisión Alerta Escolar	Benestar Emocional
					1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo										
Laura G.V.	Titora 4ªA-EI	13		X							X	X					
Rosa E. S.V.	Titora /Directora 4ªB-EI	15		X					X			X		X	X	X	
Mónica C.R.	Titora 5ªA-EI	17		X							X	X					
Rosa R.D.	Titora 5ªB-EI	17		X							X	X	X				
Alberto M.A.	Titor 6ªA-EI	12		X					X		X		X	X			
Laura Q.S.	Titora 6ªB-EI	13		X			X				X						
Fátima R.E.	Apoio 1 Xefa Est.			X							X	X		X			
Raquel S. de P.	Apoio 2		X	X			X				X			X			

DOCENTE	CARGO	NÚMERO ALUMNADO	CICLO AO QUE ESTÁ ADSCRITO/A					EQUIPO DE DINAMIZACIÓN							OUTRAS		
			Coordina CICLO	EI	PRIMARIA			Biblioteca	EDLG	Sec. BilingüesS	Plan Dixital	Extraescol	Medio Ambiente	Coordina?	CCP	Comisión Alerta Escolar	Benestar Emocional
					1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo										
Javier P.B.	Titor 1ªA-EP	19			X			X				X		X			
Sandra V.C.	Titora 1ªB-EP	19			X					X	X						
Estefanía S.M.	Titora 2ªA-EP	21			X				X		X						
Ricardo P.V.	Titor 2ªB-EP	21	X		X					X		X		X			
Esperanza S.B.	Titora 3ªA-EP	19				X					X	X					
MªIsabel V.L.	Titora 3ªB-EP	16				X			X		X						
MªJosé I.M.	Titora 3ªC-EP	17				X					X		X				
Fátima M.C.	Titora 4ªA-EP	25	X			X					X	X		X			

DOCENTE	CARGO	NÚMERO ALUMNADO	CICLO AO QUE ESTÁ ADSCRITO/A					EQUIPO DE DINAMIZACIÓN							OUTRAS		
			Coordina CICLO	EI	PRIMARIA			Biblioteca	EDLG	Sec. BilingüesS	Plan Dixital	Extraescoal	Medio Ambiente	Coordina?	CCP	Comisión Alerta Escolar	Benestar Emocional
					1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo										
Isabel R.C.	Titora 4ºB-EP	24				x		x				x					
MªJosé A.C.	Titora 5ºA-EP	20									x	x		x			
Inés C.G.	Titora 5ºB-EP	20						x				x					
Mª Eva A.V.	Titora 5ºC-EP	20	x						x			x		x			
MªJosé S.R.	Titora 6ºA-EP	24										x	x				
José V.C.	Titor 6ºB-EP	24										x	x			x EDIGAL	

DOCENTE	CARGO	NÚMERO ALUMNADO	CICLO AO QUE ESTÁ ADSCRITO/A					EQUIPO DE DINAMIZACIÓN							OUTRAS		
			Coordina CICLO	EI	PRIMARIA			Biblioteca	EDLG	Sec. BilingüesS	Plan Dixital	Extraescoal	Medio Ambiente	Coordina?	CCP	Comisión Alerta Escolar	Benestar Emocional
					1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo										
Patricia F.B.	Ed. Musical					x			x			x					
Ana Mª R.G.	Relixión											x		x	x		
Ana L.B.	Ed.Física <b>Secretaria</b>					x						x					
Diego L.L.	Ed. Física											x					
MªCamen B.F.	Lingua Estranx											x				x	
Laura B.W.	Lingua Estranx			x								x				x Aux Conv.	

DOCENTE	CARGO	NÚMERO ALUMNADO	CICLO AO QUE ESTÁ ADSCRITO/A					EQUIPO DE DINAMIZACIÓN							OUTRAS		
			Coordina CICLO	EI	PRIMARIA			Biblioteca	EDLG	Sec. Bilingües	Plan Dixital	Extraescolal	Medio Ambiente	Coordina?	CCP	Comisión Alerta Escolar	Benestar Emocional
					1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo										
María G.S.	Xefa DO					x					x	x			x		
Marta G.C.	PT			x				x					x				
MªCarmen P.F.	PT				x							x	x		x		
Paz M.L.	AL						x	x				x			x		

### EQUIPO DIRECTIVO

*Directora do centro: Rosa E. Suárez Veiga*

*Xefa de estudos: Fátima Rodríguez Eiroa*

*Secretaria do centro: Ana Leyes Bastida*

### CONSELLO ESCOLAR

*Presidenta: Suárez Veiga, Rosa E*

*Xefa de estudos: Rodríguez Eiroa, Fátima*

*Secretaria do Consello: Leyes Bastida, Ana*

#### *Representantes do profesorado*

Bueno Ferreiro, María del Carmen; Mera Lamela, María Paz; Robles González, Ana Mª; Martínez Antelo, Alberto; Mª Albarellos Codesido.

#### *Representantes das familias*

De la Fuente Freire; María; Gradaílle Chao, Jacobo; Nieto Iglesias, Lorena; Rey Pereira, María; Vázquez Louro, María Blanca

#### *Representante do persoal non docente*

Peteiro Rey, Mª Vanesa

#### *Representante do Concello*

Louzao Fernández, Miriam

### 3.1 CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

As reunións dos órganos de coordinación docente realizaranse mensualmente, os martes de 17:45 a 19:00 h:

- Reunión do Equipo de Orientación e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Reunión dos equipos de dinamización.
- Reunión dos equipos de ciclo
- Reunión do Equipo de Extraescolares (todo o claustro).

En canto aos Claustros ordinarios, realizarase, polo menos, un por trimestre, preferentemente os martes. No caso dos claustros extraordinarios ou de urxencia, desenvolveráanse, segundo as necesidades, cando mellor conveña. As reunións do Consello Escolar tamén se convocarán cunha periodicidade mínima trimestral. As datas preferentes para a súa realización serán os mércores ás 17:30 h.

#### 4. LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS

<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>
Para o curso 2025/26 en Educación Infantil non se solicitará material editorial para ningún nivel nin materia. En setembro as titoras/es poderán indicar o material funxible.
<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>
<b>1º Educación Primaria</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Matemáticas: 978-84-680-7131-2 1PRI MATEMATICAS Mochila Ligera Construyendo mundos 2022 - Santillana</li><li>• Lingua castelá: 978-84-144-0758-5 1PRI LENGUA Un paso más PAUTA Mochila Ligera Construyendo mundos 2023 - Santillana</li><li>• Lingua galega: 978-84-9185-903-1 integradas 2024 – Santillana Obradoiro 1PRI Tres en raia. Situacións de aprendizaxe</li><li>• Lingua estranxeira_Inglés: 9780194074223 All About Us Now 1 Class Book + ALK with Class Book ebook</li></ul> <p><i>Nota: O material funxible (lapis, libretas, cadernos de actividades, libros de lectura obrigatoria...) será solicitado polos/as titores/as en setembro ao comezo das clases.</i></p>
<b>2º Educación Primaria</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Matemáticas: 978-84-144-0885-8 2PRI MATE+ Matemáticas para pensar. Serie PRACTICA 2023 Santillana</li><li>• Lingua castelá: 978-84-144-4831-1 comunicativas. Serie PRACTICA 2023 - Santillana 2PRI LENGUA+ Tareas y destrezas</li><li>• Lingua galega: 978-84-9972-776-9 comunicativas 2018 – Santillana Obradoiro 2PRI LINGUA+ Tarefas e destrezas</li><li>• Lingua estranxeira_Inglés: 9780194074438 All About Us Now 2 Class Book + ALK with Class Book ebook</li></ul> <p><i>Nota: O material funxible (lapis, libretas, cadernos de actividades, libros de lectura obrigatoria...) será solicitado polos/as titores/as en setembro ao comezo das clases.</i></p>
<b>3º Educación Primaria</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Lengua Castellana – ISBN 9788468357348 – Lengua 3 – Editorial Edebé (Rodeira)</li><li>• Lingua Galega – ISBN 9788411100205 – Lengua 3 - Editorial Xerais</li><li>• Matemáticas – ISBN 9788468071367 – Matemáticas 3 – Santillana (Construyendo mundos)</li><li>• Ciencias da Natureza – ISBN 9788468285337– Ciencias da Natureza 3 – Vicens Vives (Comunidad Zoom)</li><li>• Ciencias Sociais - ISBN 9788468285375– Ciencias Sociais 3 – Vicens Vives (Comunidad Zoom)</li><li>• Inglés - ISBN 9780194074650 - Class Book: All About Us Now 3 - Ed. Oxford</li></ul> <p><i>Nota: O material funxible (lapis, libretas, cadernos de actividades, libros de lectura obrigatoria...) será solicitado polos/as titores/as en setembro ao comezo das clases.</i></p>
<b>4º Educación Primaria</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Lengua Castellana 4º - Serie Operación Mundo. Editorial Anaya. ISBN</li></ul>

9788414319291

- Lingua Galega 4º – Serie Operación Mundo. Editorial Anaya. ISBN 9788414319635
- Matemáticas 4º – Construyendo Mundos. Editorial Santillana. ISBN 9788414407691
- Ciências da Natureza 4º - Comunidade Zoom. Editorial Vicens Vives. ISBN 9788468292502
- Ciências Sociais 4º - Comunidade Zoom. Editorial Vicens Vives. ISBN 9788468292533
- Inglés. 9780194074803 All About Us Now 4 Class Book with Digital Book - Editorial Oxford.

*Nota: O material funxible (lapis, libretas, cadernos de actividades, libros de lectura obrigatoria...) será solicitado polos/as titores/as en setembro ao comezo das clases.*

#### **5º Educación Primaria**

Empregarase o sistema híbrido dentro do programa E-Dixgal que combina materiais dixitais e recursos en papel. Empregaranse os seguintes libros de texto:

- Lengua Castellana ISBN: 9788468080925 Lengua + 5 Primaria | Serie Participa. Ed. Santillana.
- Lingua Galega ISBN: 9788491855460 Lingua + 5 Primaria Galicia. Ed. Santillana

*Nota: O material funxible (lapis, libretas, cadernos de actividades, libros de lectura obrigatoria...) será solicitado polos/as titores/as en setembro ao comezo das clases. Entre este material solicitaranse os seguintes cadernos:*

- Inglés: Oxford Skills World Reading and Writing 4 - ISBN: 9780194113526
- Matemáticas: Matemáticas 5º EP - Proyecto Fanfest - Cuaderno ISBN: 9788414050095 - Varios autores - Editorial Luis Vives (Edelvives).

#### **6º Educación Primaria**

Empregarase o sistema híbrido dentro do programa E-Dixgal que combina materiais dixitais e recursos en papel. Empregaranse os seguintes libros de texto:

- Lengua Castellana ISBN: 9788414402719 Lengua + 6 Primaria | Serie Participa. Ed. Santillana
- Lingua Galega ISBN: 9788491858546 Lingua + 6 Primaria Galicia. Ed. Santillana

*Nota: O material funxible (lapis, libretas, cadernos de actividades, libros de lectura obrigatoria...) será solicitado polos/as titores/as en setembro ao comezo das clases. Entre este material solicitaranse os seguintes cadernos:*

- Inglés: Oxford Skills World Reading and Writing 5 - ISBN: 9780194113540
- Matemáticas: Matemáticas 6º EP - Proyecto Fanfest - Cuaderno - ISBN: 9788414050149 - Varios autores - Editorial Luis Vives (Edelvives)

## 5. FORMACIÓN DO PROFESORADO

O noso plan de formación vén dar continuidade ao iniciado en cursos anteriores. Haberá unha ou dúas formacións ao ano para o persoal docente ao respecto da resolución de conflitos, educación emocional e atención á diversidade.

### Participación en Proxectos de Formación Permanente do Profesorado

Este ano a formación en centro, desenvólvese a través da modalidade de seminario e a liña do Polo Creativo será: "IA".

A parte da participación individual en distintas actividades formativas ofertadas pola Administración e diversas institucións, no centro potenciarase unha formación interna encamiñada a mellora do benestar e da convivencia.

## 6. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFERTA O CENTRO

### 6.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias realizaranse dentro do período lectivo do centro.

Serán os equipos de ciclo quen as programen en función do seu interese pedagóxico. Procurarase que non supoñan un custe adicional para o alumnado.

Procurarase unificar niveis e días de saídas, co fin de garantir o apoio e non prexudicar ao alumnado que queda no centro.

As actividades complementarias suporán un afondamento, ou un tratamento desde unha perspectiva innovadora, dos contidos curriculares. Ademais, deben ter como obxectivo a necesidade de avanzar nos dereitos humanos, situar a educación no centro da transformación social e a igualdade efectiva, legal e social.

Neste senso, as actividades que se programen propiciarán contidos que desenvolvan:

- Unha concepción igualitaria da vida na que se respecten todo tipo de diferenzas.
- Unha concienciación no respecto polo medio ambiente.
- Un uso axeitado das novas tecnoloxías.
- A eliminación de estereotipos con outras maneiras de ler a realidade, mediante a análise das mensaxes publicitarias ou as transmitidas polos medios de comunicación etc.
- Un recoñecemento e valoración de diferentes aspectos do noso pasado tanto na lingua coma na nosa historia.
- A aceptación de todas as persoas, sexa cal sexa o seu sexo ou orientación sexual, así como a sensibilización ante calquera actitude homófoba.
- Motivación pola lectura en diferentes formatos e a linguaxe escrita.
- Para a súa organización contaremos con diferentes organizacións ou institucións, como o Concello, Policía Nacional ou Local, Biblioteca Ánxel Casal, AGARESO, Asemblea Galega de Cooperación pola Paz...

Como **celebracións conxuntas** no centro, organizarase o Samaín co Magosto, e as Letras Galegas, xunto cos Maios, ademais do Entroido. Corresponderalle a todo o Claustro, xa que todas e todos

conformamos o Equipo de actividades complementarias e extraescolares, a través da persoa coordinadora e en colaboración dos diferentes equipos docentes, a súa organización.

## 6.2 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

En canto ás actividades extraescolares, se son organizadas polos equipos docentes do centro, programaranse nos diferentes niveis, se así o consideran. Para a participación do alumnado nestas actividades, débese contar coa autorización familiar.

Será consultada a súa pertinencia ás familias do alumnado no caso de excursións de 5º ou 6º que inclúan pasar unha ou máis noites fóra.

As datas concretas serán consensuadas entre os equipos docentes do centro e as diferentes institucións ou lugares a visitar.

Estas actividades buscarán promover:

- O fomento polo coñecemento da nosa historia.
- O coñecemento da etnografía galega, mediante visitas a institucións, museos, casas específicas...
- O desenvolvemento da conciencia medioambiental.
- A motivación polo mundo da ciencia e da tecnoloxía.
- O coñecemento dos medios de comunicación.
- Visitas a institucións, ou participación en obradoiros, que fomenten o hábito lector
- Aspectos lúdicos como hábitos socializadores e favorecedores da educación emocional.

*\* Adxúntase a previsión de actividades extraescolares proposta pola ANPA do CEIP López Ferreiro.*

## 6.3 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFERTA O CENTRO

En colaboración coa ANPA, o CEIP de Prácticas López Ferreiro oferta o servizo de **madrugadores** para as familias que así o soliciten, por medio dos mecanismos establecidos pola devandita Asociación.

Funcionará desde as 7:30 h da mañá. O centro garantirá a apertura das cancelas por Xasmíns para que as familias poidan acceder a entregar ás nenas e aos a unha persoa responsable deste servizo.

Neste momentos, hai arredor de oitenta e cinco inscritos no servizo de madrugadores que contan coa supervisión de cinco persoas monitoras.

Tamén se oferta o **comedor escolar**, igualmente xestionado pola ANPA. Para cubrir as necesidades deste servizo, do que fan un uso regular douscentos vinte alumnas e alumnos e cóntase con catorce persoas monitoras.

O servizo de comedor remata ás 17:00 h. A partir dese momento, as familias poden facer uso da ludoteca, sempre que contraten este servizo coa ANPA.

Antes de comezar as clases en setembro, a dirección do centro informará á persoa responsable do comedor sobre o alumnado inscrito no programa Alerta Escolar; tamén o fará en calquera momento do curso en que a familia notifique unha problemática das descritas no devandito programa.

Así mesmo, as dúas persoas auxiliares coidadoras coas que conta a nosa escola, participan na atención ao alumnado que polo seu informe psicopedagóxico así o requira, no tempo de comedor e despois do

xantar, de acordo ao establecido no artigo 80 da *Orde do 8 de setembro de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade*.

A inicios de curso, a persoa responsable do comedor debe achegar ás titorías a relación de alumnado usuario. Se algún neno ou algunha nena non fai uso do servizo nun determinado día, informarase por correo electrónico ao centro, quen contactará coa titoría correspondente para avisar.

Ademais, para favorecer a conciliación familiar, ofrécese servizo de comedor en días soltos. Neste caso, as familias deben contactar coa persoa responsable do comedor quen tamén o notificará por correo electrónico ao centro e este contactará coa titoría correspondente para avisar.

Por outra banda, desde a secretaría do centro informarase á persoa responsable do comedor das saídas que impliquen que o alumnado come fóra. Tendo en conta que tanto o programa de madrugadores coma o de comedor son servizos complementarios que se desenvolven nas instalacións do centro, dirixidos ao noso alumnado, e polo tanto sometidos á aprobación do Consello Escolar do CEIP de Prácticas López Ferreiro, quen faga uso destes servizos aterase ao establecido no noso Plan de Convivencia. As condutas contrarias ás normas que no devandito documento se sinalan, serán corrixidas de acordo ao estipulado nas NOFC do centro.

Do mesmo xeito, calquera estrago intencionado que se realice durante a realización destes servizos, será notificado á familia responsable da ou do menor, quen deberá restaurar o dano ocasionado.

#### **6.4 FUNCÍONS DO PERSOAL COLABORADOR NOS SERVIZOS DE MADRUGADORES E COMEDOR**

- Haberá unha división do persoal en grupos de traballo: cociña, persoal coidador de primaria, e persoal coidador de infantil.
- O persoal colaborador farase cargo exclusivamente do seu grupo, co que ademais terá un horario específico. A principio de curso contarase cunha orde de traballo individual cos seguintes datos:
  - Curso/aula correspondente.
  - Listado de alumnado e listas diarias de asistencia para cumprimentar.
  - Espazo de traballo asignado especificando a zona de entrada- saída, horario e espazo individual para deixar obxectos persoais.
  - Medidas de desinfección a realizar, tanto persoais como da contorna.
- Distribuiranse tamén a principio de curso as pautas con información completa, clara e intelixible sobre as normas de hixiene no posto de traballo, antes, durante e despois do mesmo, adaptado a cada caso en concreto.
- Despois de rematar o período de madrugadores, acompañarán aos grupos ata as respectivas zonas de entrada. Na hora do comedor, serán as encargadas e encargados de recoller ao alumnado na porta das aulas; velarán pola correcta hixiene das mans das nenas e nenos, e organizarán actividades de lecer para o período en que o alumnado debe esperar a ser recollido (ata as cinco da tarde como máximo).

- Informarán ás familias das incidencias co alumnado que se producen no período no que as nenas e os nenos está ao seu cargo. De persistir na conduta, comunicarán, de ser o caso por escrito, á presidencia da ANPA as condutas disruptivas que se produzan. Será a presidenta da ANPA quen traslade as incidencias á dirección do centro para establecer as medidas correctoras oportunas.

## **7. PLAN DE ORGANIZACIÓN E TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE**

### **7.1 FUNCÍONS DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA (Vanesa Peteiro Rey)**

- Atender ás familias e persoal do centro que precisen información que manexe, por teléfono ou en persoa.
- Atender a correspondencia por correo ordinario e/ou electrónico.
- Confección de certificados se fose necesario (como por exemplo, xustificacións para familiares que veñen ao colexio solicitando horas no seu traballo) e pasalos á secretaría para a súa sinatura.
- Xestionar o Programa de Xestión de centros (XADE), con respecto ás tarefas que lle corresponden. Entre outras:
  - Expedientes de alumnas e alumnos.
  - Matriculación de alumnado.
  - Expedición de documentos de avaliación.
  - Imprimir partes de faltas e listados de aulas...
  - Proceso de preinscrición e admisión de alumnado.
  - Tramitación de becas, cheques para libros e material escolar.
  - Traslados de matrícula.
  - Rexistrar entradas e saídas, se fose necesario.
  - Elaboración de listaxes e outros comunicados do colexio.
  - Tarefas burocráticas que nun momento dado poida precisar o equipo directivo.

**Horario:** De luns a venres, de 9:00 a 15:00h. Martes, de 16:30 a 18:30h.

### **7.2 FUNCÍONS DA CONSERXE (María del Carmen Mosquera Paz)**

- Apertura e peche do centro das dependencias que se indiquen, así como de portas e fiestras do centro.
- Atención de portería, teléfono e visitas.
- A vixilancia en xeral de todas as instalacións do centro.
- Deber de observar e impedir calquera dano ou anormalidade nas instalacións.
- Atención as alarmas. Conexión e desconexión.
- Atención á recepción ao público en xeral.
- Comprobar diariamente antes do peche do centro as condicións das billas, sanitarios, luces, estufas, caldeira de calefacción... así como baixar todas as persianas do centro ao

finalizar as actividades.

- Acendido e apagado do sistema de calefacción e purga dos radiadores.
- Recollida e reparto de correspondencia.
- Recollida e reparto de documentos e material escolar entre as diversas dependencias do colexio.
- Realizar, dentro das instalacións do centro, os traslados de mobiliario que sexan precisos.
- Adquisición nos establecementos comerciais máis próximos do material necesario para o colexio.
- Realizar as fotocopias, encadernacións e traballos similares que sexan necesarios para a actividade escolar e mantemento, non técnico, das máquinas.
- Vixilancia e custodia das instalacións, mobiliario e maquinaria, tanto interiores como exteriores, controlando a entrada no centro das persoas alleas ao mesmo.
- Realizar pequenas reparacións e/ou reposicións (lámpadas, pechaduras, persianas, cristais, cisternas, desatasco de canos...).
- Limpeza do patio exterior de todo tipo de latas, botellas, maleza, polas caídas das árbores... e o seu traslado aos colectores.
- Rega periódica das árbores e plantas existentes no centro.
- Aquelas outras funcións propias do seu posto que se lle poidan encomendar.

**Horario:** De luns a venres, de 8:00 a 15:00. Martes 16:30 a 19:30 e mércores de 16:30 a 18:30.

### **7.3 FUNCÍONS DAS AUXILIARES TÉCNICAS EDUCATIVAS (M<sup>a</sup> Isabel Casal Penedo e M<sup>a</sup> Isabel Fernández Gómez).**

Tendo en conta a norma que nos rexe, o artigo 80 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as súas funcións serán:

- Atender o alumnado nas entradas e saídas do Centro, nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando no alumnado, que ase o precise, a súa autonomía e inclusión.
- Realizar os cambios e o control postural que precise o alumnado.
- Facilitar os seus traslados polos espazos do Centro.
- Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou tempo de lecer.
- Atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- Colaborar nas actividades complementarias nas que participe o alumnado.
- Nos casos excepcionais nos que resulte necesario acompañalos na ruta escolar.

- Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións nas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que corresponda e polo Departamento de Orientación.
- Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

**Horario:** De luns a venres, de 9:00 a 16:30.

## ANEXOS: OUTROS PLANS INCLUÍDOS NA PROGRAMACIÓN

ANEXO 1: Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega

ANEXO 2: Programación Seccións Bilingües

ANEXO 3: Concreción do plan xeral de atención á diversidade

ANEXO 4: Plan anual de lectura

ANEXO 5: Plan de biblioteca

ANEXO 6: Proposta do Equipo de Medio ambiente

ANEXO 7: Proposta do Equipo de Extraescolares

ANEXO 8: Plan de traballo para o benestar e a convivencia

ANEXO 9: Plan de actividades físicas e hábitos saudables

ANEXO 10: Previsión de actividades extraescolares - ANPA

ANEXO 11: Protocolos de chegada e recollida do alumnado de extraescolares e de actuación en caso de emerxencias ou ausencias - ANPA

A programación do **Equipo de Plan Dixital** será subida no prazo estipulado á plataforma da Xunta "[Educalidade](#)".



## ANEXO 1

Plan anual de actividades para a  
potenciación do uso da lingua galega

***EDLG***

## 1. INTRODUCCIÓN

A dinamización lingüística dun centro é unha tarefa colectiva que implica o profesorado, alumnado, persoal non docente, familias e, en definitiva, a toda a comunidade educativa. O EDLG, máis alá de propostas puntuais e de organización de actividades, debe cumprir unha función dinamizadora, coordinando e fomentando cantas iniciativas xurdan na comunidade escolar a prol dun uso normalizado e efectivo da lingua propia de Galicia, poñendo os medios necesarios, dentro das posibilidades do Equipo, para que esas actividades se desenvolvan.

Tendo en conta o **art. 15 do D. 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo**, constituirase o **Equipo de Dinamización da Lingua Galega**, que será nomeado e supervisado pola dirección. Este equipo terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros e formarán parte do mesmo: un coordinador/a, profesorado dos diferentes niveis e etapas, persoal non docente...

O EDLG fomentará a utilización do galego en toda a documentación, carteis, anuncios e convocatorias que se poñan nos taboleiros do Centro para estimular e facilitar o cumprimento da normativa vixente a empregar na comunidade escolar.

Tamén terá o compromiso de axudar e estar a disposición de todo o profesorado do centro para que imparta a súa materia en galego, asesoralo e facilitarlle material así como toda a colaboración que soliciten ao respecto.

Para o curso 2025/26 as persoas que forman parte do **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** serán as seguintes: Patricia Fernández, Eva Andújar, Rosa Suárez, Alberto Martínez, Estefanía Santos e Maribel Varela.

## 2. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral deste equipo é lograr que o Centro lle garanta unha boa competencia lingüística en galego a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, en toda a comunidade educativa, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

Este obxectivo concretarase en outros específicos para poder desenvolver as actividades que se sinalan a continuación.

## 3. ACTIVIDADES

Todas as actividades serán levadas a cabo en colaboración co resto dos Equipos do centro: *Equipo de Biblioteca*, *Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares* ou *Equipo de Plan Dixital*.

Participaremos, ademais, en actividades formativas que convoque o Concello, a USC ou a Consellería e compartiremos experiencias sobre metodoloxías e traballo de aula en galego coa Facultade de Ciencias da Educación da USC.

Actividades de intercambio sociolingüístico coa contorna:

1. SAÍDAS POLA CONTORNA: Visitas a lugares de interese da cidade: Rota Rosaliana, Museo do Pobo Galego...
2. PARTICIPACIÓN NA SEMANA DA TRADICIÓN ORAL DA BIBLIOTECA ÁNXEL CASAL: Presentarase o traballo de tradición oral desenvolvido nas aulas.
3. ACHEGAMENTO A ESTABLECEMENTOS DA CIDADE: Continuaremos desenvolvendo a

nosa iniciativa de animar aos establecementos e institución da cidade a atender en galego, premiándoos co noso adhesivo.

Actividades puntuais relacionadas coas diferentes conmemoracións:

- MAGOSTO E SAMAÍN: Celebraremos estas dúas conmemoracións coa Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT).
- NADAL: Presentación ás aulas a través do Calendario de Advento de diferentes textos de tradición oral propios do Nadal. Recollida de panxoliñas e interpretación de cantigas coas familias.
- FESTA DE ROSALÍA: Ilustración de poemas, recitado e dramatización de textos da autora, elaboración de marcapáxinas...
- FESTA DE ENTROIDO: Achegamento ao coñecemento desta festa nos distintos lugares de Galicia. Participación de todo o centro, desfile e festa nos patios da escola.
- DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: “A mirada do feminismo a través dunha lingua de tolerancia”, a través desta iniciativa, que non se puido desenvolver totalmente o curso pasado, procuraremos información e formación sobre a perspectiva de xénero na educación e o achegamento a masculinidades alternativas.
- SEMANA DA PRENSA: Procura e presentación de noticias en galego.
- SEMANA DAS LETRAS GALEGAS 2026: Centrarémonos na figura de Begoña Caamaño, xornalista e escritora galega.

Actividades no centro e de intercambio sociolingüístico entre centros, distintas institucións, entidades,...

*Concello (Concellaría de Educación, Mocidade e Políticas Lingüísticas), Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Consellería de Cultur, Lingua e Xuventude, ANPA, Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Normalización Lingüística), Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega (ILGA), Albergue de Xoán XXIII, Compañías de teatro, escritores e escritoras, editoriais, músicos, policía local...*

- INTERCAMBIO DE VIDEOCHAMADAS, RECITADOS... CON ALUMNADO DOUTROS CENTROS: para desenvolver diferentes propostas.
- ENCONTROS LECTORES: En colaboración co Equipo de Biblioteca, desenvolveremos como cada curso, encontros lectores co alumnado e coas súas familias.
- VISITA DE ESCRITORAS/ES AO CENTRO.
- NOMEAMOS DOS ESPAZOS DOS CORREDORES QUE FALTAN: darémoslle nome aos espazos de traballo dos extremos dos corredores (Praza do Obradoiro, Praterías,...).
- ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO PARA XOGAR EN GALEGO: no acceso ao centro pola porta de primaria, acondicionárase un espazo con xogos en galego, propios e de empréstito.
- ELABORACIÓN DE MATERIAIS EN GALEGO PARA TRABALLAR A LINGUAXE ORAL E O TEXTO LÍRICO: Continuaremos facilitándolle ao profesorado de todos os niveis materiais con exemplificacións para traballar os textos poéticos. Desenvolveranse propostas para o alumnado utilizando ARASAAC como sistema alternativo de comunicación e textos de lectura

fácil.

- OBRADOIRO DE REGUEIFAS: Seguimos pendentes de levar a cabo esta actividade a través do concello de Santiago. Agardamos poder desenvolvela este curso
- MOSTRA DE INSTRUMENTOS TRADICIONAIS: Igual que o curso pasado desta vez ofreceráselle ao alumnado de primaria, a través de Tradidáticos, a posibilidade de ver de preto os diferentes instrumentos da tradición galega: pandeireta, cunchas, castañolas, gaita...
- ACTIVIDADE SOLIDARIA A FAVOR DO COLEXIO DE GUATEMALA EL NANZAL Desenvolveremos, xunto co Equipo de Extraescolares, como en cursos pasados, unha proposta de colaboración solidaria con este centro.
- OBRADOIRO DE DRAMATIZACIÓN. Desenvolveranse iniciativas de traballo dramático e presentarase unha proposta para participar no Festival Intercentros.

#### Actividades que utilizan as tic para o fomento do uso da lingua galega:

As TIC están presentes en moitas das actividades programadas para o fomento e a dinamización da lingua galega. Traballaremos en estreita colaboración co Equipo de Plan Dixital.

- BLOG DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA: Continuaremos a difundir o noso traballo no blog: O niño de pombas, que leva o título dunha das obras de Antonio López Ferreiro e que representa unha metáfora moi fermosa dun centro educativo.
- CAMPAÑA, FAI UN TRATO CO GALEGO! Un proxecto, iniciado xa hai catro cursos con grande éxito, que quere pór en valor o noso idioma e amosar que o galego é unha lingua útil e válida en calquera ámbito. Esta campaña avanzou xa o curso pasado con distintas propostas que invitan á nosa comunidade a falar en galego e aos establecementos a atender en galego!
- GRAVACIÓN DE VÍDEOS NO 25 DE NOVEMBRO: Co fin de visibilizar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Elaborarase un vídeo explicativo sobre diferentes feitos que supoñen violencia cara ás mulleres. Este material compartirase con outros centros.
- DOBRAXE EN GALEGO: Proporemos ao alumando participar en actividades de dobraxe de fragmentos de diferentes filmes e/ou curtametraxes.
- GRAVACIÓN DE PODCAST RADIOFÓNICOS EN GALEGO: para pór en valor a importancia da nosa lingua e a súa utilidade.
- REVISTA ESCOLAR “PEGADA”: Será elaborada, como sempre, por todas as titorías do centro e polos diferentes equipos e estará albergada na web do centro e no blog, aínda que tamén será achegada de maneira impresa a aquelas familias sen conectividade.
- EU MEDREI NO LÓPEZ FERREIRO: Co gallo da PDI deste curso (50 aniversario do edificio do CEIP López Ferreiro), os antigos alumnas e alumnas deste centro compartirá as súas vivencias cando foron estudantes. A final de curso faremos unha festa co grupo “Ulex”..
- FORMACIÓN DIXITAL EN GALEGO PARA O ALUMNADO: A través dos proxectos pedagóxicos que ofrece a wikipedia e da galipedia como ferramenta de aprendizaxe.
- **ELABORACIÓN DE RECURSOS TIC PROPIOS, APOIÁNDONOS NO PORTAL DA LINGUA GALEGA: Achegar exemplos de recursos TIC, como modelo para realizar contidos e recursos propios.**



 XUNTA  
DE GALICIA | CEIP DE PRÁCTICAS  
LÓPEZ FERREIRO

## ANEXO 2

### Programación Seccións Bilingües

### 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Desde que se implantou o programa de Seccións Bilingües neste centro, a materia non lingüística foi Educación Plástica e Visual (Arts&Crafts). Este curso, houbo un cambio importante debido ao feito de que se reducira profesorado de Lingua Inglesa, imposibilitando que se levaran a cabo todas as seccións bilingües que se estaban a desenvolver (de 1º a 6º de E.P). Polo que a materia non lingüística este curso será a de Educación Física.

### 2. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO PRESENTE CURSO

#### Participar e desenvolver o programa de auxiliares de conversa

Este curso, como se expuxo máis arriba, a persoa auxiliar coordinarase co profesorado de Lingua Inglesa e co profesorado de Educación Física.

#### Manter a hora do conto/adiviña/canción en inglés nos cursos de educación infantil

Esta actividade desenvolverase en colaboración co Equipo de Biblioteca Escolar. Contaremos con libros adaptados á etapa educativa en cuestión. Con esta iniciativa, búscase estender o programa de Auxiliares de Conversa a todo o alumnado do centro e favorecer que o alumnado de Educación Infantil se inicie no contacto coa persoa auxiliar. Esta actividade inclúese na distribución horaria da Auxiliar de Conversa, respectando o número de horas que adica ao centro.

#### Poñer en marcha a aula de lingua inglesa

A aula de lingua inglesa, volve a estar a disposición do centro para esta función posto que o curso pasado foi empregada para a docencia dunha titoría por mor das obras.

Solicitouse material do catálogo da Xunta e recibíuse gran parte do mobiliario, o que permitiu organizar a aula de maneira que sexa un espazo multifuncional no que poder traballar de forma colaborativa: por grupos (podendo establecer distinto número de membros por grupo), en grupo grande (forma de U), de forma individual,... ou baleirando o espazo central para actividades de relaxación no chan, movemento ou confección de actividades plásticas grupais.

- As mesas son trapezoidais con rodas para facilitar os cambios dentro da aula.
- As cadeiras son lixeiras e amontoables unhas enriba doutras.
- Dispoñemos dun tapiz formado por 4 pezas grandes que se poden ensamblar, para as actividades dirixidas en inglés de relaxación ou movemento.
- O encerado branco imantado, solicitado en cursos anteriores, tamén se adapta á idea de cambiar a orientación da aula segundo necesidade.
- Trasladaranse ao espazo da aula: os mobles do recuncho de Inglés, que se atopaban no corredor do 4º andar (de solicitudes de mobiliario de cursos anteriores); mobles de exposición de libros de lectura; un caixón de xogos con rodas; e unha estantería con rodas con material diverso.

#### Difundir as actividades na páxina web do centro

Publicar na páxina web do centro artigos, para difundir actividades de Lingua Inglesa que se realicen no colexio.

#### Celebrar o EDL (European Day Of Languages).

Trátase da primeira actividade de Seccións Bilingües do curso. Celébrase en todos os niveis do colexio, nas materias de Lingua Inglesa e Educación Física, as actividades son distintas, segundo o nivel no que se desenvolvan (carteis de Europa, canción irlandesa, baile irlandés, canción dos saúdos en distintos idiomas, carteis con datos curiosos das linguas que se falan na comunidade europea ...).

#### Planificar actividades extraescolares de inmersión no idioma

As que xurdan ao longo do curso. Polo momento solicitouse a participación do alumnado de 5º e 6º de E.P na actividade de Teatro en inglés da Fundación ABANCA que en cursos anteriores sempre resultou ben e tivo boa acollida entre o alumnado. Ademais trátase da opción máis económica, que é un dos factores que se teñen en conta cando seleccionamos actividades.

#### Celebrar o Pride Month (mes do orgullo).

Esta celebración foi introducida polo Equipo de Seccións Bilingües para promover a inclusión, o respecto á diversidade, a aceptación e a tolerancia. As actividades planifícanse para todo alumnado do centro durante o mes de xuño.

#### Participar na revista escolar do centro "Pegadas"

Elaborarase un artigo para plasmar un resumo das actividades máis destacadas do curso.

#### Manter unha subscrición a algunha publicación anual/mensual, en lingua inglesa.

Nestes momentos estamos subscritos á revista "*I Love English*".

#### Participar en proxectos e actividades do centro propostas por outro equipos de dinamización.

Colaborar con outros equipos resulta enriquecedor e facilita o desenvolvemento dun conxunto de actividades que implican a máis dun equipo. Como é o caso da colaboración co Equipo da Biblioteca, xa nomeado.

#### Expoñer materiais e exhibir os traballos do alumnado

Para favorecer o estímulo visual, na aula, nos corredores, en cristaleiras ...

#### Solicitar programas de inmersión lingüística que se oferten.

Sempre que se adecúe ás características do noso alumnado e que sexa posible levalos a cabo, sendo consultados/informados e/ou presentados á aprobación do Claustro de profesorado e Consello Escolar.

### **3. DIFUSIÓN DO PLAN AO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

Este plan será difundido a toda a comunidade educativa como parte da PXA. Ademais, os artigos publicados na web e na revista Pegadas do centro informarán das actividades máis destacadas ao longo do curso.

### **4. PLAN DE AVALIACIÓN.**

- As reunións mensuais do equipo, ao longo do curso, servirán para ir analizando a progresión das actividades que queremos desenvolver.
- Ao final de curso faremos unha valoración xeral para ver que aspectos poden mellorarse e/ou que outras accións poden ser desenvolvidas ou ser tidas en conta no marco do programa.



## **ANEXO 3**

### **Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)**

***Departamento de Orientación***

### 1. INTRODUCCIÓN

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro escolar. A resposta educativa a esa diversidade debe estar recollida no Proxecto Educativo de centro, na coordinación docente, nas programacións, nas metodoloxías, nos recursos, nas medidas educativas e en todo o que contribúa a un maior desenvolvemento persoal e social do alumnado e a súa preparación para a vida en sociedade.

Tal e como se establece na *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado do centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación*; enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro (en adiante PXAD) recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

A concreción anual do PXAD será elaborada, para cada curso académico, polo Departamento de Orientación do centro docente. Esta proposta entregárase á dirección do centro para a súa incorporación á Programación Xeral Anual.

No presente documento recóllense, pois, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver (ordinarias e extraordinarias), os profesionais responsables de cada actuación, os alumnos/as ás que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

### 2. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES

A finalidade de que cada alumna e alumno acade o máximo desenvolvemento persoal e social posible, leva a que se lles proporcione unha educación adaptada ás súas características específicas, que lles garanta a igualdade de oportunidades e ofrezca os recursos e materiais necesarios. Isto acada maior relevancia cando falamos de alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), que é aquel que require dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, situación de vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar (atendendo ao establecido na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación e á Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

É preciso partir da identificación das necesidades reais do centro e da comunidade educativa para poder ofrecer unha resposta axeitada ás mesmas.

Previsión NEAE - curso 2025/26

ED. INFANTIL	4º	Retraso psicomotor e retraso global do desenvolvemento	1
	5º	En valoración por posible Trastorno do Espectro Autista	1
		Trastornos leves e moderados da comunicación e a linguaxe	2
		Retardo madurativo. Discapacidade Visual	1
6º	Trastornos leves da comunicación e a linguaxe	1	
	Atraso madurativo	1	
ED. PRIMARIA	1º	Dificultades nos procesos psicolóxicos básicos (atención e memoria).	1
		Vulnerabilidade socioeducativa	1
		Trastorno do Espectro Autista	3
		Atraso madurativo	1
		Trastornos leves da comunicación e a linguaxe	4
		Trastornos leves da comunicación e a linguaxe + vulnerabilidade	1
		Trastornos graves da comunicación e a linguaxe	1
		2º	Vulnerabilidade educativa + atraso académico
	Trastorno do Espectro Autista		2
	Trastornos leves da comunicación e a linguaxe		1
	Trastornos leves da comunicación e a linguaxe + condicións persoais		1
	TDAH		1
	Trastorno específico da aprendizaxe.		3
	3º	Vulnerabilidade educativa + atraso académico	1
		Altas capacidades Intelectuais	2
		TDAH + Trastorno específico da aprendizaxe asociado	2
		TDAH + Trastorno grave da comunicación e a linguaxe	2
		Trastornos leves da comunicación e a linguaxe	1
Incorporación tardía.		2	

	Discapacidade física e intelectual leve + TDAH	1
	Discapacidade física motora	1
	TEA+ TND+ TDAH	1
	TEA + TDAH + Discapacidade intelectual moderada	1
	Trastorno específico da aprendizaxe	1
	Trastorno de Espectro Autista con TDAH asociado.	1
	Trastorno específico da aprendizaxe + vulnerabilidade	1
	Vulnerabilidade socioe <sup>a</sup> + Trastornos leves da comunicación e linguaxe	1
	Trastorno de Espectro Autista con TDAH asociado.	1
	TDAH sen certificado de discapacidade.	2
4º	TDAH + Trastorno específico de aprendizaxe.	1
	Incorporación tardía	1
	Incorporación tardía + Atraso académico	1
	Trastorno específico de aprendizaxe + conduta	1
	Dificultades asociadas a diminución importante da agudeza visual.	1
	Outras condicións persoais	1
	Trastorno do Espectro Autista.	2
	TDAH sen certificado de discapacidade	3
	TDAH con certificado de discapacidade + TOC	1
	TDAH + Trastorno específico de aprendizaxe.	2
5º	TDAH + Trastorno específico de aprendizaxe + Desfase Curricular	1
	Trastorno específico de aprendizaxe compatible con dislexia.	1
	Trastorno específico de aprendizaxe	4
	Discapacidade intelectual + D. Motora + TDAH	1
	Trastorno do Espectro Autista.	1
	Trastorno específico de aprendizaxe	3
	TDAH sen certificado de discapacidade	2
	TDAH + Trastorno específico de aprendizaxe	1
6º	TDAH + Trastorno específico de aprendizaxe compatible con dislexia	1
	TDAH + Trastorno específico de aprendizaxe + Vulnerabilidade	2
	TDAH + Incorporación tardía + Desfase curricular	1
	Incorporación tardía + Desfase curricular	1
	Condicións persoais	2
	Pendientes de valoración por posibles Altas Capacidades	2

## **Necesidades educativas especiais (NEE)**

Enténdese por alumnado NEE, aquel que presenta necesidades educativas especiais ou que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade, trastornos graves de conduta ou da comunicación e da linguaxe.

Neste ámbito, no presente curso, temos que dar resposta e atención educativa a alumnado con:

- Discapacidade física: motora, outras.
- Discapacidade intelectual: leve, moderada, grave
- Discapacidade sensorial: auditiva, visual.
- Trastornos disruptivos do control dos impulsos e da conduta.
- Trastorno do espectro do autismo (TEA).
- Trastornos graves da comunicación e da linguaxe.
- Trastornos da personalidade.
- Trastornos motores. Trastornos de tics.

## **Atraso madurativo**

Alumnado que, en comparación co seu grupo de idade, amosa dificultades ou non ten adquiridas competencias que pola súa idade cronolóxica deberían estar conseguidas.

## **Altas capacidades intelectuais**

Alumnado cunha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

## **Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH).**

- Trastorno con déficit de atención.
- Trastorno con déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

## **Dificultades específicas de aprendizaxe**

Cando o rendemento do alumno/a, en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático, é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe e/ou amosa un nivel sensiblemente inferior á media.

## **Incorporación tardía ao sistema educativo**

Alumnado que por proceder doutros países ou por calquera motivo xustificable, se escolariza de xeito tardío no noso sistema educativo e presenta dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade.

## **Situación de vulnerabilidade socio-educativa e/ou cultural**

Alumnado que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de outra índole.

### 3. OBXECTIVOS

Co propósito de dar unha resposta axeitada á diversidade, e que esta non supoña un obstáculo para o desenvolvemento persoal e social do alumnado, e tomando como referencia a lexislación vixente, establécense os seguintes obxectivos:

#### ○ Obxectivos xerais

- Conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional facilitándolle unha educación adaptada ás súas singularidades.
- Poñer en valor a diversidade como un elemento enriquecedor para toda a sociedade.
- Ofrecer unha resposta educativa inclusiva e axeitada á diversidade do alumnado escolarizado no centro educativo, contemplando os axustes que sexan precisos.
- Potenciar actuacións coordinadas dos axentes implicados na atención á diversidade: *familias, alumnado, profesorado, persoas titoras, persoas orientadoras, profesorado de apoio, equipo directivo, recursos especializados,...*

#### ○ Obxectivos específicos

- Colaborar na prevención e procurar a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración, e poder dar unha resposta educativa rápida e eficaz.
- Recoller con claridade as posibles medidas de atención á diversidade para facilitar a participación activa de todo o equipo docente no estudo e na toma de decisións sobre as solucións máis axeitadas ás necesidades do alumnado.
- Planificar e desenvolver propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno ou alumna.
- Optimizar a organización e a utilización dos recursos persoais e materiais do centro para atender e dar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente ao que presenta necesidades específicas de apoio educativo ou necesidades educativas especiais.
- Contribuír ao desenvolvemento das diferentes vías de atención á diversidade: RE, avaliación psicopedagóxica, AC, elaboración de distintos materiais para atendelas NEE, etc.
- Establecer canles de colaboración entre o profesorado que intervén co alumnado con NEAE/NEE.
- Promover a implicación das nais, pais ou persoas titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- Favorecer a comunicación e colaboración con institucións ou organismos externos ao centro en especial cos institutos adscritos para asegurar a continuidade da atención ao alumnado NEAE.

#### 4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Está constituído, neste momento (estamos agardando que se nos adxudique unha persoa máis especialista en AL, dadas as necesidades do noso centro e as peticións realizadas) polo profesorado de PT e AL e a orientadora. Con carácter xeral as función deste equipo van dirixidas ás áreas de prevención, colaboración, intervención directa especializada e apoio ás familias.

- As funcións específicas, neste caso, da orientadora, son as establecidas na *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*.
- A participación da xefa do departamento de orientación nas sesións de avaliación respondera as súas competencias de asesoramento e apoio ao profesorado e asistirá ás mesmas con voz e sen voto.
- A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo cando se especifique no correspondente informe psicopedagóxico. Non será preciso informe psicopedagóxico no caso de dificultades da fala (dislalias) que serán valoradas polo Departamento de Orientación e atendidas polo profesorado de AL segundo dispoñibilidade horaria.
- De conformidade co *artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, a intervención deste profesorado está contemplada como unha das posibles medidas extraordinarias que se aplicarán logo de esgotadas as de carácter ordinaria ou por resultaren estas insuficientes.

## 5. PROGRAMACIÓNS E COORDINACIÓNS

A totalidade do Departamento de Orientación reunirse unha vez ao mes segundo calendario establecido pola xefatura de estudos. A convocatoria farase vía correo electrónico corporativo. Esta convocatoria incluírá os puntos da orde do día.

O equipo de traballo de orientación reunirse os martes de 17:00 a 17:45 despois da hora de titorías /atención a nais/pais que teñen establecida. Neste horario levaranse a cabo tamén, de ser precisas, reunións cos equipos docentes cara á revisión e toma de decisións conxuntas, sobre aspectos relacionados coa atención a algún alumno ou alumna; reunións informativas con determinados niveis educativos; reunións con Asociacións e Fundacións que teñan convenio coa Consellería e outros servizos externos que traballen co alumnado con NEAE.

É moi importante tamén manter unha liña de colaboración e participación coas familias. As familias do alumnado deberán compartir o esforzo educativo participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos das súas fillas e fillos.

Este centro promove a implicación das familias en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, especialmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, autoestima, participación e convivencia.

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

TIPO <sup>1</sup>	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
ORD	Elaboración dos grupos	Equipo directivo Profesorado titor do curso anterior DO	Todo o alumnado do centro	Xullo
ORD	Desdobrament o de grupos	Equipo directivo Profesorado titor do curso anterior DO	Grupos de especial dificultade	Xullo
ORD	Adecuación das programacións ao alumnado e ás características da súa contorna	Todo o profesorado	Todo o alumnado	Todo o curso

ORD	Diversificación e adaptación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación	Todo o profesorado DO	Alumnado repetidor/con áreas non superadas. Alumnado que ten que seguir protocolos	Conforme á evolución do alumno/a
ORD	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión	Todo o profesorado	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD	Reforzo educativo	Xefatura de estudos DO Profesorado titor. Profesorado de con dispoñibilidade horaria	ANEAE	Conforme á evolución do alumno/a
ORD	Programas de habilidades sociais e mellora da convivencia	Profesorado Titor Dirección Coord. Benestar e Convivencia	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD	Plan específico de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso	Equipo docente que toma a decisión Profesorado titor	Alumnado repetidor	Todo o curso
ORD	Enriquecemento curricular	Profesorado titor DO	AACC	Todo o curso

ORD	Aula de atención educativa e convivencia	Profesorado que derive Profesorado titor Profesorado de garda Xefatura de estudos DO	Todo o alumnado	Todo o curso
EXT	Apoio	DO Profesorado titor Profesorado de PT e AL	ANEAE	Conforme á evolución do alumno/a
EXT	AC	Xef. de estudos, orientadora, profesorado das distintas áreas e de apoio, especializado	ANEE Excepcionalmente ANEAE	Curso 2025/26
EXT	Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.	Profesorado titor	Alumnado de atención educativa hospitalaria	Conforme á evolución do alumno/a

Tipo<sup>1</sup>: ORD: medidas ordinarias EXT: medidas extraordinarias

**O profesorado especialista de PT e AL atende aos seguintes alumnos/as:**

ALUMNADO	PT	AL
APOIOS PT e AL		
EI	2	1
1º EP	2	2
2º EP	3	2
3º EP	5	5
4º EP	1	1
5º EP	7	6
6º EP	8	1
TOTAL	28	18

## **7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Tal e como se establece no *art. 75 da Orde do 8 de setembro de 2021*, o seguimento e a avaliación do PXAD realizarase, para cada curso académico, sobre a concreción anual do dito Plan.

Só se modificará o PXAD no caso de que as propostas de mellora, recollidas na memoria anual, así o consideren.

O seguimento será realizado trimestralmente, polo departamento de orientación. Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro e entregaranse á dirección do centro para a súa incorporación ao seguimento da PXA. Nos informes farase constar:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Organización dos recursos.
- Sobre cada unha das medidas programadas: grao de aplicación, adecuación ás necesidades, grao de implicación dos distintos axentes implicados, grao de satisfacción dos profesionais que interviñeron no seu desenvolvemento, grao de satisfacción do alumnado atendido e das familias e dificultades atopadas.

A avaliación da presente concreción realizarase ao finalizar cada curso escolar, por parte do departamento de orientación. O informe darase a coñecer ao claustro e entregarse á dirección para a súa incorporación á memoria anual. Neste informe quedará reflectido o seguinte:

- Modificacións introducidas ao longo do curso.
- Información dos diferentes niveis educativos aportada polos coordinadores de ciclo.
- Información achegada polo profesorado de PT e AL.
- Información achegada pola xefatura do departamento de orientación.
- Propostas de mellora.

A supervisión dos procesos de elaboración, desenvolvemento e avaliación do PXAD e da súa concreción anual corresponde aos servizos territoriais de Inspección Educativa. Igualmente, corresponde a eses servizos o asesoramento que precise o centro docente para eses procesos (*art. 76 da Orde do 8 de setembro de 2021*).

## **8. ANEXOS**

Incluiránse os ANEXOS do curso pasado con modificacións nos ANEXO IV que pasarán a ser:

- ANEXO IV-A: PROTOCOLO DE DEMANDA DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA PARA E.I
- ANEXO IV-B: PROTOCOLO DE DEMANDA DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA PARA E.P



## ANEXO 4

### Plan Anual de Lectura

*Equipo de Biblioteca*

### 1. FUNDAMENTOS

No decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia especificábase que:

- Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
- Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promoverla como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Na Orde do 26 de maio de 2023:

- Art. 10 sobre Métodos Pedagóxicos: para fomentar a lectura e a comunicación dedicarase un tempo diario á lectura nos termos establecidos na concreción curricular e á práctica da oratoria.
- Art. 12 sobre Plan de Lectura: terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción da información, en apoio á adquisición das CC.
- Art. 13 sobre Plan de Biblioteca: terá por finalidade a promoción da BE como centro de referencia de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

Polo tanto, o presente Plan Anual de lectura supón un esforzo de sistematización e coordinación da ensinanza da lectura e, consecuentemente, tamén da escritura entre toda a comunidade educativa.

*A súa finalidade é que o alumnado acade, de acordo á súa idade e nivel evolutivo, unha serie de habilidades durante o presente curso 2025-26, para comprender, reflexionar e interactuar cos textos de diferente tipoloxía e formatos.*

### 2. ANÁLISE DAS DIFICULTADES DETECTADAS

As familias que acoden ao centro pertencen, na súa maioría, a un nivel socioeconómico medio-alto, e amosan un alto grao de implicación no desenvolvemento educativo das súas fillas e fillos. Así o reflicten os datos recollidos nas enquisas realizadas, onde se constata que colaboran activamente tanto no seguimento do proceso lector como nas rutinas diarias dos seus menores, así como na organización do seu tempo de lecer. Esta implicación familiar constitúe un factor moi positivo, pois diferentes estudos destacan a relevancia da participación das familias como elemento clave na mellora do rendemento académico e no fomento da motivación polo coñecemento.

Cómpre salientar tamén que existe unha minoría de familias procedentes do estranxeiro e pertencentes a minorías étnicas, o que introduce unha diversidade cultural enriquecedora no centro. Esta realidade esixe

tamén unha resposta pedagóxica adaptada que favoreza a inclusión e o respecto pola diversidade, garantindo a equidade no acceso á aprendizaxe e ás oportunidades educativas.

Con todo, unha das dificultades máis relevantes neste curso é a escaseza de profesorado, unha situación que afecta directamente á planificación e á execución das actividades propostas no marco do Proxecto Lector. Esta carencia tradúcese nun aumento da carga horaria do profesorado existente, o que pode incidir negativamente na calidade da atención educativa, na coordinación entre ciclos e etapas, e na continuidade e coherencia do proxecto educativo.

Neste contexto, vese necesaria unha revisión e mellora das accións que se veñen desenvolvendo, fundamentada en varias razóns pedagóxicas:

En primeiro lugar, detéctase a ausencia dun proxecto lector plenamente estruturado, que contemple de maneira planificada a diversidade de tipos de texto, xéneros discursivos e situacións comunicativas reais nas que o alumnado precise utilizar a linguaxe escrita. Un enfoque global e integrador permitiría traballar tanto a comprensión como a produción escrita desde unha perspectiva funcional e significativa, conectando coas necesidades comunicativas reais do alumnado e coa vida cotiá.

Ademais, desde o punto de vista metodolóxico, é preciso reforzar aspectos como a realización de inferencias durante a lectura e a ampliación do vocabulario, elementos fundamentais para a comprensión textual profunda. A competencia lectora debe ir máis alá da decodificación literal, favorecendo a interpretación, a análise crítica e a reflexión sobre os textos.

En relación aos resultados, obsérvase que a comprensión lectora presenta mellores niveis que a expresión escrita. Esta diferenza evidencia a necesidade de traballar máis intensamente a produción escrita, con estratexias que promovan a planificación, redacción, revisión e reescrita dos textos, fomentando unha escritura funcional, creativa e adaptada ás distintas situacións comunicativas.

Por outra banda, cómpre sinalar que a integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) nas estratexias lectoras está xa consolidada no centro. O uso das TIC, xunto co aumento progresivo do tempo dedicado á lectura diaria, constitúe unha das melloras máis destacables. Estes avances permiten traballar a competencia en comunicación lingüística de forma máis dinámica e motivadora, adaptándose aos intereses do alumnado e aos desafíos da sociedade actual.

En definitiva, a situación actual require unha reflexión compartida e un compromiso colectivo para avanzar cara a un modelo lector máis integral, equitativo e adaptado á diversidade do alumnado, que contribúa ao desenvolvemento pleno das competencias clave no marco dun ensino de calidade.

### **3. OBXECTIVOS E CONTIDOS PARA O PRESENTE CURSO.**

Os obxectivos e contidos para este vindeiro curso están recollidos nas distintas programacións de cada nivel educativo, así como no proxecto da biblioteca.

### **4. ÁMBITOS DE APLICACIÓN DO PLAN DE LECTURA**

#### **NAS AULAS**

Será responsabilidade do profesorado integrar a lectura nas súas programacións didácticas como ferramenta fundamental para a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo, e como medio de lecer. Esta responsabilidade abrangue o tratamento da lectura tanto como instrumento de aprendizaxe nas diferentes áreas curriculares como unha práctica cultural que contribúe á

formación integral do alumnado. A través desta integración, preténdese mellorar a competencia lectora, consolidar o hábito lector e fomentar o pracer pola lectura, aspectos esenciais para o éxito escolar e para a formación de cidadáns autónomos e reflexivos.

Así mesmo, o profesorado será quen determine a variedade e diversidade dos textos a empregar nas distintas materias, asegurando unha selección que contemple diferentes tipoloxías textuais, xéneros discursivos, soportes e temáticas. Esta diversidade responde á necesidade de atender os distintos intereses, niveis de competencia e estilos de aprendizaxe do alumnado. Ademais, cada nivel educativo propondrá unha serie de libros de lectura obrigatoria, que serán traballados de forma sistemática durante o curso académico, garantindo unha progresión axeitada nas habilidades lectoras.

Dentro da organización diaria, cada titoría reservará un tempo específico para a realización de actividades de fomento da lectura e da escritura. Este espazo terá un carácter dinámico e flexible, no que se porán en práctica diferentes metodoloxías activas: lectura silenciosa sostida, lecturas guiadas e en voz alta, presentación e recomendación de materiais, dramatizacións, proxectos colaborativos, adestramento na fluidez lectora, entre outras. Estas actividades, ademais de reforzar a competencia comunicativa, contribúen ao desenvolvemento da imaxinación, a empatía, a autoestima e a capacidade de expresión do alumnado.

Paralelamente, establecerase unha sesión semanal para o uso da biblioteca escolar por parte de cada nivel. Durante este tempo, realizaranse actividades de préstamo, animación á lectura e formación de usuarios, co obxectivo de dotar ao alumnado das competencias necesarias para utilizar a biblioteca como un espazo de aprendizaxe autónoma. Ensinaráselles a localizar, seleccionar e utilizar adecuadamente os recursos dispoñibles, favorecendo así a súa autonomía na busca e uso da información.

Desde a biblioteca, deseñárase un programa de formación de usuarios adaptado a cada etapa educativa, cun enfoque progresivo e competencial. Este programa incluírá actividades específicas que lles permitan coñecer o funcionamento da biblioteca, os distintos tipos de materiais, os criterios de busca e selección de información, e o uso ético das fontes, aliñándose co desenvolvemento da competencia dixital e informacional.

#### NA BIBLIOTECA.

Está recollido no Plan anual da biblioteca

#### AO RESPECTO DAS FAMILIAS.

Está recollido no Plan anual da biblioteca

#### OUTROS ÁMBITOS.

- Tamén traballar con outras institucións, na posta en práctica de actividades que desenvolvan actitudes críticas que impliquen "Aprender a pensar" desde a biblioteca escolar.
- Desenvolveranse actividades conxuntas co equipo do plan dixital a prol da lectura e da busca de información; así por exemplo, elaborárase un proxecto sobre como buscar de xeito eficiente na rede e colgarase información en códigos QR, e programárase actividades de robótica a prol do fomento da lectura. Tamén contaremos co seu asesoramento para o desenvolvemento dunha biblioteca creativa.

- Por outra banda, o **Proxecto Documental Integrado (PDI)** previsto para o presente curso, titulado *"Eu medrei no López Ferreiro"*, constitúe unha oportunidade didáctica significativa para que o alumnado descubra a lectura e a escritura como ferramentas polivalentes, útiles e con presenza real nas súas vidas. Este proxecto, que toma como fío condutor a historia e memoria do propio centro educativo, propón unha metodoloxía activa e interdisciplinar, centrada na investigación, na creación de contidos e na comunicación, favorecendo así unha aprendizaxe contextualizada, significativa e funcional. Ao partir da realidade próxima —a historia do centro e das persoas que por el pasaron— o alumnado constrúe coñecemento conectando o pasado co presente, ao tempo que desenvolve competencias clave de maneira integrada. Un dos aspectos máis innovadores deste proxecto é a incorporación das ferramentas transmedia como recurso didáctico. A narrativa transmedia permite que o alumnado explore e comunique os contidos a través de múltiples linguaxes, formatos e soportes: vídeos, podcasts, infografías, textos escritos, liñas do tempo interactivas, redes sociais ou exposicións audiovisuais. Desta maneira, a lectura e a escritura deixan de percibirse como actividades pechadas e illadas, para converterse en prácticas comunicativas vivas, creativas e adaptadas á sociedade actual. Con esta proposta, preténdese non só mellorar a competencia lectora e escritora, senón tamén fomentar a alfabetización mediática e dixital, a capacidade de seleccionar e reelaborar información, e a expresión crítica e creativa. Ao mesmo tempo, este proxecto promove o traballo colaborativo, a toma de decisións, o sentido da responsabilidade e o orgullo de pertenza ao centro educativo, aspectos fundamentais para a formación integral do alumnado. O Proxecto documental Integrado é, por tanto, unha proposta pedagóxica que exemplifica como os proxectos documentais integrados poden conectar os obxectivos curriculares coa realidade do alumnado e co uso significativo das TIC, dando lugar a experiencias educativas motivadoras, profundas e transformadoras.
- Desde o equipo da biblioteca e o departamento de orientación, ofreceranse ás titorías recursos para traballar técnicas lectoras en formato dixital.
- Seguirá a colaboración entre o centro e o Concello no que respecta a programación de saídas teatrais, obradoiros de lectura e ilustración, exposicións...
- Seguirase a colaborar coa biblioteca pública Ánxel Casal, participando en actividades de dinamización lectora que a propia biblioteca programe.

## **5. METODOLOXÍA E TRATAMENTO DA DIVERSIDADE.**

Para chegar a ser un lector ou lectora competente, é imprescindible contar cunha base sólida de coñecementos e habilidades que comezan a desenvolverse dende os primeiros anos de escolarización, especialmente na etapa de Educación Infantil. Estes primeiros aprendizaxes actúan como precursores clave no proceso de adquisición da lectoescritura. Se estes prerequisites non están ben consolidados, é moi probable que as nenas e os nenos atopen dificultades tanto na lectura como na escritura ao avanzar no seu percorrido académico.

Tradicionalmente, considerábanse fundamentais certas capacidades relacionadas co desenvolvemento psicomotor e perceptivo, como a orientación espacial, o esquema corporal, a lateralidade, a coordinación

óculo-manual, a organización temporal, así como a memoria e discriminación visuais. Estes aspectos seguen sendo importantes, pois permiten ao alumnado situarse no espazo, recoñecer formas, seguir unha orde secuencial e manexar o corpo con precisión, habilidades todas elas imprescindibles para a lectura e a escritura.

Non obstante, as aportacións das teorías pedagóxicas e neuroeducativas máis actuais engaden a esta base o papel dos preditores da lectura e das chamadas habilidades facilitadoras, que permiten unha aprendizaxe máis eficaz e natural da linguaxe escrita. Entre os principais preditores, destacan a conciencia fonolóxica, é dicir, a capacidade para identificar e manipular os sons da linguaxe, así como o recoñecemento oral de fonemas e sílabas e o coñecemento do nome das letras, que constitúen a base da correspondencia grafema-fonema.

Pola súa parte, as habilidades facilitadoras poden clasificarse en catro grandes áreas:

1. **Procesos cognitivos**, como a atención sostida, a discriminación auditiva e a memoria a curto e longo prazo, esenciais para manter o foco lector e reter información.
2. **Habilidades lingüísticas**, que inclúen o desenvolvemento da linguaxe oral, o enriquecemento do vocabulario e a capacidade de comprensión, como paso previo á comprensión lectora.
3. **Habilidades metalingüísticas**, como a conciencia sobre a estrutura da linguaxe, a segmentación de palabras, sílabas e fonemas, e o coñecemento das funcións comunicativas da lectura.
4. **Estimulación de experiencias previas relacionadas coa lectura e a escritura**, que fomentan o interese, a motivación e o vínculo emocional co mundo dos libros.

Todos estes aspectos serán abordados e compartidos co profesorado titor a través do Equipo da Biblioteca e do Departamento de Orientación, co obxectivo de asegurar unha intervención educativa coordinada e coherente dende idades temperás. A clave está en crear un entorno alfabetizador rico, tanto na aula como na casa, onde a lectura e a escritura teñan presenza real, significativa e afectiva.

Para acadar este propósito, promoverase unha aprendizaxe da lectoescritura que resulte amena, motivadora e adaptada aos intereses do alumnado. Entre as propostas metodolóxicas destacan actividades como a escoita de contos na aula e na biblioteca, o diálogo en asemblea sobre as historias lidas, a ilustración de contos, a participación en espectáculos de contacontos, os xogos didácticos, ou o uso de cancións e rimas tradicionais, que favorecen a conciencia fonolóxica de forma lúdica. Ademais, as novas tecnoloxías serán empregadas como ferramentas facilitadoras, ampliando os formatos e canles de acceso á lectura e potenciando o desenvolvemento do hábito lector.

Igualmente, fomentárase a colaboración das familias neste proceso. Transmitiráselles a importancia de compartir momentos de lectura cos seus fillos e fillas, como unha oportunidade non só de aprendizaxe, senón tamén de afecto e comunicación. A recomendación de ler contos en voz alta no fogar, visitar bibliotecas públicas ou participar en clubs de lectura infantís contribuirá a crear un contexto familiar que valore e estimule a lectura.

Neste ámbito insírese tamén a actividade das "Mochilas viaxeiras", que levan ás casas materiais de lectura e propostas para compartir en familia, así como os obradoiros de lectura con familias, que fortalecen a relación entre escola e fogar, xerando comunidade lectora e fomentando a corresponsabilidade educativa.

### ACTIVIDADES para todos os niveis:

- Creación de contos.
- Observación de láminas de linguaxe.
- Lectura de imaxes (nomear a imaxe).
- Lectura de imaxes (sons vocálicos).
- Lectura de imaxes (sons fonéticos consonánticos).
- Coñecemos palabras novas por medio das láminas de Linguaxe. Diálogos na asemblea sobre contos lidos, escoitados,....
- Explicación do conto: vocabulario, tempos, onomatopeas, ...
- Descubrir e dialogar sobre as emocións e sentimentos que aparecen no conto. Iniciación á lectura de contos.
- Escribir palabras que aparecen nos contos: títulos, nomes,... Debuxo de contos.
- Representación das accións dos contos. Imitación dos personaxes dos contos.
- Asistir a proxección de videocontos. escoitar audiocontos.
- Asistir a espectáculos de contacontos.
- Asistir a representacións teatrais.
- Uso do recanto da lectura.
- Utilización da biblioteca de aula.
- Dramatizacións de contos lidos, vistos, ....
- Lectura de contos e debuxo dos personaxes.
- Lectura contos e realización dos personaxes en diferentes materiais (plastilina, barro, papel,..).
- Realización do decorado para a representación do conto. Exercicios de recordo.
- Exercicios para ampliar o campo visual físico.
- Actividade de “Mochilas viaxeiras” organizada polo equipo de Biblioteca do centro.
- Participación na sesión de media hora diaria dedicada á potenciación da lectura, ao igual que o resto do alumnado do colexio.

Para desenvolver a **capacidade lectora durante a etapa de educación primaria** haberá que sistematizar unha serie de estratexias en todos os niveis:

- Actividades de comprensión e velocidade lectoras, en fichas, na web ou nos cadernos.
- Lecturas en voz alta.
- Lecturas individuais e en silencio.
- Lecturas noutros soportes (carteis, anuncios, prospectos, folletos, soportes dixitais...)
- Procura de información, tanto sobre aspectos concretos, datos especiais, como para o Proxecto Documental Integrado.
- Programación de itinerarios lectores para cada nivel.

**Establécense uns principios metodolóxicos** para traballar as lecturas, polo que remitimos a el para non resultar reiterativos, pero sen esquecer que sempre hai que seguir tres principios:

#### Antes da lectura:

- Propoñer hipóteses de lectura, deducións (análise das ilustracións, deseño editorial...), antes

de pasar aos textos.

- Establecer predicións sobre o texto e fomentar preguntas sobre el, relacionándoo co que xa coñecen.
- Lectura expresiva polo profesor.

#### Durante a lectura:

- Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva.
- Tratamento do vocabulario.
- Análise dos textos (personaxes, marco, estrutura...).
- Producción escrita de textos para completar; reescritura segundo diversos criterios...

#### Despois da lectura:

- Busca da idea principal, elaboración de resumos, formulación e resposta de preguntas (preguntas de resposta literal; preguntas para deducir; preguntas de elaboración persoal...)
- Producción de textos escritos en distintos formatos e respectando a tipoloxía de cada xénero. Potenciar a divulgación destes textos (murais, foros, revista escolar...)
- Realización de actividades que desenvolvan a creatividade e o pensamento diverxente, que formen lectores críticos e que desenvolvan a afectividade.
- Acostumar ao alumnado a reler os seus textos e potenciar o uso do dicionario.

#### Aspectos a ter en conta polo profesorado:

- Falar dos libros: motivar conversas sobre os libros lidos, fomentar as recomendacións entre os lectores...
- Programar variedade de actividades de distintos xéneros literarios e en distintos formatos.
- Realizar sistematicamente lecturas expresivas.
- Procurar que o alumno non silabee durante o proceso de lectura, e programar sistematicamente actividades de comprensión lectora.
- Facer que todas as lecturas a nivel de aula sexan en voz alta, coidando a entoación lectora segundo a tipoloxía de texto e procurando que participe todo o alumnado (lecturas por puntos, por párrafos, a nivel de pequenos grupos...)
- Ler en voz alta o comezo dun libro ou dun capítulo, poema, fragmento motivador...
- Intentar que o alumno supere o sentido do ridículo e prestar unha atención especial aos tímidos, facilitando que pregunten e animándoos á participación.
- Programar actividades escritas que faciliten o pensamento diverxente e que teñan unha finalidade (escribir a alguén, editar na páxina do centro, realización de libros colectivos, murais...), e promover actividades lúdicas de expresión escrita sobre os textos lidos.
- Presentar páxinas web, revistas ou páxinas especializadas dos xornais onde poden atopar información sobre literatura infantil e xuvenil.
- Integrar os intereses máis próximos do alumnado (deporte, actualidade, música, informática....) nas actividades de lectura e busca de información.
- Xogar con elementos motivadores como o misterio, o descoñecido, o inaccesible...Por exemplo, a técnica de “prohibir” temporalmente a lectura dalgún título.

- Propoñer e organizar proxectos documentais integrados ou temáticos, de carácter interdisciplinar, nos que se conxuga o fomento da lectura de todo tipo de textos coa busca documental e a elaboración de traballos e produción de materiais informativos ou literarios.
- Cando se empreguen recursos audiovisuais, elaborar actividades didácticas e guións para facilitar a interpretación dos códigos verbais e non verbais.
- Crear un clima de silencio e atención.

## **6. TRATAMENTO DA DIVERSIDADE**

### **Atención ás dificultades lectoras: detección e intervención no Plan de Lectura**

No marco do noso Plan de Lectura, é fundamental atender ás dificultades máis frecuentes que o alumnado presenta durante o proceso lector, que poden afectar tanto o ritmo e a precisión da lectura como a comprensión dos textos. Estas dificultades acostuman estar interrelacionadas coa expresión escrita, polo que a intervención debe ser integral e adaptada ás necesidades individuais.

O profesorado debe estar capacitado para identificar as manifestacións máis habituais destas dificultades, que inclúen:

- Lentitude lectora en comparación co nivel esperado para a idade e curso.
- Lectura rápida que dificulta a comprensión, con finais ou partes inintelixibles.
- Silabeo excesivo ou inadecuado.
- Lectura baseada na adiviñación ou non realista.
- Ritmo disrítmico, descoidando a puntuación ou facendo pausas inadecuadas.
- Fragmentación anómala de sílabas ou palabras.
- Repetición, omisión ou supresión de letras ou sílabas.
- Inclusión sen xustificación de letras ou sílabas.
- Substitución, inversión ou rotación de letras.

En relación coa comprensión lectora, as dificultades máis comúns son:

- Dificultades para achegarse á situación comunicativa do texto.
- Problemas na comprensión e retención da información.
- Dificultade para distinguir ideas principais e secundarias.
- Falta de uso de estratexias como predición, recapitulación e inferencias.

### **Estratexias de intervención educativa**

O Plan de Lectura establece que, partindo do nivel individual do alumnado, o profesorado seleccionará materiais e textos variados e adecuados ás necesidades, intereses e habilidades lectoras de cada estudante. As accións recomendadas inclúen:

- Descompoñer os textos para facilitar a comprensión significativa, evitando a simple memorización.
- Verificar continuamente a comprensión real por parte do alumnado.
- Traballar o vocabulario, fomentando a dedución do significado polo contexto e o uso do dicionario.
- Promover a utilización de textos de lectura fácil.
- Crear un ambiente de aula que promova a formulación de preguntas e consultas, respectando a

diversidade de ritmos e estilos de aprendizaxe.

### **Fomento do hábito e da cultura lectora**

O Plan de Lectura considera imprescindible transmitir ao alumnado que a lectura, aínda que requira esforzo, é unha actividade gratificante e enriquecedora. Para iso, promoverase a práctica regular da lectura en voz alta, que favorece a comprensión, a dicción, a expresión oral e a seguridade persoal.

### **Coordinación e recursos de apoio**

O tratamento das dificultades lectoras iniciarase de forma inmediata tras a súa detección polo profesorado. O Departamento de Orientación asesorará sobre as medidas correctoras e coordinará os recursos dispoñibles, incluíndo o profesorado de apoio.

Ademais, o Plan contempla o uso de recursos dixitais e actividades complementarias dispoñibles no blog da biblioteca escolar, que poden ser empregados tanto por docentes como por familias para reforzar a aprendizaxe da lectura.

AVALIACIÓN. A avaliación constitúe un compoñente fundamental no desenvolvemento do Plan de Lectura, pois permite non só medir o grao de adquisición da competencia lectora senón tamén orientar a intervención educativa de xeito individualizado e sistemático. Esta avaliación debe adaptarse ás características propias de cada etapa educativa, tendo en conta os obxectivos e os procesos específicos que se traballan en Educación Infantil e Primaria.

### **Educación Infantil**

Nesta etapa inicial, a avaliación céntrase en sentar as bases para o desenvolvemento da competencia lectora, valorando aspectos previos e actitudes que son fundamentais para o proceso lector futuro. Os criterios de avaliación inclúen:

- **Actitude positiva cara á aprendizaxe das linguas oficiais**, fomentando a motivación intrínseca e o interese pola lectura e a escritura.
- **Interese polos textos escritos** traballados na aula e na biblioteca, promovendo a curiosidade e a aproximación aos materiais impresos e dixitais.
- **Participación activa nas situacións de lecto-escritura** xeradas no contexto escolar, que facilitan a experiencia directa e significativa coa lingua escrita.
- **Uso respectuoso e coidado dos libros e materiais**, valorando a biblioteca como un espazo de aprendizaxe e entretemento e respectando as normas de convivencia.
- **Adquisición e uso progresivo do vocabulario** introducido no ámbito escolar, recoñecendo a importancia do léxico como base para a comprensión lectora.
- **Implicación nas actividades do proxecto da biblioteca** e interese polas producións dixitais como ferramentas de acceso e creación de contidos.

A avaliación en Infantil realizarase mediante a observación sistemática e cualitativa do comportamento e a participación do alumnado, así como a través da recollida de evidencias nas rutinas e actividades propostas.

### **Educación Primaria**

Na etapa de Educación Primaria, a avaliación do proceso lector adquire un carácter máis sistemático e funcional, orientado á detección precoz de dificultades e á adaptación das medidas de atención

educativa. O profesorado realizará a avaliación dentro da área de Lingua, implicando ao alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, promovendo a metacognición e a autoavaliación.

Os aspectos centrais a valorar son:

- **Percepción do texto**, incluíndo a decodificación, a fluidez e a velocidade lectora, considerando os estándares evolutivos para cada curso.
- **Grao de comprensión lectora**, analizando a capacidade para realizar predicións, inferencias, sínteses, e identificar ideas principais e secundarias.
- **Habilidade para autorregular o proceso de comprensión**, fomentando estratexias metacognitivas que melloren a autonomía lectora.
- **Actitude e implicación nas actividades lectoras**, tendo en conta a motivación, o interese e a participación activa.

Para a avaliación empregárase unha combinación de instrumentos que permitan recoller datos cualitativos e cuantitativos, entre os que destacan:

- Observación directa e rexistro sistemático de datos (diarios de lectura).
- Cuestionarios e entrevistas orientados a avaliar hábitos, actitudes e coñecementos previos, así como o nivel de comprensión posterior á lectura.
- Análise do traballo e produción do alumnado en actividades específicas de lectura e escritura.
- Probas específicas, como resumos, exposicións orais, cuestionarios de comprensión e probas estandarizadas de eficacia lectora.
- Seguimento e participación nos recursos dixitais do centro, como blogs e páxinas web, onde o alumnado poderá expresar opinións e realizar comentarios críticos sobre as lecturas.

### **Indicadores de logro e seguimento**

Para medir a efectividade das accións do Plan de Lectura, estableceranse indicadores concretos, entre os que se consideran:

- A velocidade lectora alcanzada, comparada cos estándares evolutivos recomendados para cada nivel.
- O nivel de satisfacción e uso da biblioteca, avaliado mediante enquisas anuais dirixidas ao profesorado, alumnado e familias.
- O nivel de comprensión lectora, avaliado mediante baterías de lecturas específicas aplicadas en 2º, 4º e 6º curso.
- A análise dos resultados das avaliacións diagnósticas e das probas académicas oficiais.

A recollida e análise destes datos reflectiranse nas memorias anuais de centro, especialmente na memoria da biblioteca escolar, servindo como base para o establecemento de axustes e melloras no plan lector e nas intervencións educativas.



XUNTA  
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS  
LÓPEZ FERREIRO

## ANEXO 5

### Plan de Biblioteca

*Equipo de Biblioteca*

## 1. INTRODUCCIÓN

A biblioteca do colexio de Educación Infantil e Primaria é un espazo fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado, tanto no ámbito académico como no socioemocional. Este espazo debe ser deseñado e organizado de acordo cos marcos legislativos vixentes que regulan a educación en Galicia, co fin de garantir que se poidan alcanzar os obxectivos educativos establecidos tanto no nivel estatal como autonómico.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 113, establece que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros. Esta Lei establece os principios xerais da educación en España, promovendo a equidade, a inclusión e a calidade no ensino.

As Ordes que desenvolven os Decretos que regulan a ordenación e os currículos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un Plan de Lectura e un Plan de Biblioteca. Na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro das accións de mellora da comprensión lectora contempladas no Plan MEGA, ese Plan de lectura pasa a denominarse Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (en diante, PLEA). Unha liña prioritaria do Plan MEGA é vincular a biblioteca escolar como facilitadora, mediadora, de todas as actuacións establecidas no PLEA, en concreto no tempo de lectura / Hora de ler.

En prol da mellora da comprensión lectora do alumnado, a biblioteca concibirase como o espazo mediador das lecturas no centro polo que será o “núcleo” da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa; con este fin poderá deseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura que teñan en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.

Tendo en conta o anterior, este curso 2025-2026, ao cumprírense os 50 anos de funcionamento do CEIP López Ferreiro, no edificio no que nos atopamos, propoñemos como proxecto de busca de información documental (PDI) a iniciativa titulada "Eu medrei no López Ferreiro", un proxecto que busca recoller, preservar e valorar a historia do centro a través das experiencias, lembranzas e achegas de antigos e actuais membros da comunidade educativa.

A elección deste proxecto responde á vontade de conmemorar un fito significativo na historia do centro e de ofrecer ao noso alumnado a oportunidade de conectar co legado do López Ferreiro. A través deste proxecto, o alumnado poderán investigar sobre a evolución do centro ao longo das décadas, coñecer as vivencias e anécdotas de ex-alumnos e profesores, así como o impacto que o centro tivo na comunidade local.

O proxecto tamén favorece o desenvolvemento de competencias clave no ámbito da busca de información, a análise crítica de fontes documentais e a creación de contidos para transmitir a historia dun lugar que é parte do patrimonio e identidade da nosa cidade. A través desta experiencia, os alumnos aprenderán a valorar a importancia da memoria colectiva, ao tempo que fortalecerán o sentido de pertenza e orgullo pola nosa escola.

Ademais, ao involucrar á comunidade educativa no proceso (a través de entrevistas, investigación de arquivos, ou recollida de testemuños), este proxecto fomenta a colaboración interxeracional e permite que as novas xeracións coñezan o valor das tradicións e da historia do seu propio centro educativo.

En resumo, "Eu medrei no López Ferreiro" é unha oportunidade para consolidar os lazos entre os membros actuais e os antigos do centro, ao tempo que se impulsa a aprendizaxe activa, a investigación histórica e o desenvolvemento de habilidades de comunicación. A celebración destes 50 anos convertirá, sen dúbida, o presente curso, nunha valiosa lembranza para toda a comunidade educativa.

## **2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN**

Para o presente curso 2025-2026, establécense as seguintes liñas prioritarias de actuación para a biblioteca escolar "Helena Villar Janeiro", co fin de garantir que se converta nun recurso educativo eficaz, inclusivo e dinámico, que apoie tanto o proceso de ensino-aprendizaxe como o desenvolvemento integral do alumnado:

### Estratexias para o fomento da lectura.

O desenvolvemento de proxectos de dinamización lectora constitúe unha das liñas prioritarias para fomentar o hábito lector e o pracer pola lectura entre o alumnado, en coherencia cos obxectivos pedagóxicos da biblioteca escolar como espazo educativo activo e integrador. Estes proxectos deben artellarse arredor de propostas que estimulen a participación, a creatividade e a autonomía lectora, tales como a creación de clubs de lectura adaptados ás diferentes idades e intereses, onde o alumnado poida compartir impresións, reflexionar e dialogar arredor dos libros, contando mesmo coa implicación das familias como parte activa do proceso.

Ademais, promoveranse actividades como contacontos —realizados polo profesorado, polo propio alumnado ou por profesionais externos—, concursos literarios orientados a estimular a expresión escrita e a creatividade, e iniciativas vinculadas ás efemérides do calendario escolar, como o Día do Libro, o Día da Poesía ou o Día das Bibliotecas. Estas accións contribuirán a converter a biblioteca nun espazo vivo, participativo e emocionalmente significativo, que favoreza a implicación de toda a comunidade educativa e fortaleza o vínculo co libro e coa lectura como fontes de pracer e coñecemento. Neste marco, resulta tamén esencial promover unha lectura inclusiva e diversa, que contemple a presenza equilibrada de materiais en galego e castelán, así como noutras linguas presentes no contexto sociolingüístico do alumnado, recoñecendo e respectando a diversidade lingüística e cultural como elemento enriquecedor da práctica educativa. Para garantir a viabilidade e o impacto destes proxectos, é necesario reforzar a dotación da biblioteca mediante a adquisición dunha ampla variedade de materiais que contribúan ao fomento da lectura, á aprendizaxe activa e ao desenvolvemento das competencias clave. Priorizaranse obras de literatura infantil e xuvenil adaptadas ás distintas idades e intereses, tanto de ficción como de non-ficción, incluíndo libros ilustrados, cómics, textos informativos e obras en formatos accesibles, como

lectura fácil ou libros adaptados a necesidades específicas. Asemade, introducíranse materiais lúdico-educativos, como xogos de mesa cooperativos, recursos manipulativos e kits de iniciación científica que favorezan o pensamento lóxico, a experimentación e a socialización, ampliando así a función tradicional da biblioteca como mero centro de lectura. En paralelo, promoverase a alfabetización dixital e o desenvolvemento do pensamento computacional mediante a incorporación progresiva de kits de robótica educativa, dispositivos interactivos e software didáctico adaptado a cada etapa. Con esta proposta integradora e multidimensional, a biblioteca escolar aspira a consolidarse como un espazo dinámico, innovador e inclusivo, ao servizo dunha educación competencial, equitativa e de calidade, onde a lectura e o acceso ao coñecemento sexan dereitos efectivos e compartidos por todo o alumnado.

#### Estratexias para o desenvolvemento da competencia dixital.

A integración das novas tecnoloxías na biblioteca escolar constitúe un eixo estratéxico para dar resposta ás necesidades educativas actuais e favorecer unha aprendizaxe significativa, crítica e contextualizada. A biblioteca, como espazo educativo en transformación, debe incorporar recursos dixitais que amplíen as posibilidades de acceso á información, á creación de contidos e á investigación autónoma por parte do alumnado. Para iso, resulta imprescindible dotar este espazo dunha infraestrutura tecnolóxica axeitada —con conexión á rede, equipos actualizados e dispositivos accesibles— que garanta o funcionamento eficaz das ferramentas dispoñibles e asegure a igualdade de oportunidades no seu uso. Estes recursos non deben entenderse unicamente como soporte técnico, senón como instrumentos pedagóxicos ao servizo do desenvolvemento de competencias clave, en particular da competencia dixital e informacional. Neste contexto, o fomento da alfabetización dixital adquire unha relevancia central, entendida non só como a capacidade para manexar ferramentas tecnolóxicas, senón como o conxunto de habilidades cognitivas, procedementais e éticas necesarias para buscar, seleccionar, interpretar e avaliar información procedente de fontes dixitais diversas. Para garantir este enfoque, é necesario deseñar programas formativos específicos e obradoiros que capaciten ao alumnado para distinguir entre información fiable e non fiable, recoñecer a veracidade das fontes, identificar os riscos da desinformación e actuar con responsabilidade no uso dos recursos en liña. Así mesmo, débese poñer énfase na educación para a cidadanía dixital, promovendo o respecto polos dereitos de autor, a protección dos datos persoais, o uso seguro das redes sociais e a prevención de condutas de risco asociadas ao uso de internet.

Nunha dimensión máis activa e creativa, a biblioteca pode e debe fomentar tamén a creación de recursos dixitais propios por parte da comunidade educativa. A produción de materiais como vídeos educativos, podcasts, infografía ou presentacións interactivas supón unha oportunidade didáctica que contribúe non só á adquisición de contidos, senón tamén ao desenvolvemento de competencias transversais como a expresión oral e escrita, o pensamento crítico, o traballo colaborativo e a alfabetización mediática. A creación de contidos facilita, ademais, a personalización das aprendizaxes e permite incorporar múltiples linguaxes e canles de expresión, adaptándose ás diferentes necesidades e estilos de aprendizaxe do alumnado. En conxunto, estas accións orientadas á integración efectiva das tecnoloxías da información e a comunicación contribúen a transformar a biblioteca nun espazo dinámico, inclusivo e innovador, que actúa como motor de cambio metodolóxico e como contorno facilitador da aprendizaxe autónoma, colaborativa e dixitalmente competente. A biblioteca escolar, ao integrar plenamente as TIC no seu

funcionamento e nas súas propostas pedagóxicas, reforza a súa posición como núcleo central dun proxecto educativo que aposta pola equidade, pola calidade e pola formación integral do alumnado.

#### Estratexias para garantir a accesibilidade e a inclusión.

A adaptación dos espazos físicos e dos recursos da biblioteca escolar constitúe unha condición indispensable para garantir a accesibilidade universal e favorecer a equidade no acceso á información e á cultura, asegurando que todo o alumnado, independentemente das súas capacidades ou circunstancias, poida participar de maneira activa e autónoma na vida educativa do centro. Esta adaptación abrangue, en primeiro lugar, o deseño dun entorno físico que cumpra cos criterios de accesibilidade arquitectónica e funcional, facilitando a mobilidade e o uso independente dos espazos por parte de persoas con diversidade funcional. Mais non se trata só de eliminar barreiras físicas: é preciso tamén construír espazos pedagóxicos que teñan en conta a diversidade de estilos de aprendizaxe, ritmos evolutivos e necesidades educativas, mediante a presenza dunha ampla variedade de materiais que respondan a diferentes niveis de competencia lectora, intereses e capacidades cognitivas. Esta diversidade de recursos permite que a biblioteca se converta nun espazo inclusivo, flexible e personalizado, que acolle e respecta as diferenzas como valor educativo.

En coherencia con este enfoque, resulta esencial incorporar intencionadamente materiais bibliográficos e didácticos que aborden a diversidade en todas as súas dimensións: cultural, lingüística, funcional, de xénero, afectivo-sexual ou socioeconómica. A presenza destes contidos contribúe á construción dunha biblioteca que non só reflicte a realidade plural do alumnado, senón que tamén promove valores fundamentais como a convivencia, o respecto pola diferenza e a igualdade de oportunidades. A selección destes materiais debe realizarse con criterios pedagóxicos rigorosos, tendo en conta a calidade dos contidos, a actualidade dos enfoques e a adecuación ao nivel madurativo e aos intereses do alumnado. Libros que visibilicen múltiples identidades e realidades favorecen o desenvolvemento da competencia social e cívica, estimulan a empatía e o pensamento crítico e permiten establecer conexións significativas entre a experiencia persoal do alumnado e os relatos que le ou interpreta.

Neste contexto, é tamén prioritario garantir o apoio específico ao alumnado con dificultades no proceso lector, co obxectivo de eliminar barreiras de acceso á lectura e facilitar a adquisición progresiva desta competencia clave. A biblioteca debe dispor de libros adaptados —como textos en lectura fácil, materiais con tipografías accesibles, audiolibros, recursos multimedia ou libros de apoio visual— que fagan posible a comprensión lectora mesmo en situacións de dificultade. Complementariamente, é necesario desenvolver actividades específicas de acompañamento á lectura, como talleres de lectura guiada, intervencións individualizadas ou en pequenos grupos, ou o uso de aplicacións e ferramentas tecnolóxicas que faciliten a descodificación textual, a comprensión e a motivación pola lectura. Estas intervencións, aliñadas coas directrices da atención á diversidade e co marco normativo vixente, teñen un impacto directo non só no rendemento académico, senón tamén no benestar emocional e na autoestima do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En conxunto, estas accións configuran un modelo de biblioteca escolar orientado á inclusión, á equidade e ao respecto pola diversidade, que actúa como espazo pedagóxico transformador e garante o dereito efectivo de todo o alumnado a aprender, expresarse e participar en igualdade de condicións. Así

entendida, a biblioteca transcende a súa función tradicional como lugar de préstamo de libros para converterse nun verdadeiro centro de recursos para a aprendizaxe, o desenvolvemento persoal e a construción dunha escola aberta, xusta e comprometida coa educación inclusiva.

#### Estratexias de colaboración e integración curricular.

A colaboración estreita entre a biblioteca escolar e o profesorado constitúe un elemento estratéxico fundamental para potenciar o aproveitamento pedagóxico dos recursos dispoñibles e favorecer a integración efectiva da biblioteca no proceso educativo global do centro. Esta cooperación debe ir máis alá da mera coordinación puntual e concretarse en plans de traballo compartidos, protocolos de actuación e dinámicas de intercambio sistemático que permitan articular accións conxuntas. O obxectivo é reforzar as aprendizaxes, apoiar o desenvolvemento dos contidos curriculares e adaptar as propostas educativas ás necesidades reais do alumnado, fomentando así unha docencia máis contextualizada, personalizada e eficaz. Nesta liña, a biblioteca non só proporciona materiais de consulta ou lectura, senón que se configura como un recurso didáctico de alto valor, capaz de ofrecer materiais específicos, recursos dixitais de apoio, ferramentas para a investigación e actividades complementarias que enriquecen o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

No marco desta colaboración, resulta prioritario impulsar proxectos interdisciplinares que permitan conectar a biblioteca coas diferentes áreas do currículo, como as linguas, as ciencias sociais, as ciencias experimentais ou as matemáticas. Estes proxectos deben estar deseñados para fomentar a investigación autónoma, o pensamento crítico e o traballo en equipo, facendo uso das metodoloxías activas como o traballo por proxectos, a aprendizaxe baseada en problemas ou a indagación guiada. A biblioteca, como espazo versátil e centro de recursos, ofrece o contexto idóneo para desenvolver este tipo de experiencias educativas, facilitando materiais diversos, ferramentas tecnolóxicas, orientación bibliográfica e apoio técnico para a creación e difusión de contidos. A integración interdisciplinar favorece unha aprendizaxe máis significativa e transferible, que permite ao alumnado establecer conexións entre saberes, aplicar coñecementos a situacións reais e comprender a complexidade dos fenómenos que o rodean.

Paralelamente, a biblioteca escolar debe asumir un papel activo no desenvolvemento da competencia crítica e creativa do alumnado, contribuíndo á súa formación como cidadáns autónomos, informados e comprometidos. Neste sentido, cómpre promover actividades que estimulen a reflexión, o diálogo argumentado e a expresión individual ou colectiva, tales como grupos de debate, proxectos de investigación sobre cuestións sociais, medioambientais ou culturais de actualidade, concursos de escritura, obradoiros de creación artística ou proxectos multimedia. Estas accións permiten traballar habilidades esenciais como a análise de información, a avaliación de fontes, a toma de decisións fundamentadas, a creación de mensaxes propias e a capacidade de comunicar ideas de forma clara e ética. Así mesmo, fortalecen a autonomía intelectual do alumnado, ao tempo que fomentan a súa implicación activa nos procesos de aprendizaxe.

En conxunto, todas estas propostas configuran a biblioteca escolar como un eixo dinamizador da innovación pedagóxica e da formación crítica no contexto educativo actual. Longe de ser un espazo accesorio, a biblioteca convértese así nun motor que impulsa a colaboración docente, a

interdisciplinariedade, a reflexión pedagóxica e o desenvolvemento integral do alumnado, contribuíndo a construír unha escola aberta ao coñecemento, á creatividade e á cidadanía democrática.

#### Estratexias na xestión de fondos bibliográficos.

A mellora e actualización do catálogo de fondos da biblioteca escolar representa unha das accións clave para garantir a calidade, pertinencia e utilidade pedagóxica dos recursos que se poñen a disposición da comunidade educativa. Esta tarefa, lonxe de ser un proceso puntual, debe entenderse como unha actividade planificada e continua, orientada a manter a colección bibliográfica en constante renovación. Para iso, é necesario establecer criterios de selección rigorosos que teñan en conta tanto as novas tendencias literarias como as demandas culturais emerxentes, sen esquecer as áreas de coñecemento prioritarias no ámbito educativo. A actualización do fondo debe estar aliñada co proxecto educativo do centro, responder ás necesidades detectadas entre o profesorado e o alumnado, e contemplar a inclusión de materiais que motiven a lectura, estimulen a curiosidade intelectual e apoiem o desenvolvemento das competencias clave. Deste xeito, a biblioteca transforma os seus fondos nun recurso vivo, dinámico e adaptado aos contextos reais da aprendizaxe.

Neste proceso de mellora resulta igualmente esencial o desenvolvemento dun sistema eficaz de catalogación e conservación dos materiais. A organización sistemática dos fondos, mediante ferramentas de xestión bibliotecaria adecuadas, non só facilita a localización rápida e autónoma dos recursos, senón que tamén garante o seu uso sustentable e a súa preservación a longo prazo. A aplicación de protocolos claros para o rexistro, clasificación e mantemento físico dos libros e materiais multimedia asegura unha estrutura funcional que favorece o acceso á información e o aproveitamento dos recursos por parte de toda a comunidade escolar. Ademais, a conservación dos materiais debe atender tanto ao soporte físico como aos formatos dixitais, garantindo a estabilidade, a recuperación e a reutilización dos contidos, e promovendo unha xestión responsable do patrimonio bibliográfico da escola.

Por outra banda, nun contexto educativo cada vez máis marcado pola diversidade e pola presenza das tecnoloxías da información e a comunicación, resulta imprescindible ampliar a oferta bibliográfica a través dunha diversidade de formatos que dean resposta aos diferentes estilos de aprendizaxe, intereses e capacidades do alumnado. A inclusión de libros impresos, recursos multimedia e outros recursos complementarios non só incrementa as posibilidades de acceso e comprensión, senón que tamén potencia a motivación e a autonomía na lectura e na investigación. Esta variedade de soportes favorece a equidade no acceso á cultura escrita e facilita a integración de metodoloxías activas e inclusivas no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Así, a biblioteca consolídase como un espazo versátil, inclusivo e innovador, capaz de acompañar a evolución do sistema educativo e de responder con solvencia aos retos da sociedade da información.

En conxunto, a actualización permanente dos fondos, a catalogación eficiente e a diversidade de formatos configuran a biblioteca escolar como un verdadeiro centro de recursos para a aprendizaxe e a docencia, comprometido coa calidade educativa, a inclusión e a modernización pedagóxica. Esta concepción avanzada da biblioteca, como estrutura integrada no proxecto educativo do centro, permite maximizar o seu valor formativo e consolidala como un elemento esencial na construción dunha escola aberta ao coñecemento, á lectura crítica e á cidadanía activa.

Estratexias de formación e capacitación do profesorado. A capacitación continua do profesorado é un pilar esencial para garantir a calidade educativa e adaptarse aos cambios constantes que caracterizan os contextos escolares actuais.

Para lograr este obxectivo, resulta imprescindible ofrecer programas de formación orientados ao uso pedagóxico da biblioteca escolar, que aborden tanto aspectos metodolóxicos como tecnolóxicos. Estes programas deben fomentar o aproveitamento da biblioteca como eixo vertebrador do currículo, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias lectora, informacional e dixital do alumnado.

Ademais, deben promover metodoloxías activas baseadas na lectura, na investigación guiada e na aprendizaxe por proxectos, que impulsen un enfoque competencial e interdisciplinar da ensinanza. É tamén fundamental integrar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas que faciliten o acceso, a produción e a difusión da información no contexto bibliotecario, dotando ao profesorado das capacidades necesarias para deseñar actividades didácticas contextualizadas e fundamentadas en fontes documentais diversas. Deste xeito, estimularase o pensamento crítico e a autonomía do alumnado, ao tempo que se promove un traballo educativo máis rico e conectado coa realidade. Outro aspecto relevante é a creación de espazos de formación compartida, concebidos como comunidades de práctica profesional, onde o profesorado poida intercambiar ideas, recursos e boas prácticas relacionadas coa incorporación da biblioteca ao proceso educativo. Estes espazos colaborativos representan unha estratexia clave para fomentar a innovación educativa, consolidar aprendizaxes compartidas e enriquecer as prácticas pedagóxicas, contribuíndo así a crear unha cultura docente dinámica, reflexiva e aberta á evolución constante. En conxunto, a formación continua do profesorado e a existencia de redes de colaboración educativa constitúen elementos indispensables para potenciar o papel da biblioteca escolar como recurso fundamental no desenvolvemento integral do alumnado e na mellora do sistema educativo en xeral.

Estratexias de participación e colaboración comunitaria.

Involucrar á comunidade educativa na vida da biblioteca resulta fundamental para crear un espazo de aprendizaxe aberto, participativo e enriquecedor. Para iso, é preciso fomentar a implicación activa das familias, dos antigos alumnos e de membros da comunidade local, promovendo a súa participación en actividades e eventos organizados pola biblioteca. Esta colaboración fortalece os vínculos entre o centro educativo e o seu contorno, xerando un sentido de pertenza e de responsabilidade compartida no desenvolvemento cultural e educativo do alumnado. Así mesmo, establecer redes de cooperación con outras bibliotecas escolares e públicas é unha estratexia clave para optimizar recursos, intercambiar materiais e organizar actividades conxuntas que enriquezan a oferta bibliográfica e amplíen as posibilidades de aprendizaxe e recreación para toda a comunidade. A organización de eventos culturais e sociais, como exposicións, xornadas literarias ou encontros con autores, tamén desempeña un papel esencial, pois contribúe a atraer a atención da comunidade escolar e a aumentar a visibilidade e a relevancia da biblioteca no centro. Estas accións converten a biblioteca nun espazo vivo e dinámico, que fomenta a participación, o diálogo cultural e o desenvolvemento integral dos seus usuarios.

Estratexias de avaliación e mellora continua.

Nun contexto educativo que esixe respostas dinámicas, inclusivas e de calidade, a biblioteca escolar

constitúe un espazo fundamental para o desenvolvemento das competencias clave do alumnado, así como un recurso estratéxico para a acción pedagóxica do profesorado. Por este motivo, resulta imprescindible garantir a súa adecuación constante ás necesidades reais da comunidade educativa, o que só pode acadarse a través de procesos sistemáticos de participación, avaliación e mellora continua. Neste sentido, a participación activa dos principais usuarios —alumnado e profesorado—, a avaliación sistemática das accións emprendidas e a mellora continua dos servizos constitúen tres piares fundamentais dunha xestión eficaz, pedagóxica e inclusiva da biblioteca.

A implicación directa do alumnado e do profesorado na vida da biblioteca permite construír un modelo de xestión centrado nas persoas, sensible aos seus intereses e capaz de adaptarse aos cambios educativos, tecnolóxicos e sociais. Para tal fin, cómpre desenvolver estratexias que faciliten a recollida de información sobre as necesidades formativas, lectoras e informacionais da comunidade escolar, así como sobre os hábitos de uso da biblioteca, o grao de satisfacción coa súa oferta e as propostas de mellora que poidan xurdir. Entre estas estratexias destacan as enquisas anónimas e periódicas, deseñadas con criterios de validez e adaptadas á idade dos participantes; as entrevistas e grupos de discusión focalizada que recollan voces diversas; a instalación de caixas de suxestións —tanto físicas como dixitais—; e a observación sistemática do uso dos espazos e dos recursos, con especial atención ás demandas recorrentes.

Estas medidas de escoita activa permiten fortalecer a relación entre a biblioteca e os seus usuarios, mellorar a calidade e pertinencia da súa oferta, e axustar as actividades e dinámicas de traballo ás realidades educativas do centro. Ademais, fomentan un maior grao de implicación do alumnado, reforzando o seu sentido de pertenza e a súa responsabilidade no coidado e uso do espazo común.

Paralelamente, a avaliación das actividades da biblioteca debe ser concebida como un proceso estruturado, permanente e formativo, integrado no Plan de Biblioteca Escolar como ferramenta de xestión e mellora. Esta avaliación ten como finalidades principais valorar a eficacia das accións de dinamización lectora e do uso dos recursos, medir o grao de integración curricular da biblioteca e recoller evidencias que xustifiquen innovacións ou axustes nos servizos prestados. Para cumprir estes obxectivos, resulta fundamental definir un conxunto de indicadores de logro, tanto cuantitativos —como o número de préstamos, a participación nas actividades, o uso de recursos dixitais ou o tempo medio de permanencia—, como cualitativos —entre os que se inclúen a satisfacción dos usuarios, a calidade percibida das accións ou o impacto na motivación e nos hábitos lectores—. A estes engádense indicadores específicos de aprendizaxe, orientados a medir a evolución da competencia lectora, informacional e dixital do alumnado, mediante rúbricas, instrumentos de autoavaliación ou produtos elaborados en proxectos.

A aplicación desta avaliación require metodoloxías baseadas no seguimento sistemático, a análise comparativa de datos ao longo do tempo e a elaboración de informes que recollan os resultados obtidos xunto con propostas concretas de mellora. Esta información alimentarase posteriormente nos procesos de revisión e adaptación do funcionamento da biblioteca.

Neste marco, a mellora continua debe ser entendida como un proceso estruturado que asegure a evolución constante da biblioteca en función das necesidades emerxentes. Os seus obxectivos principais

inclúen a actualización e diversificación dos servizos ofrecidos, co fin de manter o interese do alumnado e garantir a funcionalidade pedagóxica do espazo; a eliminación de barreiras físicas, cognitivas ou tecnolóxicas, favorecendo a inclusión e a equidade; e a incorporación de novos formatos e dinámicas que respondan aos cambios sociais, culturais e tecnolóxicos actuais.

Os ámbitos prioritarios de revisión inclúen, en primeiro lugar, a organización espacial e o mobiliario, que deben adaptarse para favorecer a lectura individual, a investigación, o traballo colaborativo e o uso autónomo do espazo. En segundo lugar, cómpre manter unha actualización constante do fondo bibliográfico, incorporando materiais diversos —audiovisuais, dixitais, de lectura fácil, en linguas estranxeiras— e temáticas inclusivas e contemporáneas. Tamén resulta esencial fortalecer os servizos dixitais da biblioteca, mediante a introdución de plataformas de lectura en liña, xestores bibliográficos, ferramentas para a aprendizaxe colaborativa e sistemas de xestión accesibles dende o exterior do centro. Por último, a revisión debe contemplar, na medida das posibilidades organizativas, a ampliación dos horarios de atención e a mellora da calidade do servizo ao usuario.

O proceso recomendado para a aplicación desta mellora estrutúrase en cinco fases: a recollida sistemática de datos a través das accións de participación e avaliación previamente descritas; a análise crítica da información dispoñible; a identificación e priorización das necesidades detectadas; a elaboración dun plan de acción con obxectivos claros e prazos definidos; e, finalmente, a revisión anual das modificacións implementadas e o axuste das medidas adoptadas en función dos resultados obtidos.

En síntese, unha biblioteca escolar útil, inclusiva e verdadeiramente pedagóxica non é produto do azar, senón da construción colectiva, da escoita activa e do compromiso coa mellora constante. A través da participación efectiva da comunidade escolar, da avaliación fundamentada e da adaptación continua dos seus servizos, a biblioteca pode consolidarse como un espazo central de aprendizaxe, cultura e convivencia dentro do centro educativo.

A participación activa do alumnado e do profesorado, como principais usuarios da biblioteca, debe situarse no centro das decisións relativas á súa xestión e dinamización. Esta participación non só favorece a corresponsabilidade e o sentido de pertenza, senón que permite deseñar servizos e actividades axustados aos intereses, expectativas e realidades do centro. Neste sentido, cómpre implementar estratexias que permitan identificar necesidades formativas, informativas e lectoras de ambos colectivos, así como coñecer os seus hábitos de uso da biblioteca, o grao de satisfacción cos servizos ofertados e as súas propostas de mellora. Algunhas das accións recomendadas para acadar estes obxectivos inclúen a aplicación de enquisas anónimas e periódicas, elaboradas con criterios de validez e adaptadas aos diferentes niveis educativos; a realización de entrevistas ou grupos de discusión focalizada con representación diversa; o uso de caixas de suxestións —físicas ou virtuais— como canles permanentes de expresión; e a observación sistemática do uso da biblioteca, rexistrando demandas recorrentes e analizando cualitativamente a interacción co espazo e os recursos dispoñibles.

A posta en marcha destas medidas participativas pode ter un impacto altamente positivo sobre a xestión da biblioteca escolar. En primeiro lugar, permite mellorar a pertinencia e a calidade da oferta bibliográfica e dos servizos prestados. Ademais, contribúe a incrementar a implicación do alumnado no uso da biblioteca, promovendo a súa autonomía e sentido de responsabilidade. Finalmente, facilita un axuste

máis eficaz das actividades de dinamización ás particularidades do contexto educativo no que se insiren. Por outra banda, a avaliación rigorosa e sistemática das actividades desenvolvidas na biblioteca representa unha ferramenta esencial para garantir a súa eficacia e continuidade. A avaliación debe ser entendida como un proceso continuo, participativo e orientado á mellora, integrado no Plan de Biblioteca Escolar como un elemento clave da súa planificación estratéxica. Entre as principais finalidades da avaliación destacan a análise da eficacia das actividades de dinamización lectora e do uso dos recursos dispoñibles, a medición do grao de integración curricular da biblioteca nas distintas áreas e etapas educativas, e a obtención de evidencias que xustifiquen a introdución de modificacións ou innovacións nos servizos ofertados.

Para levar a cabo unha avaliación eficaz, é necesario establecer indicadores de logro que permitan valorar tanto aspectos cuantitativos como cualitativos. Entre os primeiros, podemos incluír o número de préstamos realizados, a participación nas actividades, o volume de uso dos recursos dixitais ou o tempo medio de permanencia na biblioteca. Os indicadores cualitativos abranguen o grao de satisfacción dos usuarios, a calidade percibida das actividades, o impacto na motivación lectora ou a percepción da utilidade curricular da biblioteca. A estes cómpre engadir indicadores de aprendizaxe que permitan observar a evolución das competencias informacional, lectora e dixital do alumnado, mediante instrumentos como rúbricas, autoavaliacións ou traballos realizados por proxectos.

A metodoloxía de avaliación debe basearse na aplicación de instrumentos de seguimento e rexistro sistemático, así como na análise comparativa dos resultados obtidos ao longo do tempo, tanto dentro dun mesmo curso como entre diferentes cursos académicos. A elaboración de informes que recollan os resultados da avaliación, acompañados de propostas concretas de mellora, contribuirá á toma de decisións fundamentadas e á consolidación dunha cultura de avaliación formativa no centro.

Finalmente, a revisión e mellora dos servizos da biblioteca debe concibirse como un proceso permanente, guiado pola información recollida mediante os mecanismos de participación e avaliación previamente descritos. A biblioteca escolar debe funcionar como un sistema aberto, flexible e en constante evolución, capaz de adaptarse con axilidade aos cambios nos intereses e necesidades da súa comunidade usuaria. Isto implica revisar de maneira periódica a organización do espazo, o fondo bibliográfico, os horarios de atención, os servizos dixitais e as dinámicas de funcionamento, co obxectivo de garantir que a biblioteca continúe a ser un espazo útil, inclusivo e atractivo para toda a comunidade educativa.

En definitiva, só a través dunha xestión participativa, avaliativa e comprometida coa mellora continua é posible consolidar a biblioteca escolar como un eixo vertebrador da acción educativa, unha plataforma para o desenvolvemento competencial e un verdadeiro motor de transformación pedagóxica no centro.

#### Estratexias de innovación pedagóxica.

Nunha escola comprometida co desenvolvemento integral do alumnado e coa calidade da ensinanza, a biblioteca escolar debe transcender a súa función tradicional de almacenamento e préstamo de libros para se converter nun verdadeiro laboratorio pedagóxico, inserido plenamente nos procesos de innovación educativa. Neste sentido, cómpre potenciar o seu papel como espazo de experimentación e dinamización metodolóxica, ao servizo dun modelo de aprendizaxe activo, centrado no estudante e

vinculado ás competencias clave.

A integración da biblioteca escolar nas dinámicas de innovación pedagóxica do centro implica recoñecer o seu potencial como escenario privilexiado para a posta en práctica de novas metodoloxías didácticas. Entre estas, destacan o traballo por proxectos, o ensino baseado en competencias, a aprendizaxe cooperativa ou o uso de recursos audiovisuais e multimodais. Estas metodoloxías, que poñen o foco na autonomía do alumnado, no desenvolvemento de habilidades transferíbeis e na aprendizaxe significativa, atópanse en plena coherencia co espírito da biblioteca como espazo aberto, flexible e orientado á construción de coñecemento.

A biblioteca, neste contexto, debe ser considerada unha infraestrutura pedagóxica clave para acoller propostas interdisciplinares, secuencias didácticas integradas e dinámicas baseadas na indagación e na resolución de problemas. A súa dotación de recursos informativos, o acceso a ferramentas tecnolóxicas e a dispoñibilidade dun espazo menos ríxido ca aula tradicional fannas especialmente idóneas para desenvolver experiencias innovadoras que favorezan o pensamento crítico, a creatividade, a autonomía investigadora e a colaboración entre iguais. Así, pode funcionar como unha extensión do aula onde o alumnado explora, produce e socializa coñecemento, converténdose en protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe.

Neste marco, é necesario fomentar a biblioteca como un auténtico espazo de aprendizaxe activa, no que os estudantes non só leven a cabo actividades de lectura, senón tamén procesos de investigación, creación e traballo colaborativo. A lectura deixa de ser unha actividade pasiva para se converter en punto de partida dunha serie de accións que poden incluír o deseño de presentacións multimedia, a elaboración de podcasts, a construción de materiais didácticos, a dramatización de textos ou a realización de proxectos de aprendizaxe-servizo. Este enfoque sitúa a biblioteca como un lugar onde o coñecemento se transforma, se aplica e se comunica, e non só onde se consulta.

Ademais, ao promover a aprendizaxe activa, a biblioteca escolar contribúe ao desenvolvemento de competencias fundamentais no século XXI, como a competencia dixital, a competencia para aprender a aprender, a comunicación lingüística, a competencia cidadá ou o sentido de iniciativa e espírito emprendedor. As actividades realizadas neste espazo permiten ao alumnado exercitar habilidades de procura, selección, análise e uso ético da información, o que resulta esencial nun contexto social dominado pola sobreinformación e pola crecente complexidade dos contornos mediáticos.

Para que esta visión se materialice, é preciso que os equipos docentes incorporen a biblioteca aos seus procesos de planificación didáctica, establecendo sinerxías co profesorado responsable da xestión da mesma e co equipo de dinamización. Así mesmo, cómpre ofrecer formación específica ao profesorado sobre o deseño de propostas metodolóxicas innovadoras que aproveiten os recursos e potencialidades da biblioteca, promovendo un uso integrado e sistemático deste espazo no desenvolvemento curricular.

En conclusión, a biblioteca escolar debe configurarse como un espazo pedagóxico estratéxico dentro do proxecto educativo do centro, cunha clara vocación de innovación e transformación metodolóxica. Ao converterse nun entorno facilitador da aprendizaxe activa, da creación de coñecemento e da experimentación docente, contribúe de maneira decisiva a facer da escola un lugar máis dinámico, inclusivo e orientado ao desenvolvemento competencial do seu alumnado. Esta transformación require

vontade institucional, compromiso docente e unha visión compartida que recoñeza o valor da biblioteca como motor de cambio educativo.

### Estratexias de visibilidade e difusión.

Nun contexto educativo onde a comunicación e o acceso á información xogan un papel decisivo, a visibilidade da biblioteca escolar convértese nun factor clave para a súa dinamización e posta en valor. Non abonda con dispor dun espazo ben equipado e cun fondo bibliográfico actualizado: é imprescindible que a comunidade educativa coñeza os recursos, servizos e actividades que a biblioteca ofrece, para que poida facer un uso efectivo e enriquecedor dela.

Neste sentido, a promoción sistemática da biblioteca e a súa difusión a través de medios tradicionais e dixitais constitúe unha estratexia fundamental para integrar este espazo na vida cotiá do centro. Promover a biblioteca entre o conxunto da comunidade escolar implica desenvolver campañas de comunicación dirixidas tanto ao alumnado como ao profesorado e ás familias. Estas campañas deben ter como obxectivo principal dar a coñecer os servizos dispoñibles —préstamo, asesoramento lector, acceso a recursos dixitais, actividades de dinamización...— así como os beneficios pedagóxicos, culturais e sociais derivados do seu uso. Para que sexan realmente efectivas, estas accións de difusión deben estar ben planificadas, adaptarse aos distintos públicos destinatarios e empregar linguaxes e canles apropiadas para cada caso. Neste proceso, o papel das tecnoloxías da información e da comunicación resulta esencial. As redes sociais e outras plataformas dixitais convértense en ferramentas estratéxicas para establecer unha comunicación fluída, constante e atractiva coas familias e co alumnado.

A páxina web do centro, un blog específico da biblioteca (<https://bibliolulu.blogspot.com/>) ou perfís institucionais en redes sociais poden funcionar como escaparates dixitais nos que compartir novidades do fondo bibliográfico, anunciar actividades, recomendar lecturas ou difundir contidos relacionados coa alfabetización informacional e mediática. O uso destas canles, ademais, reforza a imaxe da biblioteca como un espazo actual, vivo e conectado co mundo exterior. Así mesmo, cómpre considerar o valor dos medios de comunicación tradicionais, tanto internos como externos. Os taboleiros informativos do centro, as publicacións escolares (revistas, boletíns...), as reunións coas familias ou os actos escolares son tamén contextos privilexiados para dar visibilidade ao traballo da biblioteca. A colaboración co equipo directivo e cos departamentos didácticos resulta fundamental para asegurar que a biblioteca estea presente nos espazos de decisión e na planificación xeral do centro, favorecendo así unha visión compartida da súa función educativa. A promoción da biblioteca debe ir máis alá dunha simple estratexia de comunicación: debe entenderse como un proceso sostido de construción de identidade e de posta en valor dun recurso central para o desenvolvemento da competencia lectora, informacional e dixital. Cando a comunidade escolar percibe a biblioteca como un espazo accesible, útil e estimulante, aumenta significativamente a súa participación nas actividades propostas, mellora a relación afectiva co ámbito lector e fortalécese o papel da biblioteca como eixo vertebrador da cultura escolar. En definitiva, a difusión eficaz da biblioteca escolar, mediante campañas informativas ben deseñadas e o uso intelixente das plataformas dixitais, é unha acción estratéxica que contribúe de maneira decisiva á súa integración no proxecto educativo do centro. Ao promover o seu uso entre todos os sectores da comunidade escolar, estase a garantir a súa viabilidade, funcionalidade e impacto, converténdoa nun espazo verdadeiramente

transformador dentro do sistema educativo.

### **3. OBXECTIVOS**

Para o curso 2025-2026, defínense os seguintes obxectivos, os cales se presentan vinculados ás medidas a implementar para a súa consecución, sendo estas organizadas e secuenciadas de acordo coa súa temporalización:

#### ***OBXECTIVO 1: DESENVOLVER ESTRATEXIAS PARA A PARTICIPACIÓN ACTIVA DO ALUMNADO NAS FERRAMENTAS CREATIVAS DA BIBLIOTECA.***

*O desenvolvemento de estratexias orientadas a a facilitar a participación activa de todo o alumnado nas ferramentas creativas que a biblioteca ofrece é fundamental para promover un ambiente de aprendizaxe innovador e inclusivo.*

#### **MEDIDAS A IMPLEMENTAR:**

- a) Deseño e planificación de actividades de dinamización que integren recursos como a robótica educativa, videoxogos educativos, a produción de contidos audiovisuais e transmedia, así como xogos de programación sinxela. Tales actividades teñen como finalidade estimular o interese do alumnado pola creación e o uso das novas tecnoloxías aplicadas á educación, favorecendo a aprendizaxe activa, colaborativa e creativa.
- b) Colaboración e coordinación co equipo TIC. Para asegurar unha integración eficaz e equilibrada das ferramentas tecnolóxicas e creativas, é imprescindible a colaboración estreita coa equipa TIC do centro. Esta coordinación permitirá o deseño conxunto de actividades que combinen o uso das tecnoloxías coas expresións audiovisuais e outras formas de creación, potenciando o aproveitamento dos recursos dispoñibles e asegurando unha experiencia educativa enriquecedora. Ademais, a interacción coa equipa TIC facilitará a actualización e o mantemento dos equipamentos, así como a formación necesaria para o seu uso pedagóxico.
- c) Aplicación de protocolos para o uso responsable e inclusivo das ferramentas. Para garantir un uso responsable, equitativo e educativo das ferramentas creativas da biblioteca, é necesario definir conxuntamente coa equipa TIC criterios e protocolos claros. Estes deben incluír medidas que aseguren a accesibilidade universal, promovendo a inclusión de todo o alumnado, e fomentar o respecto ás normas de uso e seguridade. A implementación destes protocolos favorecerá un ambiente de traballo ordenado e respectuoso, maximizando os beneficios pedagóxicos e promovendo unha cultura de responsabilidade e autonomía no uso das novas tecnoloxías.

#### **TEMPORALIZACIÓN.**

Este conxunto de accións debe desenvolverse ao longo de todo o curso académico, consolidando así un modelo de participación activo e sostible.

#### ***OBXECTIVO 2: IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NAS NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA***

*A implicación activa da comunidade educativa na definición, difusión e cumprimento das normas de uso da biblioteca escolar constitúe un elemento clave para o seu bo funcionamento e para a consolidación dun espazo de aprendizaxe compartido, coidado e sostible. Esta participación debe traducirse en accións concretas que promovan a corresponsabilidade de todos os axentes implicados — alumnado,*

*profesorado e familias — na xestión e no uso racional dos recursos dispoñibles.*

#### MEDIDAS A IMPLEMENTAR:

- Organización de sesións formativas. Dirixidas ao profesorado, co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre o manexo do catálogo e a xestión das reservas a través das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles, garantindo así unha utilización máis eficiente, equitativa e autónoma dos fondos bibliográficos.
- Participación activa do alumnado e mellora da xestión dos recursos. Dentro desta estratexia, resulta esencial promover un sistema actualizado de xestión de usuarios, mediante a asignación de carnés personalizados a través da ferramenta Koha, o que facilita ao alumnado o acceso aos préstamos e a organización do uso dos materiais. Esta medida contribúe a desenvolver hábitos de autonomía, responsabilidade e respecto polas normas comúns. Así mesmo, foméntase a participación activa do alumnado de cursos superiores, especialmente de 5º e 6º de Primaria, como colaboradores na xestión diaria da biblioteca. A súa implicación como axudantes e mediadores permite non só reforzar o seu sentido de pertenza, senón tamén dotar á biblioteca dun apoio funcional que favoreza o acompañamento entre iguais, a orientación a outros usuarios e a dinamización do espazo de maneira cooperativa.
- Axuste e revisión continua das normas segundo as necesidades detectadas. Para asegurar que as normas de funcionamento da biblioteca responden de forma coherente ás necesidades reais da comunidade escolar, é necesario establecer un protocolo de revisión periódica. Esta revisión debe estar sustentada nas achegas recollidas nas reunións trimestrais de coordinación por niveis, permitindo adaptar as normas á evolución do uso da biblioteca, aos cambios nos perfís do alumnado e ás propostas que xurdan desde os distintos sectores da comunidade educativa. Esta metodoloxía participativa non só fortalece o sentimento de corresponsabilidade, senón que garante que a biblioteca siga sendo un espazo dinámico, funcional e inclusivo, aliñado coas necesidades pedagóxicas e sociais do centro.

#### TEMPORALIZACIÓN:

Primeiro trimestre e revisión trimestral.

#### **OBXECTIVO 3: FOMENTO DO USO DAS FERRAMENTAS DIXITAIS E DA DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA**

*A promoción do uso das ferramentas dixitais, en particular do blog da biblioteca escolar, constitúe unha estratexia clave para fortalecer a comunicación interna e externa do centro, ao tempo que se visibiliza o labor educativo que se desenvolve no espazo bibliotecario. O uso didáctico destas plataformas dixitais permite non só divulgar as actividades realizadas, senón tamén reforzar o vínculo entre a biblioteca e a comunidade educativa, transformando os blogs nunha canle de interacción continua, aberta e accesible para toda a comunidade escolar.*

#### MEDIDAS A IMPLEMENTAR:

- Deseño e a publicación de contidos específicos, cunha planificación editorial que inclúa entradas dedicadas á difusión de proxectos educativos relevantes, especialmente aqueles que poñan en valor prácticas inclusivas, experiencias de dinamización lectora e actividades interdisciplinares.

- Creación de contidos específicos dirixidas ás familias, co obxectivo de achegarlles recursos, recomendacións lectoras e propostas de participación nas iniciativas da biblioteca, favorecendo a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Actualización periódica dos blogs da biblioteca e da radio escolar como espazos de comunicación e expresión que contribúan á alfabetización mediática do alumnado. Estes soportes poden acoller contidos elaborados polo propio alumnado, facilitando a creación de materiais audiovisuais e escritos que reflectan o seu traballo, os seus intereses e a súa voz como parte activa do proceso de aprendizaxe.

#### TEMPORALIZACIÓN:

En conxunto, esta estratexia de dixitalización e divulgación, implementada ao longo de todo o curso académico, permite dinamizar a vida da biblioteca, fomentar a participación activa da comunidade escolar e integrar as ferramentas tecnolóxicas de forma coherente co proxecto educativo do centro.

#### **OBXECTIVO 4: DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR E INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DO ALUMNADO.**

*Debe entenderse como unha estratexia pedagóxica transversal, orientada á súa integración efectiva no currículo e á contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.*

#### MEDIDAS A IMPLEMENTAR:

- a) Deseño e desenvolvemento dun proxecto documental integrado. Este proxecto versará sobre a celebración dos 50 anos do edificio do CEIP LÓPEZ FERREIRO, que favoreza a participación activa de toda a comunidade educativa e artelle as distintas áreas de coñecemento arredor dun eixo temático común. Para iso, facilitaráselles aos equipos docentes unha selección de recursos específicos que permitan traballar a investigación, a expresión escrita, oral e plástica en múltiples formatos, adaptándose aos distintos niveis educativos e estilos de aprendizaxe. Asemade, promoverase o intercambio e a socialización dos produtos finais, visibilizando o traballo do alumnado e reforzando a aprendizaxe significativa. As familias serán informadas sobre o desenvolvemento do proxecto e animadas a participar activamente, co fin de consolidar a implicación da comunidade no proceso educativo.
- b) Contribución ao desenvolvemento das habilidades de búsqueda de información e de pensamento crítico a través da elaboración e difusión de boletíns informativos centrados en técnicas de busca eficiente na web, así como en actividades de sensibilización sobre a detección de noticias falsas. Esta acción, prevista para o primeiro trimestre, busca reforzar a competencia dixital e mediática do alumnado, dotándoo de ferramentas para navegar con criterio e seguridade no ecosistema informativo actual.
- c) Elaboración dunha colección de listados e tableiros dixitais. Estes espazos contarán recursos temáticos relacionados con áreas clave do currículo, como a educación emocional, a lectura e escritura na rede, ou estratexias para mellorar a comprensión e velocidade lectora, co obxectivo de apoiar o labor docente e enriquecer os itinerarios formativos.

- d) Incremento da visibilidade da biblioteca e fortalecemento da súa presenza como espazo de aprendizaxe e creación. Reservaranse espazos específicos nos taboleiros do centro para a difusión de información relevante e reforzarse a actualización do blog da biblioteca e da páxina web do centro. Esta dimensión comunicativa é fundamental para consolidar a biblioteca como eixo dinamizador da vida escolar, ao tempo que se promove unha cultura da lectura, da información e da aprendizaxe autónoma e colaborativa entre toda a comunidade educativa.

#### TEMPORALIZACIÓN:

Este conxunto de medidas implementaranse ao longo do curso académico.

#### **OBXECTIVO 5: PROMOVER O DESENVOLVEMENTO DUNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA E ACCESIBLE PARA TODO O ALUMNADO**

*O desenvolvemento dunha biblioteca escolar inclusiva e accesible require da implementación de estratexias concretas que garantan a participación equitativa de todo o alumnado, independentemente das súas condicións físicas, cognitivas ou culturais. Neste sentido, a accesibilidade do espazo físico e do mobiliario constitúe un punto de partida fundamental.*

#### MEDIDAS A IMPLEMENTAR:

- Reorganización de espazos. Durante o primeiro trimestre, levarase a cabo unha reorganización da biblioteca tendo en conta criterios de accesibilidade universal, funcionalidade e comodidade, co obxectivo de garantir que todo o alumnado —incluído aquel con necesidades específicas— poida facer uso do espazo de maneira autónoma, segura e eficiente. A disposición dos recursos, a sinalización visual ou a existencia de espazos diferenciados de traballo serán aspectos chave nesta reorganización, para crear un ambiente realmente inclusivo.
- Selección de materiais. A inclusión tamén debe estar presente na selección e dispoñibilidade dos recursos materiais e tecnolóxicos da biblioteca. Ao longo do curso, levarase a cabo unha renovación da dotación bibliográfica e dixital que teña en conta as características do alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, así como do alumnado con altas capacidades. Neste contexto, incorporaranse aplicacións accesibles nos dispositivos tecnolóxicos —como tabletas e ordenadores— que permitan adaptar o contido e o ritmo de traballo ás necesidades individuais. Así mesmo, adquirírase material diverso e inclusivo: libros con pictogramas para alumnado con TEA, libros con texturas, olores ou solapas para a estimulación sensorial, audiolibros e películas con subtítulos ou audiodescricións para alumnado con discapacidade visual ou auditiva, contos estruturados para alumnado de recente incorporación ao sistema educativo, e títulos que promovan a reflexión sobre a diversidade cultural e social. Estes recursos estarán dispoñibles tanto no espazo da biblioteca como nas aulas que escolarizan alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Organización de actividades relacionadas coa inclusión. A dimensión inclusiva da biblioteca reforzase tamén mediante a organización de actividades que fomenten a reflexión crítica sobre a diversidade e a igualdade. Ao longo do curso, planificaranse concursos de creación de resumos e fichas cinematográficas baseadas en curtas que aborden temáticas sociais, co obxectivo de desenvolver no alumnado o pensamento crítico e a capacidade de análise.

Complementariamente, promoverase a creación de audiolibros por parte do propio alumnado, en colaboración coas súas familias, nun exercicio que potencie a expresión oral, a creatividade e a participación activa da comunidade.

- Colaboración con institucións. Finalmente, a biblioteca colaborará con outras institucións para elaborar boletíns temáticos que conmemoren datas significativas e visibilicen acontecementos sociais e culturais relevantes, contribuíndo así á formación en valores e á construción dunha escola máis xusta, equitativa e integradora.

#### TEMPORALIZACIÓN:

Ao longo do curso.

#### *Actuacións continuadas de Cursos Anteriores:*

8. Reunións mensuais do equipo de dinamización da biblioteca: Estas reunións estarán destinadas á planificación e coordinación das actividades, onde cada membro do equipo asumirá responsabilidades específicas en función das necesidades detectadas, favorecendo así unha xestión máis eficiente e personalizada.
9. Sesións formativas para o profesorado sobre o sistema de autoempréstimo Koha: Durante os meses de setembro e outubro, realizaranse sesións informativas co obxectivo de familiarizar ao profesorado co funcionamento do sistema Koha, así como coas directrices de organización e uso da biblioteca.
10. Presentación das actividades deseñadas polo equipo de dinamización da biblioteca aos equipos docentes: A proposta inicial de actividades será presentada ao inicio de cada trimestre, permitindo axustes ou modificacións segundo as necesidades do momento. Este proceso tamén incluírá a creación dun número de lector/a e a elaboración dos carnés bibliotecarios mediante o sistema Koha.
11. Colaboración do alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria: O alumnado de cursos superiores desempeñará funcións de axudantes na biblioteca, contribuíndo á súa dinamización e xestión diaria.
12. Actualización periódica do blog da biblioteca: Realizarase unha actualización constante do blog, co fin de manter á comunidade educativa informada sobre as novidades, recursos e actividades da biblioteca

#### **4. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO (PDI)**

O equipo da biblioteca propón levar a cabo, durante este curso escolar, un Proxecto Documental Integrado con motivo da celebración dos 50 anos do edificio do CEIP López Ferreiro. O obxectivo principal deste proxecto é conmemorar o medio século de historia do centro, a través dunha reflexión crítica e creativa que envolva ao alumnado e á comunidade educativa no seu conxunto. A proposta integrará as diferentes competencias do currículo, ao tempo que fomenta a participación activa de toda a comunidade escolar na preservación e divulgación da memoria do centro.

A partir dos 50 anos de historia do noso edificio, o proxecto centrarase nas seguintes liñas de traballo:

- Historia e evolución do centro educativo: A través de diferentes actividades de investigación, o alumnado realizará un percorrido polo pasado do centro, identificando os principais momentos

históricos que marcaron a súa evolución. Esta liña incluírá entrevistas con antigos membros da comunidade educativa, recollida de documentación histórica e análise de fotografías e vídeos.

- **Memoria colectiva e identidade do centro:** Fomentárase un traballo de recopilación de vivencias, anécdotas e recordos dos distintos membros da comunidade educativa ao longo destes 50 anos. O alumnado poderá participar en actividades de oralidade e narración, construíndo unha memoria colectiva que resalte os valores e principios fundacionais do CEIP López Ferreiro.
- **Innovación pedagóxica ao longo do tempo:** Reflexionárase sobre os cambios nas metodoloxías e recursos educativos implementados no centro durante as últimas cinco décadas, destacando os avances na forma de ensinar e aprender, así como os cambios na relación entre o profesorado e o alumnado.
- **A importancia da integración e da diversidade:** O proxecto tamén poñerá en valor a evolución do centro en termos de inclusión e diversidade, salientando as iniciativas que se puxeron en marcha para garantir unha educación accesible para todo o alumnado.

A dinámica do proxecto implicará a integración de diversas actividades pedagóxicas, entre as que se inclúen:

- **Investigación histórica:** Realización de traballos de investigación e documentación sobre a historia do centro e os seus primeiros anos de existencia. O alumnado consultará fontes como libros de rexistros, fotos antigas, testemuños de antigos membros da comunidade educativa, entre outros recursos.
- **Producción de materiais audiovisuais e creativos:** Elaboración de vídeos, entrevistas e materiais gráficos que reflectan a evolución do centro ao longo dos anos, e que servan como testemuño visual da historia do CEIP López Ferreiro. Ademais, realizaranse traballos de expresión plástica para ilustrar as etapas máis destacadas da súa historia.
- **Actividades interactivas e exposicións:** Organizarase unha exposición que recolla os principais resultados do proxecto, nas que se incluírán paneis informativos, libros de recordos, vídeos e materiais gráficos. A exposición estará aberta á participación activa de todo o centro e das familias.
- **Colaboración con antigos membros da comunidade educativa:** O proxecto incluírá a intervención de exalumnos e exalumnas, profesores e profesoras xubilados, e outros membros da comunidade escolar que tiveron un papel fundamental na historia do centro, para que compartan as súas vivencias e experiencias.

Ao longo do curso, promoveranse actividades de formación complementaria, como charlas con historiadores locais ou exalumnos destacados, e a biblioteca fornecerá os recursos necesarios para apoiar a investigación e a produción de materiais. O proxecto culminará cun evento final de celebración, no que se presentarán os produtos finais elaborados polos distintos niveis educativos, e que servirá para rememorar e poñer en valor os 50 anos de historia do CEIP López Ferreiro.

Este enfoque metodolóxico busca consolidar a biblioteca como un centro de recursos accesible, incluso e colaborativo, onde se promovan tanto a creatividade do alumnado como a implicación de toda a comunidade educativa na súa xestión e uso.

## 5. OUTRAS LINGUAXES: PROXECTO “BIBLIOTECA CREATIVA” E PROXECTO “RADIO NA BIBLIO”

A participación do CEIP López Ferreiro nos programas "Biblioteca Creativa" e "Radio na Biblio" responde ao compromiso do centro educativo co desenvolvemento de espazos educativos innovadores e inclusivos que favorezan as aprendizaxes activas, colaborativas e a adquisición das competencias clave do alumnado. Estes proxectos, o primeiro deles enmarcado no **Plan LIA (Lectura, Información e Aprendizaxe)**, ofrecen un modelo pedagóxico adaptado ás novas demandas educativas, favorecendo a integración de ferramentas tecnolóxicas, creativas e comunicativas que enriquecen a formación integral do alumnado.

O programa "**Biblioteca Creativa**" permite á nosa biblioteca escolar transformarse nun espazo de creación, experimentación e investigación, proporcionando recursos e materiais adaptados ás necesidades do alumnado e do profesorado. A súa implementación posibilita que os nosos estudantes, especialmente os de Infantil e Primaria, se inicien no campo do **pensamento computacional** e no desenvolvemento de **habilidades manipulativas e colaborativas**. A través de actividades que estimulan a investigación, o xogo e a expresión oral, o alumnado adquiriu novas formas de abordar o coñecemento, potenciando a súa capacidade de racionalizar, reflexionar e comunicarse.

Por outra banda, o proxecto "**Radio na Biblio**" fomenta a creación de emisoras e laboratorios de radio dentro das bibliotecas escolares, transformándoas en centros creativos de aprendizaxe. Esta proposta busca dotar ao alumnado de competencias informacionais e mediáticas, ao mesmo tempo que amplía as linguaxes e formas de expresión presentes nas bibliotecas. O traballo colaborativo entre profesorado e alumnado na produción de programas radiofónicos favorece a alfabetización múltiple, entendida como a capacidade de manexar diferentes códigos e recursos para comunicarse, ao tempo que promove o desenvolvemento das competencias comunicativas e a expresión oral.

A implicación en ambos programas permite ao noso centro potenciar unha biblioteca dinámica, que non só fomenta a lectura e a información, senón tamén a creatividade, a innovación e a colaboración activa entre todos os membros da comunidade educativa. Estes proxectos, por tanto, constitúen unha ferramenta esencial para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, adaptándose ás necesidades cambiantes dun alumnado cada vez máis inmerso nun contexto de dixitalización e multimodalidade.

A participación nos proxectos "Biblioteca Creativa" e "Radio na Biblio" é unha oportunidade para seguir avanzando cara a un modelo educativo máis inclusivo e adaptado ás novas esixencias educativas, onde as bibliotecas se consolidan como espazos de aprendizaxe activa, crítica e creativa, e como centros neurálxicos do desenvolvemento das competencias do alumnado.

### **Desenvolvemento das Competencias desde a Biblioteca Escolar e a súa Inclusión nas Programacións Didácticas**

No marco do proxecto educativo do centro, a biblioteca escolar desempeña un papel central no desenvolvemento das competencias clave do alumnado. A través dos obxectivos e actividades que se propoñen, procurárase abranguer un conxunto amplo de competencias que son fundamentais para a formación integral dos estudantes, tendo en conta os principios da aprendizaxe significativa, o fomento do pensamento crítico e a integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

- **Competencia en Aprender a aprender.** O proxecto propón promover a autonomía do alumnado, favorecendo a súa capacidade de autoxestión na busca, selección e organización da información, especialmente na súa vertente dixital. A través de actividades que requiren da reflexión sobre os propios procesos de aprendizaxe, o alumnado desenvolverá habilidades para identificar as súas necesidades formativas e ampliar os seus coñecementos, ao tempo que se fomenta a súa capacidade para comunicar e aplicar o aprendido.
- **Competencia en Comunicación Lingüística.** A través da lectura en diferentes formatos e a escritura de diversos tipos de textos, o alumnado mellorará a súa capacidade de comprender e producir textos escritos, tanto en relación coa súa estrutura como na busca de información. A oralidade será tamén un aspecto clave, co desenvolvemento de actividades como exposicións orais, participación na radio escolar, lectura en voz alta, dramatizacións e concursos. Estes procesos contribuirán ao perfeccionamento das habilidades comunicativas do alumnado, favorecendo a expresión de ideas e a interacción no contexto escolar e social.
- **Competencia Social e Cívica.** O traballo por proxectos, particularmente no contexto dunha metodoloxía cooperativa e integradora, permitirá ao alumnado reflexionar sobre a súa realidade e a súa responsabilidade no mantemento e conservación do patrimonio cultural. A través da análise crítica de situacións e a promoción de actitudes cívicas, o alumnado será capaz de desenvolver un espírito crítico, ao mesmo tempo que se sensibiliza sobre os valores fundamentais da convivencia e a integración. Este enfoque, que inclúe a celebración de datas significativas (Samaín, Día da Tradición Oral, Dereitos Humanos, Día da Paz, Día Internacional da Muller, Día do Libro, Letras Galegas, etc.), fomenta a conexión entre a escola e a cultura, e reforza a identidade colectiva da comunidade educativa.
- **Competencia en Tratamento da Información e Competencia Dixital.** A biblioteca escolar facilitará a adquisición de competencias relacionadas coa busca, obtención e procesamento de información. O uso de tecnoloxías dixitais, como a creación de códigos QR, a realización de vídeos, a análise de fotografías e a creación de gráficos, permitirá que o alumnado desenvolva habilidades para comunicar e transformar a información en coñecemento significativo, consolidando ao mesmo tempo a competencia dixital e a capacidade para utilizar as TIC de maneira crítica e eficaz. Este proceso tamén contribuirá ao desenvolvemento de valores vinculados ao respecto pola información e a súa correcta xestión.
- **Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía.** A interpretación histórica e a análise dos cambios sociais ao longo do tempo, a través da elaboración de liñas de tempo e a explicación científica de determinados fenómenos, permitirá ao alumnado afianzar a súa competencia matemática e as competencias científicas. A integración da matemática aplicada e da ciencia nas actividades propostas reforzará a capacidade do alumnado para comprender conceptos complexos e aplicalos a contextos reais.
- **Competencia en Consciencia e Expresión Culturais.** A reflexión sobre o patrimonio cultural e artístico promoverá a consciencia cultural e a valoración do patrimonio como elementos fundamentais para o desenvolvemento das competencias culturais. A través da creación e

exposición de proxectos, o alumnado tamén mellorará as súas habilidades plásticas e creativas, favorecendo a expresión artística e a capacidade de comunicar ideas a través de diversas linguaxes.

- **Competencia en Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor.** Ao participar activamente nas distintas fases de desenvolvemento dos proxectos, o alumnado será protagonista da súa propia aprendizaxe, tomando decisións e asumindo responsabilidades que impactarán no éxito do grupo. Este enfoque permitirá o desenvolvemento da competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, estimulando a capacidade do alumnado para identificar oportunidades, xestionar recursos e levar a cabo proxectos colectivos de maneira autónoma e responsable.

En todo este proceso, a biblioteca escolar actuará como un eixo central, fomentando o uso de procesadores de texto, mellorando as habilidades de búsqueda de información e facendo uso de múltiples soportes para a exposición de traballos, promovendo tamén a grabación e difusión das producións en diversos formatos. A integración das novas tecnoloxías será un aspecto clave neste proceso, ao tempo que se potenciará a creación de contidos dixitais e o uso de recursos interactivos para facilitar a aprendizaxe.

Toda as propostas e accións derivadas destes obxectivos serán concretadas e desenvolvidas nas reunións mensuais do equipo de dinamización da biblioteca, que se realizará o primeiro martes de cada mes. A través destes espazos de coordinación, proporcionarase información detallada ao profesorado, tanto por medios electrónicos (correo electrónico) como por escrito cando sexa necesario. Á súa vez, o alumnado recibirá información sobre as actividades propostas a través de carteis motivadores que se colocarán en puntos estratéxicos do centro.

Cada nivel planificará e implementará actuacións orientadas á mellora da competencia lectora e ao fomento do hábito e pracer lector. Estas accións terán como obxectivo principal a creación dun clima lector na comunidade educativa, implicando ao profesorado, alumnado e familias no desenvolvemento desta competencia. Igualmente, as programacións didácticas deberán contemplar a atención á diversidade e ter como fin o éxito educativo de todo o alumnado, entendendo este éxito como o desenvolvemento integral de cada neno ou nena.

Finalmente, estableceranse estratexias para favorecer a colaboración entre as familias, o alumnado e o centro educativo, así como para promover a coordinación entre a biblioteca escolar e as aulas, así como con outras bibliotecas, institucións e organizacións que traballan no fomento da lectura e do acceso á información.

## **6. BIBLIOTECA ESCOLAR E FAMILIAS**

O CEIP López Ferreiro, asume a súa identidade como unha Comunidade de Aprendizaxe cun proxecto pedagóxico que ten como finalidade a transformación social e cultural tanto do centro educativo como do seu contorno, apostando decididamente pola participación activa das familias na educación dos seus fillos e fillas, entendendo que a colaboración entre as familias e escola é esencial para mellorar a calidade educativa e as oportunidades do noso alumnado. A implicación das familias na vida escolar non só favorece a mellora das expectativas e das posibilidades do alumnado, senón que tamén fortalece o vínculo entre a escola e a comunidade, creando un ambiente máis inclusivo, colaborativo e

transformador. A través desta participación, buscamos compensar as desigualdades socioeducativas e garantir a atención ás necesidades da totalidade do alumnado, promovendo así a equidade no acceso á educación.

Un dos obxectivos definidos desde a biblioteca do centro será fomentar e dinamizar a colaboración entre as familias e o centro educativo, co fin de mellorar a comprensión lectora, afianzar o hábito lector e potenciar o desenvolvemento das competencias do alumnado.

Cómpre, por tanto, establecer un conxunto de estratexias orientadas á implicación activa das familias no proceso de mediación da lectura, recoñecendo o seu papel esencial na formación das novas lectoras e dos novos lectores. As familias, como primeiros educadores no ámbito doméstico, teñen a responsabilidade e a capacidade de influír significativamente no desenvolvemento das competencias lectoras do alumnado. A súa intervención debe ser vista como un apoio indispensable para a consolidación do hábito lector, desde a creación de ambientes propicios para a lectura na casa até a orientación na elección de lecturas adecuadas ao nivel e intereses dos mozos e mozas.

Neste sentido, é preciso articular a colaboración entre as familias e a escola, establecendo canais de comunicación e cooperación continuos. A biblioteca escolar, como espazo central na xestión de recursos educativos e culturais, debe ser o eixo fundamental desta cooperación. A través da biblioteca, tanto o profesorado como as familias poden traballar de maneira conxunta no fomento da lectura, asegurando que a actividade lectora se desenvolva de maneira coherente tanto no centro como no fogar.

A colaboración entre a escola e a familia debe ser estruturada e planificada, favorecendo a creación de espazos e actividades compartidas que promovan a lectura en diferentes formatos e contextos. Así, a biblioteca escolar non só debe funcionar como un centro de préstamo e consulta de libros, senón tamén como un punto de encontro entre as familias e a escola para desenvolver actividades que poidan incluír clubs de lectura, obradoiros de animación á lectura, charlas ou presentacións literarias. A participación activa das familias nestas iniciativas contribuirá non só á mellora das competencias lectoras do alumnado, senón tamén á creación dun ambiente colaborativo e enriquecedor no que todos os membros da comunidade educativa teñan un papel relevante no proceso de formación integral do alumno.

Por tanto, é imprescindible deseñar medidas específicas que promovan a implicación das familias como axentes activos na mediación lectora, ao tempo que se reforza a colaboración entre a biblioteca escolar e as familias, co obxectivo de asegurar a continuidade e a calidade da formación lectora do alumnado no contexto escolar e familiar.

## **OBXECTIVOS**

- Fomentar a colaboración entre as familias e o centro educativo no ámbito da lectura e do desenvolvemento lingüístico. Preténdese establecer relacións educativas sólidas entre as familias e o centro, que contribúan de maneira significativa á mellora das competencias lectoras do alumnado e reforcen o compromiso familiar coa formación integral dos seus fillos e fillas.
- Sensibilizar ás familias sobre a importancia e os beneficios do hábito lector no desenvolvemento do alumnado. As accións formativas e informativas estarán dirixidas a destacar o valor da lectura como ferramenta fundamental para o desenvolvemento cognitivo, lingüístico, emocional e social, promovendo unha visión compartida da lectura como alicerce da aprendizaxe ao longo da vida.

- Ofrecer orientación e apoio ás familias mediante pautas e modelos de lectura eficaces. A través de materiais didácticos e sesións específicas, proporcionaráselles ás familias estratexias concretas para fomentar a lectura no fogar, axudándoas a seleccionar contidos axeitados, crear rutinas lectoras e acompañar o proceso lector dos seus fillos de maneira activa e positiva.
- Incentivar a participación activa das familias nas actividades lectivas e culturais vinculadas á lectura. Promoverase a integración das familias na vida escolar mediante a súa implicación en clubs de lectura, obradoiros de escritura creativa, sesións de contacontos ou encontros literarios, fortalecendo así a dimensión comunitaria e colaborativa do proceso educativo.
- Promover o uso das bibliotecas escolares e públicas como espazos de aprendizaxe, investigación e creación. Difundirase o valor das bibliotecas como espazos accesibles, dinámicos e inclusivos, que ofrecen múltiples posibilidades para o desenvolvemento das competencias lectoras, informacionais e dixitais, tanto no ámbito escolar como no doméstico.
- Desenvolver no alumnado as competencias lectoras necesarias para a comprensión, análise crítica e produción textual. O obxectivo é capacitar o alumnado para abordar con autonomía e sentido crítico textos de diferentes tipoloxías e complexidade, ao tempo que se favorece a súa capacidade para producir contidos escritos e multimodais de forma eficaz e creativa.
- Facilitar o acceso equitativo ao material bibliográfico e aos recursos educativos, tanto en formato físico como dixital. A biblioteca ofrecerá un sistema de préstamo adaptado ás necesidades do alumnado, así como o acceso a recursos electrónicos, promovendo o uso autónomo e competente das fontes de información e garantindo a igualdade de oportunidades no acceso ao coñecemento.
- Crear un ambiente motivador e estimulante que favoreza o pracer pola lectura e o desenvolvemento do hábito lector. Desenvolveranse actividades lúdicas, espazos acolledores e propostas motivadoras que inviten ao alumnado a descubrir a lectura como fonte de pracer, imaxinación, aprendizaxe e autorrealización desde as primeiras etapas educativas.
- Ofrecer oportunidades de creación e manipulación da información como ferramenta para a aprendizaxe significativa. A biblioteca converterase nun espazo de experimentación e produción, onde o alumnado poida desenvolver proxectos colaborativos, crear contidos audiovisuais, elaborar textos propios ou explorar diferentes linguaxes expresivas, fomentando o pensamento crítico e a capacidade comunicativa.
- Implicar ás familias no proceso de animación á lectura tamén no ámbito do fogar. Organizaranse actividades compartidas nas que as familias poidan participar de forma activa, como recitais de lectura, presentacións de libros, retos lectores ou actividades interactivas, consolidando a lectura como práctica familiar e cotiá.
- Converter a biblioteca escolar nun centro de recursos pedagóxicos, culturais e didácticos ao servizo de toda a comunidade educativa. A biblioteca será un espazo dinamizador da vida escolar, no que se centralicen materiais e recursos que dean resposta ás necesidades educativas do profesorado e do alumnado, reforzando o seu papel como núcleo estruturador do proxecto educativo do centro.

- Favorecer a integración das familias no proceso de aprendizaxe, promovendo a súa implicación activa e continuada. A biblioteca escolar actuará como ponte entre o centro e as familias, ofrecendo oportunidades de participación que contribúan á creación dun ecosistema educativo compartido, onde se recoñeza o papel esencial das familias na formación e desenvolvemento do alumnado.

A través destas accións, o CEIP López Ferreiro busca converterse nun centro que promove non só a adquisición de coñecementos, senón tamén a formación de persoas comprometidas, reflexivas e capaces de afrontar os retos da sociedade actual. A colaboración entre a escola e as familias será esencial para garantir que este proxecto teña un impacto positivo e duradeiro no desenvolvemento integral do noso alumnado.

Co obxectivo de alcanzar os propósitos establecidos, implementaranse diversas estratexias enfocadas a fomentar a implicación activa das familias no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento lector do alumnado. As estratexias propostas buscan promover unha interacción significativa entre a comunidade escolar e as familias, creando un ambiente de colaboración que favoreza o fomento da lectura e o desenvolvemento de habilidades lingüísticas no ámbito familiar. As principais medidas a adoptar son as seguintes:

- **Mochilas viaxeiras con diversidade de xéneros literarios e recursos educativos:** A creación de mochilas viaxeiras que inclúan unha selección de libros representativos de diferentes xéneros literarios, así como xogos educativos, permitirá que o alumnado e as súas familias poidan compartir momentos de lectura e aprendizaxe en casa. Este recurso promove non só a lectura compartida, senón tamén o desenvolvemento de habilidades de comprensión lectora, a reflexión sobre os contidos e a interacción entre os membros da familia, favorecendo a comunicación e o traballo cooperativo no ámbito doméstico. A diversidade de xéneros e formatos tamén favorecerá a motivación e a apertura do alumnado a novas propostas literarias.
- **Obradoiros específicos para o fomento da lectura no ámbito familiar:** Serán realizados obradoiros destinados á formación das familias no campo da mediación lectora. Estes obradoiros ofrecerán estratexias de mellora da lectura e proporcionarán recursos prácticos para a selección de libros adecuados ao nivel e intereses dos nenos e nenas. A través destes encontros, as familias recibirán pautas sobre como crear un ambiente de lectura na casa, como promover o gusto pola lectura, e como motivar aos seus fillos e fillas para que adquiran hábitos lectores saudables e sostibles ao longo do tempo. Tamén se abordarán técnicas para a lectura en voz alta, que favorezan a comprensión e a expresión oral.
- **Colaboracións puntuais coas familias a través de actividades de lectura compartida:** Organizaranse actividades puntuais de colaboración entre as familias e o centro educativo, nas que se fomentará a lectura de contos e libros, así como a participación en obradoiros de animación á lectura e encontros lectores. Estas actividades permitirán que os pais e as nais se involucren activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos, promovendo un traballo colaborativo que fortalecerá a relación entre a familia e a escola. A través da lectura compartida e das actividades lúdicas, os nenos e nenas desenvolverán mellores competencias lectoras,

mentres as familias aprenderán a ser mediadoras e acompañantes no proceso lector dos seus fillos.

En conxunto, estas estratexias buscan crear unha rede de apoio entre a escola e as familias, favorecendo que a lectura non sexa só unha actividade escolar, senón tamén unha práctica integral no día a día da familia. O traballo cooperativo entre o centro educativo e as familias terá un impacto directo no desenvolvemento da competencia lectora do alumnado, ao tempo que contribuirá a fortalecer os vínculos familiares e a mellorar a comunicación e a colaboración entre os membros da comunidade educativa.

O programa *Lectura e Familias* ten como obxectivo fomentar o deseño e o desenvolvemento de iniciativas que favorezan a participación activa das familias nas actividades da biblioteca escolar. Estas actividades estarán dirixidas á totalidade da comunidade educativa ou pensadas especificamente para a formación e implicación das familias en experiencias lectoras, así como no traballo coas fontes de información e os medios de comunicación.

A finalidade principal deste programa é dotar ás familias de ferramentas e recursos que lles permitan desempeñar un papel máis activo e eficaz na formación lectora dos seus fillos e fillas, así como na súa alfabetización mediática e informacional. A través desta participación, as familias serán capaces de intervir de maneira máis fundamentada no proceso educativo, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias lectoras dos nenos e nenas e á súa formación como cidadáns críticos e informados, consumidores e produtores de información.

## **7. EQUIPO DE BIBLIOTECA**

A persoa nomeada como responsable da dinamización da biblioteca escolar é D. Javier Prieto Barro, Mestre de educación primaria, que conta no seu horario lectivo con dúas sesións semanais de dedicación.

Ademais, o equipo de biblioteca componse dos seguintes membros:

*Calvo González, Inés, mestra especialista en educación primaria*

*González Castro, Marta, mestra especialista en pedagogía terapéutica*

*Mera Lamela, María Paz, mestra especialista en audición e linguaxe*

*Quintáns Suárez, Laura, mestra especialista educación infantil*

*Rodríguez Carreira, Isabel, mestra especialista educación primaria*

*Santiago de Paz, Raquel, mestra especialista educación infantil*

## **8. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Os obxectivos e as medidas recollidos no presente documento foron definidos a partir da análise dos datos recompilados durante o curso 2024/2025, co fin de dar resposta ás necesidades detectadas no funcionamento da biblioteca escolar. Ao longo do proceso de execución destas actuacións, recolleranse e valoraranse as achegas e suxestións da comunidade educativa, co obxectivo de asegurar unha evolución constante e adaptada ás demandas do centro.

### Seguimento e Reunións do Equipo de Biblioteca

O equipo de biblioteca reunirse cunha periodicidade mensual para facer seguimento do desenvolvemento das accións previstas, detectar posibles melloras e implementar os axustes

necesarios. Cómpre establecer un sistema sistemático de avaliación que permita medir o grao de funcionamento e aceptación da biblioteca escolar, especialmente de cara á elaboración da memoria final do curso.

### Criterios de Avaliación

No proceso de avaliación teranse en conta os seguintes aspectos:

- Cumprimento dos Obxectivos: Grao de cumprimento dos obxectivos inicialmente propostos no plan da biblioteca.
- Valor e Integración no Centro: Valor educativo da biblioteca e o seu nivel de integración na dinámica xeral do centro.
- Necesidades e Oferta de Servizos: análise das necesidades detectadas e adecuación da oferta de servizos proporcionados pola biblioteca.
- Implicación e Coordinación:
  - Grao de implicación do equipo docente na planificación e desenvolvemento das actuacións orientadas ao apoio do currículo.
  - Adecuación dos recursos dispoñibles e coordinación pedagóxica entre departamentos e profesorado.
- Desenvolvemento das Competencias: fomento e desenvolvemento das competencias en lectura, escritura e das competencias clave do alumnado.
- Usos e Usuarios: análise da receptividade e participación dos usuarios da biblioteca, valorando tanto ao profesorado como ao alumnado e ás familias diante das propostas presentadas.
- Equipo de Traballo: funcionamento, cohesión e participación activa do equipo de traballo da biblioteca.
- Visibilidade e Vinculación coa Comunidade:
  - Visibilidade tanto do espazo físico da biblioteca como das actividades que nela se realizan.
  - Propostas de mellora para aumentar a presenza da biblioteca dentro do centro e establecer pontes sólidas coa comunidade educativa e o entorno social.

A través da aplicación deste proceso sistemático de seguimento e avaliación, preténdese garantir a mellora continua da biblioteca escolar como recurso fundamental no apoio ao proceso educativo, adaptándose ás necesidades reais do alumnado, do profesorado e da comunidade educativa en xeral.

### **9. CONCLUSIÓN:**

A biblioteca escolar ocupa un lugar estratéxico dentro do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente no ámbito da Educación Infantil e Primaria. O seu papel vai moito máis alá do simple préstamo ou dispensa de libros; converteuse nun espazo fundamental para a promoción das habilidades lectoras, a integración de novos recursos pedagóxicos e o desenvolvemento das competencias clave do alumnado. Esta función está enmarcada nas directrices establecidas polas leis e decretos que regulan o contexto educativo vixente, que subliñan a importancia de potenciar a biblioteca como un recurso educativo esencial.

A integración da biblioteca escolar no currículo formativo debe ser unha prioridade clara para os centros

educativos. Isto implica non só garantir o acceso equitativo a recursos de calidade, senón tamén promover o seu uso activo e coordinado coas distintas áreas do coñecemento, favorecendo unha educación integral que responda ás demandas da sociedade actual. A biblioteca debe funcionar como un centro vivo, dinámico e integrado, que contribúa á formación do alumnado en competencias fundamentais como a lectura, a escritura, a investigación e a aprendizaxe autónoma, reforzando así o seu proceso educativo global.

En definitiva, a biblioteca escolar non só facilita o acceso á información, senón que tamén impulsa a creación dun ambiente estimulante e motivador que favorece a participación activa e o desenvolvemento persoal e académico do alumnado. Por iso, as actuacións educativas deben apostar pola consolidación e mellora continua deste espazo, asegurando que responda de maneira eficaz ás necesidades educativas e sociais da comunidade escolar.



XUNTA  
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS  
LÓPEZ FERREIRO

## ANEXO 6

### Proposta do Equipo de Medio Ambiente

### 1. INTRODUCCIÓN

O CEIP de Prácticas López Ferreiro é un centro urbano da cidade de Santiago de Compostela. O seu deseño arquitectónico precisa naturalizarse e transformar os espazos nos que predomina o cemento, para crear unha contorna máis próxima á natureza, máis inclusiva e máis estimulante para o alumnado. Somos conscientes da necesidade de protexer a contorna escolar e de sensibilizar sobre as consecuencias das nosas accións no medio ambiente. Queremos desenvolver que prácticas promovan a conciencia ambiental para poder cumprir cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) establecidos pola Nacións Unidas para o ano 2030, no intento de lograr un futuro máis xusto e sustentable.

É necesario sistematizar unha serie de accións, cun enfoque innovador e transversal, para chegar a ser un centro urbano de referencia, tratando de educar as novas xeracións na responsabilidade ambiental, proporcionándolles contornas máis axeitadas onde o alumnado aprende contidos a través da práctica cotiá, transformando hábitos, fomentando a conciencia ambiental dende unha idade temperá, dando importancia ao coidado da natureza e ser cidadáns e cidadás responsables. Ao mesmo tempo preténdese que estes cambios teñan un impacto positivo en cada fogar, estendendo os valores ambientais a toda a comunidade educativa.

En cursos anteriores leváronse a cabo distintas accións como a colaboración entre o Concello e as familias para crear un horto escolar, organizouse un Equipo de Medio Ambiente entre o profesorado, dispúxose de papeleiras para a recollida selectiva de papel e dos envases plásticos, organizouse un grupo entre o alumnado para realizar tarefas no horto e de mantemento dos recantos verdes (plantas ornamentais) que se crearon en todos os andares do edificio durante os recreos. Ademais desenvolvéronse diferentes proxectos relacionados coa concienciación, o coidado e o respecto polo Medio Ambiente para preservar o mundo natural (a auga, os ecosistemas terrestres). Participamos no Plan Proxecta+, Escola Verde con proxectos relacionados co Medio Ambiente nos cursos 2023-24 e 2024-25. **No presente curso participamos en Voz Natura co proxecto “O Horto do Ferreiro”.**

Para levar a cabo as propostas do equipo é necesaria a implicación e participación do resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias e persoal non docente, así como a dotación de recursos de distinto tipo. A composición do equipo docente está formado por mestras de distintas etapas educativas:

- María José Sánchez, titora de educación primaria.
- Fátima Mera, titora de educación primaria.
- Esperanza Seoane, titora de educación primaria
- María Portos, mestra de Pedagogía terapéutica.
- Mónica Cachaldora, titora de educación infantil
- Rosa Raviña, titora de educación infantil e coordinadora do equipo.

## 2. Obxectivos

Os principais obxectivos que pretendemos iniciar ou acadar para o presente curso son:

- Participar no Plan de Voz Natura co proxecto “O horto do Ferreiro”.
- Poñer en marcha o espazo do horto (por mor das obras do ascensor quedou inutilizado).
- Continuar coas patrullas verdes (axudantes do horto, dos recantos verdes, da clasificación do lixo, do consumo enerxético) para promover boas condutas ambientais na escola.
- Participar de forma regular en actividades relacionadas co coidado e protección da natureza para lograr que o noso centro sexa máis sostible, traballando na recollida e reciclaxe do lixo, nos coidados propios do horto, no mantemento dos recantos verdes, na redución do uso do plástico e do aluminio, no consumo responsable de electricidade e da auga que se gasta no colexio ou no control da calidade do aire.
- Promover a saúde e benestar da nosa comunidade educativa a través da conexión coa natureza, do consumo de alimentos verdes, romper hábitos sedentarios fomentando un estilo de vida máis activo e ao aire libre.
- Transformar os patios exteriores nuns espazos máis naturais que permitan desenvolver o xogo, intercambios e conversacións, relacións, a calma, a pausa, relaxación e o descanso.
- Analizar e observar os espazos verdes próximos á contorna do colexio para facer pequenos informes e recomendacións ao resto do colexio para que poidan realizar saídas e exploracións máis precisas e cun contido máis específico.

## 3. Actividades ou medidas a levar a cabo.

O equipo docente proporcionará o acompañamento e a axuda precisa, se ben o alumnado, en todas as iniciativas que presentamos, será o protagonista.

Intentamos propiciar unha metodoloxía activa e motivadora, achegando en todo momento propostas que partan dos intereses do alumnado e cunha vertente lúdica.

Algunhas das medidas ou actividades que se levaran a cabo son:

- Constitución das patrullas verdes entre o alumnado.
- Refacer o “Horto do Ferreiro” (horto ecolóxico) unha vez rematada a obra do ascensor, continuando cos traballos propios do horto nos tempos do recreo: *sementar, debuzar, transplantar, regar, recoller, distinguir pragas e solucionar problemas de forma ecolóxica.*
- Continuar co coidado dos recantos verdes que se instaloron en todos os andares coa colocación de plantas naturais.
- Continuar coa recollida de lixo nas distintas papeleiras. Mellorar a separación do lixo e procurar a redución ao máximo posible de plástico e aluminio.
- Realización de andainas e visitas para coñecer e apreciar a contorna máis próxima ao centro (carballeiras, ríos, espazos verdes, parques e xardíns) para a realización de pequenos informes valorando estes espazos
- Aplicación de accións sostibles na vida cotiá tanto no colexio coma nos seus fogares.
- Divulgación das accións que se leven a cabo entre a comunidade educativa e na web do centro.
- Constitución do equipo de medio ambiente entre o profesorado.

- Fomento das actividades que favorezan un baixo consumo enerxético apagando luces innecesarias, controlando do consumo da auga, facendo recollida e aproveitamento da auga da chuvia para utilizar no horto, medindo a calidade do aire, controlando do gasto da calefacción, etc, para afiuzar e mellorar as boas condutas ambientais.
- Promoción de intercambios de experiencias e charlas con entidades que promoven a ecoloxía, a biodiversidade e o coidado da natureza como ENCE, ADEGA, VIAQUA, CONCELLO, CSIC, UNIVERSIDADE, etc.

#### **4. Difusión do plan ao resto da comunidade educativa.**

Toda a comunidade escolar participa en maior ou menor medida neste proxecto.

O equipo directivo apoiando, buscando recursos humanos, económicos, organizando o horario escolar con tempo real e efectivo de traballo para que se leven a cabo as tarefas no horto durante a xornada escolar tanto para o profesorado como para o alumnado e as diferentes titorías.

Entre o profesorado coa constitución do equipo do medio ambiente formado por seis mestras. Realizan a labor de organizar e desenvolver as actividades relacionadas co medio ambiente e coordinalas co traballo dos restantes equipos (Biblioteca; Plan Dixital; Extraescolares; EDLG; Convivencia e benestar emocional e Seccións Bilingües).

Entre os/as titores/as ao longo do curso, lévanse a cabo infinidade de proxectos e actividades relacionadas co medio ambiente que están planificadas nas programacións elaboradas no mes de setembro, ao inicio do curso.

Entre o alumnado está creado un grupo que se denomina a *Patrulla Verde* que, de forma voluntaria, realiza tarefas de: *mantemento do horto; coidado dos recantos verdes dos corredores; concienciación ao resto da comunidade sobre onde se deben tirar e reciclar o lixo das merendas; control do apagado de luces que non son necesarias ou do gasto de auga de nos baños; outros temas que así se establezan nas reunión do equipo.*

A **Patrulla Verde** está conformada por alumnas e alumnos de 5º e 6º de educación primaria. Os martes e xoves no recreo, apúntanse nas súas titorías para realizar as actividades antes mencionadas. O número máximo é de dez por día. O profesorado do equipo ambiental supervisa e acompaña a este alumnado na realización das tarefas que teñen encomendadas.

O persoal non docente (de conserxería e limpeza) colabora co equipo de medio ambiente para poder levar a cabo algunhas actividades do horto, mantemento dos recantos verdes e separación do lixo nas papeleiras axeitadas, así como dos arranxos do materiais que se estraguen.

As familias son invitadas a participar en todos os proxectos relacionadas co Medio Ambiente. Na medida do tempo que dispoñan. Poden vir, se así se precisa, os martes pola tarde a colaborar no acondicionamento do horto, aportando o seu traballo, ferramentas e experiencia persoal nas tarefas relacionadas co horto e os recantos verdes. As familias axudan economicamente en moitas actividades relacionadas co coñecemento e coidado da natureza cando se precisa transporte para asistir, sufragando este gasto das súas fillas e fillos. As familias fan propostas a través do Consello Escolar, supervisando e valorando os proxectos e actividades que se levan a cabo en relación ao medio ambiente.

## 5. Plan de avaliación.

O enfoque centrarase en dúas áreas diferenciadas.

A primeira baséase na avaliación das diferentes actividades e iniciativas propostas e, a segunda, na avaliación do proxecto no seu conxunto.

Unha vez realizada a *avaliación de diagnóstico*, no momento da posta en marcha do proxecto e iniciadas as actividades, farase unha avaliación, revisando cada certo tempo os obxectivos conseguidos para aplicar, se fora posible, os cambios precisos para melloralo.

Realizarase a través de:

- Observación directa das actividades.
- Análise dos logros do alumnado.
- Análise dos comentarios e opinións do alumnado en asembleas e debates.
- Da realización, se fora o caso, de diferentes probas como: *listas de cotexo, rubricas, dianas de auto avaliación, escalas de observación etc.*

<b>Para avaliar as actividades e iniciativas propostas empregaremos os indicadores definidos</b>			
<b>Obxectivo</b>	<b>Excelente (4)</b>	<b>Adecuado (3)</b>	<b>Mellorable (2)</b>
Participación e implicación do alumnado			
Disposición e iniciativa do alumnado			
Comprensión dos conceptos			
Cooperación e solidariedade			
Metodoloxía			
Organización e execución			
Difusión e visibilidade.			
Creatividade			
Sustentabilidade nos procesos (materiais, recursos utilizados, etc.)			

Desenvolvemento de competencias clave			
Relevancia e impacto da actividade.			

**A valoración do proxecto tendo en conta os participantes e as colaboracións entre as distintas entidades.**

<b>Criterios</b>	<b>Excelente (4)</b>	<b>Adecuado (3)</b>	<b>Mellorable (2)</b>
Valoración do tema escollido			
Grao implicación e participación do alumnado			
Grao implicación e participación profesorado			
Grao implicación participación persoal non docente			
Grao implicación e participación familias			
Eficiencia na coordinación			
Funcionalidade do CVB			
Capacidade de proposta de melloras			
Calidade na comunicación			

Colaboración e difusión con entidades externas á comunidade escolar			
Apoio prestado polo Programa Voz Natura			



XUNTA  
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS  
LÓPEZ FERREIRO

## ANEXO 7

### Proposta do Equipo de Extraescolares

### 1. INTRODUCCIÓN

As actividades complementarias e extraescolares na escola teñen un papel fundamental no enriquecemento da experiencia educativa do alumnado. Estas actividades van máis aló das materias académicas tradicionais, e ofrecen aos nenos e nenas a oportunidade de explorar, aprender e desenvolverse en áreas que van dende o artístico, o científico e o cultural ata o fomento das habilidades sociais e emocionais.

Durante o curso 2025/26 o EACE estará integrado por todo o Claustro e será coordinado pola mestra María José Iglesias Mansilla, seguindo as directrices propostas polo Equipo directivo.

### 2. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral deste equipo é enriquecer a experiencia educativa do noso alumnado e fomentar o seu crecemento integral preparándoo para ser cidadáns competentes e comprometidos nun mundo cada vez máis diverso e dinámico. Este obxectivo concretarase noutros específicos:

- Desenvolver actividades académicas fóra da aula, a través de xogos, obradoiros e outras experiencias.
- Favorecer o gusto por aprender, promovendo actividades que esperten a curiosidade do alumnado.
- Fomentar a cooperación e o traballo en equipo.
- Promover a autonomía e a responsabilidade persoal.
- Contribuir ao desenvolvemento da autoestima e da autorregulación emocional.
- Estimular a creatividade e a expresión artística.
- Fomentar a inclusión e a diversidade cultural, social, de xénero e de capacidades.
- Fomentar o respecto polo Medio Ambiente.
- Educar sobre o uso responsable das TIC.
- Fomentar a práctica de actividades físicas e hábitos saudables (deportes e actividades ao aire libre)
- Fomentar a cooperación e o traballo colaborativo dos diferentes equipos dinamizadores.
- Promover a participación activa das familias.

### 3. ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO PRESENTE CURSO

Todas as actividades serán levadas a cabo en colaboración co resto dos Equipos do centro: Equipo de Biblioteca, Equipo de Medio Ambiente, Equipo de Plan Dixital e Polos Creativos, Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Seccións Bilingües.

Este curso o eixe vertebrador da programación de EACE será a celebración do 50 aniversario do actual edificio do CEIP López Ferreiro. Baixo a frase “Eu medrei no López Ferreiro”, desenvolveranse diversas actividades, invitarase ao antigo alumnado e profesorado a compartir as súas experiencias neste centro coa actual comunidade educativa.

En cada trimestre terase en conta o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables do centro.

Organizaranse actividades ao longo do curso 2025/26:

## **A) Conmemoracións:**

- 26 de setembro: Día das linguas, organizado polas Seccións Bilingües.
- 29 de outubro: celebración do Samaín, o alumnado poderá vir disfrazado ás aulas.
- 30 de outubro: celebración do Magosto no parque Xixón. No caso de haber produtos finais de carácter artístico feitos polo alumnado nas diferentes titorías serán expostos polos corredores do colexio. Tamén se procurará a realización de xogos tradicionais así como a visita dun castañeiro. Sempre que sexa posible, como se adoita facer, o Magosto celebrarase no Parque Xixón. Contribuíndo con esta celebración ao Plan de Actividade Física e Hábitos Saudables.
- 20 de novembro (Día Universal dos Dereitos da Infancia), 25 de novembro (Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller) e 10 de decembro (Día dos Dereitos Humanos) En colaboración con outros equipos realizarase unha actividade conxunta para conmemorar estes tres días, os cales xiran ao redor dos dereitos das persoas e o bo trato cara elas. Organizarase un mercado solidario onde se “venderán” adornos de Nadal realizados polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de recadar cartos para axudar a algunhas escolas de Guatemala a mercar materiais escolares. Este mercado será organizado pola coordinadora de benestar e convivencia coa colaboración do grupo solidario do colexio e das familias do noso alumnado.
- Nadal: Este ano tócalle ao terceiro ciclo de primaria adobiar a árbore de Nadal.
- 30 de xaneiro: Día da Paz
- 23 de febreiro: Día de Rosalía
- 13 de febreiro: Festa de Entroido: Decoración dos espazos do centro e organización do desfile e festa nos patios da escola. Organización dos “Mandados da Meca” na semana previa ao Entroido.
- 7 Marzo: Día da Muller (achegarémonos á biblioteca escolar a observar o “recanto da muller”)
- Do 9 ao 13 de marzo celebrarase a Semana da Prensa, e o alumnado buscará : mulleres importantes nos xornais (Celebración 8M) e noticias sobre consumo (13M: Día do Consumidor).
- 7 abril (Día da Saúde) e 23 abril (Día do Libro): libros sobre saúde e hábitos saudables. “Eu estudei ...rama sanitaria” (recanto da biblioteca)
- Celebración dos maíos: Faremos un Maio no patio de columnas, como é tradición no colexio, que será lugar de encontro para celebrar esta tradición e o Día das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Celebración de Día do Medio Ambiente no Parque da Música.

## **B) Actividades Anuais** (outras actividades organizadas polos diferentes equipos dinamizadores):

- PLAMBE: aprobado no claustro do curso 2024/25 (Biblio creativa e Radio na Biblio).
- Encontros lectores e Lectura en familia (en colaboración con EDLG).
- Venres creativos.
- Voz Natura.
- PIE: a través de Convive+ e ioga coa Fundación Yehudi Menuhin.
- Gran Xogo das Letras para os cursos de 4º, 5º ou 6º de primaria, que se desenvolve desde a Biblioteca Ánxel Casal.
- Proposta de Aprendizaxe-servizo con Agadea e a Aula de Maiores da Biblioteca Ánxel Casal.

- Actividades organizadas desde a Facultade de Ciencias da Educación.
- E outras posibles actividades que vaian xurdindo e se consideren axeitadas.

### C) Visitas a museos e saídas escolares:

O profesorado irá seleccionando saídas escolares, visitas a museos, etc. ao longo do curso, en función da oferta de distintos organismos e entidades. As que xa están planificadas, quedan reflictidas na seguinte táboa:

GRUPO	DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR
6º EI	16 de setembro	MPG	Santiago
4º EI	15 outubro	Proposta psicomotriz (maxisterio)	Santiago
2º EP	1-2 outubro	MPG	Santiago
4º EP	16 de outubro	Educación viaria	Santiago
4º-5º-6º EI	7 novembro	Proposta plástica a través dos contos- Maxisterio	Santiago
5º e 6º EI	12 de novembro	Numax	Santiago
3º EP	23 de xaneiro	MPG e CGAC	Santiago
4º EP	5 de febreiro	MPG	Santiago
3º EP	17 de xuño	Naturnova	Vigo

### D) Outras actividades culturais (foron solicitadas as seguintes):

GRUPO	DÍA	ACTIVIDADE
4º EI	16 abril	Animalia
5º EI	17 abril	Animalia
6º EI	9 marzo	Rato Pérez
2º EP	23 marzo	Os contos do Lobicán
3º EP	13 marzo	Son salvaxe
5º AeC-EP	21 novembro	Concerto músico máxico
5º B- EP	26 xaneiro	Crisálida

#### 4. DIFUSIÓN DO PLAN AO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Este plan de actividades formará parte da PXA, será presentado ao Consello Escolar, e se procede, quedarán aprobadas as actividades que figuren nesta programación. Posteriormente, para o desenvolvemento doutras actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade do centro, deberase contar coa aprobación do Consello Escolar e coa autorización escrita das familias. Así mesmo, o alumnado será acompañado polo profesorado correspondente na proporción dun profesor/a por cada vinte alumnos/as (tal e como indica a normativa) e o alumnado nee, que o precise, polo persoal coidador asignado.

#### 5. AVALIACIÓN

Na avaliación das actividades terase en conta o grao de cumprimento dos obxectivos, así coma: adecuación, temporalización e satisfacción.

		AVALIACIÓN				
		Nada de acordo		...	Moi de acordo	
ACTIVIDADE		1	2	3	4	5
	Cumprimento dos obxectivos					
	Adecuación ao nivel					
	Temporalización					
	Satisfacción do alumnado					



## ANEXO 8

### Plan de traballo para o Benestar e a Convivencia

## ANEXO 8: PLAN DE TRABAJO PARA O BENESTAR E A CONVIVENCIA

A diagnose da convivencia no centro, foi efectuada no mes de xuño do pasado curso para a elaboración do Plan de convivencia. A partir da súa análise, establécense as seguintes medidas para desenvolver ao longo do curso.

MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN	INDICADORES
<p>Información á comunidade educativa sobre as NOFC e o plan de convivencia do centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Circulares informativas.</li> <li>• Exposición destes documentos na páxina web do centro.</li> <li>• Información ás familias nas reunións de inicios de curso.</li> <li>• Tratamento en xuntanzas e nas aulas.</li> </ul>
<p>Programación de reunións para unha comunicación fluída co persoal non docente, persoal do comedor e monitoras e monitores de actividades extraescolares para informar sobre o cumprimento das medidas preventivas e as incidencias de convivencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización das xuntanzas.</li> <li>• Indicación dos acordos na PXA.</li> </ul>
<p>Participación, xunto co equipo directivo, en xuntanzas que precisen da mediación na resolución de conflitos, entre persoas que conforman a comunidade educativa.</p> <p>Deseño e desenvolvemento de accións formativas dirixidas ao alumnado sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Temas relacionados coa igualdade e o bo trato.</li> <li>• Os problemas das novas tecnoloxías.</li> <li>• Accións concretas sobre a violencia de xénero.</li> <li>• A educación afectivosexual.</li> <li>• A educación emocional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación das xuntanzas, recollida de datos e mediación de ser preciso.</li> <li>• Programación e realización das accións, en coordinación cos equipos docentes.</li> </ul>
<p>Posta en práctica de técnicas de mediación escolar.</p>	<p>Organización dos elementos necesarios para que poida desenvolverse un programa de mediación escolar.</p>
<p>Posta en práctica de técnicas de relaxación.</p>	<p>Dedicación dun tempo de certas clases ao traballo con estas técnicas.</p>

Favorecer o desenvolvemento de actividades de formación entre o profesorado en diferentes momentos do curso para mellorar a xestión dos problemas de convivencia do centro.	Realización de accións formativas por un 75% do profesorado.
<b>MEDIDAS ORGANIZATIVAS</b>	<b>INDICADORES</b>
Desenvolvemento das actividades presentes no <i>Plan de acollida</i> , para o alumnado de nova incorporación.	Avaliación do realizado e reprogramación en caso de ser necesario..
Adaptación de horarios para favorecer a incorporación do alumnado de 4º de educación infantil.	Avaliación do realizado e reprogramación en caso de ser necesario..
Elaboración dun <i>Plan de igualdade, autoestima e autoconhecimento</i> para pór en práctica na acción tutorial co alumnado.	Elaboración e aprobación do Plan para a súa difusión.
Organización de accións e espazos para o cumprimento das normas de convivencia.	Acondicionamento da entrada da antiga casa do conserxe como zona de “espazo calmo”.
Potenciación de reunións do equipo directivo con alumnado representante das titorías para analizar a organización do centro desde a súa perspectiva e recoller as súas propostas.	Execución das reunións e recollida das propostas para seren levadas ante os equipos e/ou órganos de dirección pertinentes.
Posta en práctica de novas estratexias de <i>Patios participativos</i> .	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dedicación mínima dun día á semana de recreo a xogos participativos e inclusivos.</li> <li>• Avaliación das súas dinámicas na CCP.</li> </ul>
Potenciación de ENAPAS que desenvolvan estratexias para mellorar, como familias, a xestión emocional e a convivencia.	Realización das xuntanzas.
<b>MEDIDAS CURRICULARES.</b>	<b>INDICADORES</b>
Análise de contidos na selección de material curricular que promova a igualdade de xénero, a inclusión e o respecto polas minorías.	Elaboración dunha folla de rexistro para calificar o material e presentar á xefatura de estudos.

<p>Difusión de regras básicas para un uso non sexista da linguaxe, tanto no plano oral coma no escrito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación do uso nos documentos do centro.</li> <li>• Folletos informativos para as titorías.</li> </ul>
<p>Emprego de metodoloxías activas que fomenten a participación de todo o alumnado e a inclusión de quen amose máis dificultades sociais ou cognitivas.</p>	<p>Constatación nas programacións didácticas.</p>
<p>Deseño e desenvolvemento de unidades didácticas que promovan a coeducación así como a visibilización do labor das mulleres.</p>	<p>Constatación nas programacións didácticas, con alo menos unha actividade por trimestre.</p>
<p>Deseño e desenvolvemento de unidades didácticas que propicien a análise crítica da información recibida (imaxes, noticias das redes sociais, programas de televisión...)</p>	<p>Deseño de tarefas que impliquen a análise da linguaxe dos medios de comunicación: xornais interactivos, publicidade, a radio, os formatos cromáticos...</p>
<p>Desenvolvemento de actividades e tarefas que propicien unha interrelación entre o alumnado de diferentes cursos.</p>	<p>Organización de actividades interniveis, ben a nivel de todo o centro ou entre diferentes cursos.</p>
<p>Celebración de datas especiais que fomenten a reflexión sobre determinados problemas de convivencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Día da non violencia.</li> <li>• 25N e 8M.</li> <li>• Día de Internet seguro.</li> <li>• Día contra a violencia e o acoso escolar.</li> <li>• Día do pobo xitano.</li> <li>• Día dos dereitos da nena e do neno.</li> <li>• Día contra o acoso escolar.</li> <li>• Día da diversidade sexual.</li> <li>• Outras propostas dos equipos.</li> </ul>	<p>Desenvolvemento das accións programadas polos diferentes equipos docentes, contando con colaboración externa se fora necesario.</p>
<p>Programación de adaptacións do currículo, das metodoloxías, dos criterios de avaliación..., segundo as características de cada alumna ou alumno.</p>	<p>Análise dos expedientes e execución do indicado.</p>

<b>Adquisición de material para favorecer unha metodoloxía inclusiva.</b>	Destino dunha partida económica do orzamento xeral da biblioteca e do centro para este fin.
---	---

<b>MEDIDAS PARA A COORDINACIÓN</b>	<b>INDICADORES</b>
Deseño dun <i>Programa de habilidades sociais</i> para o alumnado que reiteradamente incorra en condutas disruptivas.	Posta en práctica do programa cando sexa necesario tendo en conta as NOFC.
Visibilización do traballo da persoa coordinadora de benestar e convivencia no centro e coordinación das actuacións.	Participación desta persoa nas reunións da CCP.
Creación da Comisión de Convivencia no seo do Consello Escolar.	Reunión, como mínimo, unha vez por trimestre e posta en común do desenvolvemento da convivencia do centro, accións que se están a desenvolver...
Nomeamento dunha persoa responsable de impulsar as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre os homes e as mulleres no seo do Consello Escolar.	Participación desta persoa nas reunións da CCP.
Creación dunha comisión para o desenvolvemento dun proxecto de patios inclusivos.	Desenvolvemento do proxecto, contando, de ser necesario, con outras institucións.
Reunións dos equipos docentes para a organización de determinadas celebracións.	Reunión dos equipos de dinamización a inicios de cada trimestre. Difusión do acordado nas xuntanzas dos equipos de nivel ou nos Claustros.
Análise da convivencia ao longo do curso e reaxuste das medidas necesarias.	Resumo nas xuntanzas da CCP e elaboración dunha memoria final.

## OUTRAS PROPOSTAS

**Formación a cargo da Cruz Vermella**, departamento de xuventude (ao longo do curso escolar).

- No primeiro trimestre impartirán obradoiros ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria sobre “Prevención de acoso e ciberacoso nas aulas”.
- No segundo e tercer trimestre será sobre outros temas que eles propoñerán e que estarán tamén enfocados á convivencia pacífica e resolución de conflitos.

Farase en sesións de dúas horas en cada aula.

### **Acordo de colaboración co Secretariado xitano:**

- Trazaranse as liñas xerais desta colaboración.
- Haberá seguimento e intercambio de información cos titores e titoras que teñan nas aulas a nenos e nenas desde colectivo coa periodicidade que sexa necesaria segundo as necesidades do momento e as que vaian xurdindo.

### **Plan de actividades físicas e hábitos saudables:**

*Será xestionado polas persoas docentes especialistas en Educación Física, a persoa coordinadora de benestar e convivencia, a persoa coordinadora de actividades extraescolares e pola dirección do centro.*

- Farase un obradoiros de primeiros auxilios, RCP, curas básicas etc en todos os niveis
- Favorecer unha escola segura e amable, en canto aos espazos, para a realización das diferentes actividades físicas, xogos etc.
- Proporcionar ferramentas ao profesorado a través de propostas formativas para desenvolver actividades que repercutan na boa saúde e no benestar do alumnado e compatilas con outros centros e institucións.



## ANEXO 9

### Plan de Actividades físicas e hábitos saudables

## 1. INTRODUCCIÓN

O dereito á protección da saúde está recollido na nosa lexislación básica, en concreto no artigo 43 da *Constitución Española*, mentres que no artigo 4 da *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia* se establece que os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.

A promoción da saúde, baséase nos contornos, entendidos como lugares ou contextos sociais en que as persoas desenvolven as actividades diarias e onde interactúan factores ambientais, organizativos e persoais que afectan á saúde e ao benestar. Loxicamente, un bo exemplo é o propio centro de ensino, por iso, segundo recolle a normativa, deben integrarse nos currículos as medidas necesarias para a difusión destes hábitos de vida saudable.

Así, o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables do CEIP de Prácticas López Ferreiro, realízase seguindo as directrices lexislativas recollidas na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de Educación (LOMLOE), na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o *Decreto 155/2022*, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a *ORDE do 30 de maio de 2023* pola que se desenvolve e o *Decreto 150/2022*, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo a educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, sen esquecer as recomendacións da OMS (Organización Mundial da Saúde), os ODS da Axenda 3020 e os Principios DUA.

Será xestionado polas persoas docentes especialistas en Educación Física, a persoa coordinadora de benestar e convivencia, a persoa coordinadora de actividades extraescolares e pola dirección do centro.

O Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables, seguindo as directrices da OMS ten que ver coa Educación para a saúde, entendida como unha combinación de experiencias de aprendizaxe, deseñadas para axudar ás persoas e as comunidades a mellorar a súa saúde mediante o aumento de coñecementos, a motivación e a mellora da alfabetización en saúde.

Relaciónase coa promoción de actuacións encamiñadas a favorecer nas persoas unha maneira de pensar, de sentir e de comportarse que desenvolva ao máximo a súa capacidade de vivir individual e colectivamente en equilibrio co seu contorno físico, biolóxico e sociocultural.

É fundamental que o noso alumnado leve a cabo habilidades cognitivas que lle permitan planificar, organizar e regular o seu comportamento para ser quen de resolver problemas de forma eficaz.

Educación é contribuír ao desenvolvemento integral da persoa. Neste sentido, a escola desempeña un papel esencial como espazo de promoción da saúde, favorecendo estilos de vida activos, unha alimentación equilibrada, o coidado do descanso, a xestión saudable das emocións e as relacións interpersoais positivas.

A nosa contorna escolar debe ser ese espazo protector, especialmente fronte ás ameazas contemporáneas como o sedentarismo, o mal uso das pantallas, a desregulación emocional, o estrés precoz ou o illamento social. Crear contornos educativos seguros, inclusivos e estimulantes non só mellora o benestar do alumnado, senón que actúa como factor de prevención primaria fronte a futuros

problemas de saúde física e mental.

Sabemos que un bo estado físico e emocional favorece unha actitude proactiva cara á aprendizaxe competencial, mellora o autoconcepto das persoas e xera benestar en toda a comunidade educativa.

Debemos, polo tanto, incorporar á nosa rutina diaria da escola, actividades e condutas que repercutan positivamente no noso benestar físico, psicolóxico e social.

A promoción de hábitos saudables non só fortalece o corpo, senón tamén potencia a capacidade de aprender, convivir e medrar con benestar.

Este Plan persegue desenvolver un estilo de vida saudable en sentido amplo.

Isto implica o desenvolvemento de hábitos e comportamentos que se deben levar a cabo para coidar de maneira adecuada o corpo e a mente ao longo da vida. Unha maneira de actuar con responsabilidade, de vivir con coherencia e de ser quen de tomar decisións que teñan en conta non só o beneficio persoal, senón tamén o impacto que xeramos nos demais e no mundo no que habitamos.

Apóyase, polo tanto, nunha mirada integradora que ten en conta o corpo, a mente, as emocións e a promoción da saúde como un proceso, que permite ás persoas, de forma individual e colectiva incrementar o control sobre a súa saúde co fin de melloralas (Carta de Ottawa, 1986).

Non esqueceremos que as persoas docentes somos o “espello emocional e co-regulador” do noso alumnado.

## **2. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN**

- Formar o alumnado para que sexa quen de elixir e desenvolva condutas que favorezan a súa saúde e benestar, mediante a adquisición de coñecementos, valores, habilidades e a realización de propostas inclusivas relacionadas coas competencias emocionais, coa nutrición, a actividade física, a hixiene persoal e demais hábitos saudables.
- Construír un ecosistema escolar saudable, onde os espazos e os tempos se convertan en oportunidades para o benestar, a regulación emocional, a convivencia e a aprendizaxe.

### **2.1 Obxectivos específicos:**

- Potenciar e afianzar a educación en valores e a comunicación entre o alumnado como vehículo de resolución de conflitos e de cohesión grupal.
- Incorporar enfoques metodolóxicos inclusivos e participativos e prácticas educativas de atención plena, conciencia corporal, regulación emocional e autocoidado adaptadas ao nivel de desenvolvemento do alumnado..
- Afianzar a autonomía persoal e a empatía como valores fundamentais para o crecemento persoal e social do noso alumnado (exemplo: a través das sesións de ioga, dos equipos de axuda ou do Consello escolar do alumnado)
- Sensibilizar o alumnado e as familias sobre a importancia do exercicio físico e unha alimentación equilibrada como medio para acadar a calidade de vida e a saúde.
- Fomentar estilos de vida activos, saudables e conscientes, integrando o movemento, a alimentación sa, o xogo libre, o descanso reparador e o contacto coa natureza, desde un enfoque de prevención e promoción da saúde.
- Establecer vínculos sólidos coas familias e coa contorna para promover un ecosistema protector

para a infancia.

- Fomentar hábitos de autocoidado saudables e equilibrados en colaboración co noso comedor e con institucións da contorna: hixiene ocular, bucodental, postural e corporal e hábitos alimentarios (que o noso alumnado consuma máis alimentos e menos produtos).
- Promover na escola, o exercicio físico e os xogos, velando por un uso adecuado das ferramentas tecnolóxicas, para favorecer así as habilidades motrices, sociais e cognitivas.
- Desenvolver obradoiros de primeiros auxilios, RCP, curas básicas etc
- Favorecer unha escola segura e amable, en canto aos espazos, para a realización das diferentes actividades físicas, xogos etc.
- Proporcionar ferramentas ao profesorado a través de propostas formativas para desenvolver actividades que repercutan na boa saúde e no benestar do alumnado e compatilas con outros centros e institucións.

### **2.2 Indicadores de logro de cara ao alumnado:**

- Identifica, comprende e respecta as normas e regras dos xogos e das actividades e prácticas educativas promotoras da saúde.
- Favorece as boas relacións entre compañeiros e compañeiras valorando e respectando as demais persoas que participan nas actividades.
- Toma conciencia, reflexiona e dialoga para resolver situacións conflitivas que poidan xurdir nos espazos do centro e en actividades físicas de distinta índole.
- Aмосa interese por adquirir hábitos relacionados coa saúde, os coidados e o benestar.
- Toma conciencia da importancia dunha boa alimentación, hixiene corporal, boa postura, quecemento antes de iniciar unha actividade física, coidado dos espazos...

### **2.3 Indicadores de logro cara ao resto da comunidade educativa:**

- Participa activamente nas iniciativas do centro ao respecto da promoción da saúde e do desenvolvemento de actividades físicas, compartindo as boas prácticas con outros centros e institucións, xerando coñecemento e contribuindo a unha transformación educativa sostible, baseada no coidado.

## **3. Actividades para desenvolver os obxectivos Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables do CEIP de Prácticas López Ferreiro:**

1. Momentos diarios, ao inicio da xornada ou despois do recreo, de silencio corporal e respiración ou visualización guiada, de relaxación, estiramento... (2-5 minutos).
2. Sesións semanais de educación emocional: identificación de emocións, xogos emocionais, exercicios de regulación, etc.
3. Tempos de calma, nos recunchos establecidos para esta actividade en aulas e corredores.
4. Pausas activas conscientes entre sesións lectivas, combinando estiramientos, respiración, xogos de coordinación e expresión corporal libre.
5. Fomento, desde as titorías, no tempo da merenda de media mañá, do hábito do consumo de produtos saudables, evitando envasados, graxas saturadas, azucres refinados e alimentos

ultraprocesados.

6. Iniciativas, desde as titorías, de hábitos de hixiene corporal, postural, visual... e de responsabilidade na utilización das ferramentas dixitais.
7. “Patios inclusivos” e xogos cooperativos como aposta de cohesión para o tempo do recreo.
8. Iniciativas desenvolvidas desde a Fundación Yehudi Menuhin e Convive+
9. Aprendizaxe sobre órganos, sistemas e funcións corporais, relacionándoas con experiencias somáticas concretas: respiración, latexo, dixestión, movemento, descanso...
10. Desenvolvemento de destrezas motrices básicas a través das propostas das materias de psicomotricidade e educación física que melloran o desenvolvemento neuromuscular e a coordinación, potencian a creatividade e a adquisición de valores...
11. Participación en programas de saúde visual, de ioga, de equipos de axuda...
12. Participación en iniciativas de achegamento ao cultivo e consumo de froitas e verduras, a través do equipo de Medioambiente e en coordinación co comedor da escola.
13. Implicación e formación da comunidade educativa e da contorna en iniciativas relacionados coa educación para a saúde e ser quen de compartilas entre todas e todos.

#### **4. Avaliación:**

Deseñaranse mecanismos de avaliación e seguimento baseados en evidencias e nos indicadores de logro establecidos.



## **ANEXO 10**

### Previsión de actividades extraescolares

***ANPA***

## **1 PROTOCOLO DOS SERVICIOS DE COMEDOR.**

A asociación de Nais e Pais de Alumnos/as López Ferreiro ten como un dos obxectivos prioritarios acadar a mellor conciliación posible da vida familiar e laboral dos pais e nais do alumnado. Neste senso ven xestionando, de maneira continuada, e desde hai xa moitos anos o servizo de comedor do CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela (desde os seus inicios como Colexio de Prácticas de Maxisterio dependente da Universidade de Compostela no ano 1976, e tamén posteriormente cando a Consellería de Educación asumiu a xestión do centro no ano 1985). O colexio posúe instalación de cociña e comedor e a nosa Asociación fai unha xestión integral das mesmas. Desde as contratacións e seguridade social de coidadores/as e de persoal de cociña, a elaboracións de menús, a compra de produtos alimenticios (facendo especial fincapé nos produtos de orixe galego, produtos de agricultura ecolóxica e de tempada), a compra de enxoval, a xestión, control e garda do alumnado que queda a noso cargo no horario estrito do comedor e no servizo de atención inmediatamente posterior ata as 18:30, o mantemento dos aparellos e equipamentos da cociña, limpeza das instalacións, etc.

Os menús son revisados por Emma Enríquez Merayo (Dietista-Nutricionista colegiada nº GA00039, farmacéutica e directora de Nutriciona - <http://www.nutriciona.es>), tendo en conta as suxestións de monitoras e cociñeiras de longa experiencia neste eido, así como asistencia periódicas a cursos como: “Elaboración de menús infantís. A nutrición e os nenos”, “Cociña para colectividade (Colexios, xeriatricos e hospitais)”, “Cociñar con verduras”, “Alerxias a alimentos. Dificultades na Escola” etc, o cal permite manter unha dieta e pautas de nutrición axeitadas no alumnado. Trátase de ofertar uns menús variados, nutritivos, estacionais e completos, elaborados diariamente con produtos na súa meirande parte frescos e da tempada, tratando de que as receitas manteñan a nosa tradición culinaria (caldeirada de peixe, caldo, coliflor, potaxes...). Así mesmo, é cada vez máis, en resposta as circunstancias dos nenos e nenas do comedor, prepáranse menús especiais axeitados a patoloxías diversas (celíacos, alerxias alimentarias, dietas específicas..).

O número de coidadores/as no comedor é como mínimo o establecido polos regulamentos administrativos. Os nenos e nenas están en todo momento atendidos, sendo o obxectivo último que aprendan a gozar da comida saudable. Que medren en autonomía, tanto a hora de comer como nos hábitos hixiénicos anteriores e posteriores a esta. Este persoal de asistencia ao alumnado está distribuído nos tramos de infantil e de primaria (dependendo do día da semana e das actividades as que asistan, hai sobre 160 usuarios diarios do servizo en educación primaria con 8 coidadores encargados do seu coidado e custodia, e sobre 60 nenos en educación infantil con outros 5 coidadores) que están separados nas propias instalacións do comedor, tamén son usuarios do comedor escolar o persoal docente como non docente, sendo unha media de 220-230 comensais diarios.

A hora da contratación dos coidadores/as, tense en conta que calquera neno do colexio non anotado periodicamente pode asistir ao comedor avisando no mesmo día, segundo as necesidades de cada familia, sendo isto posible por contar con cociña propia, polo cal sobre de 300 nenos son xa socios da Anpa para poder usar os servizos, aínda que só sexa nalgún momento puntual.

No inicio de cada mes as familias teñen acceso a copias dos menús que terán os seus fillos e fillas para

que, desta maneira, poidan estar informados e que cada quen complemente na casa a nutrición dos rapaces da forma que coide máis axeitada. Así mesmo ditos menús están a disposición das familias no enderezo web: [www.anpalopezferreiro.org](http://www.anpalopezferreiro.org). En dito enderezo web pódese atopar toda información relevante sobre o funcionamento do servizo (menús, regulamento interno, impresos de inscrición e baixa no servizo, horarios). Pódese comprobar que o idioma de comunicación utilizado é o galego.

Este servizo ven funcionando desde hai moitos anos, coa única axuda institucional da Xunta de Galicia, a cal non chega ao 10% do orzamento necesario. A implicación do Concello, só se desenvolve a través das bolsas de comedor escolar, para familias específicas, non para a Anpa que xestiona o servizo.

**O servizo de comedor forma parte, intégrase e coordinase con outros servizos que presta a ANPA para acadar con recursos propios a mellor conciliación posible da vida familiar e laboral dos nosos alumnos/as:**

**Servizo de comedor;** O comedor funciona dende o primeiro ata o último día do curso escolar, segundo o calendario proporcionado polo colexio a principio de cada curso, desde o remate do horario lectivo ata que os rapaces son recollidos polo pai, nai ou titor/a (nun amplo horario que vai desde as 14:30, hora de remate da actividade lectiva e de inicio do servizo específico de comedor, ata as 17:00 h.)

Calquer alerxia ou intolerancia alimentaria debe ser anotada na folla de inscrición. Adaptarase o menú a cada caso particular.

DE 1º A 6º DE PRIMARIA. As 14:30 as coidadoras esperan aos nenos que saen das clases cara o baño para ir asentando hábitos de hixiene antes de sentarse a mesa. Unha vez aseados son trasladados o comedor. A medida que os rapaces van rematando de comer teñen que pasar polo baño a fregar os dentes. Logo desta rutina de hixiene dispoñen de diversos espazos para xogar tales como: Mesas, no propio comedor para realizar pequenas manualidades, crebacabezas, montables ou diversos xogos de mesa coma xadrez, parchís, cartas, etc. Dispoñen a se mesmo de espazos exteriores, tales como o patio de columnas e as pistas deportivas.

INFANTIL Os coidadores recollen os nenos directamente en cada aula e son acompañados ao baño para o aseo tanto antes como despois da comida. O patios de xogos usados son o patio acristalado e o parque de bambáns exterior.

Durante o xogo, os nenos están custodiados en todo momento polos coidadores/as .

Os nenos/as que teñen actividades dentro do colexio ou no pavillón "LORENZO DE LA TORRE" son recollidos no patio polos monitores das actividades e trasladados ata o lugar correspondente para realizar a actividade e o monitor/a que imparte a mesma faise cargo dos nenos/as, pasando a responsabilizarse dos mesmos. Deste xeito conseguimos que non se rompa a cadea de custodia en ningún momento ata que os nenos e nenas son recollidos pola persoa que lle corresponde.

As persoas autorizadas para recoller os nenos son os titores que firman a solicitude de inscrición e a quen estes autoricen no formulario de inscrición e/ou verbalmente, informando aos coidadores coa maior antelación posible.

Se alguén necesita irse antes das 15:30 poden recoller o neno directamente no comedor, (a poder ser avisando con antelación). Nestes casos os nenos non pasarán polo baño a cepillarse os dentes.

**Programa de madrugadores:** No presente curso temos unha media de 120 nenos diarios, aos que se suman os esporádicos e suman mais de 200 usuarios/as , e en caso de urxencia non é necesario avisar con antelación.

O inicio de madrugadores é as 07:30 h., e o neno/a pode incorporarse a calquera hora. Servirase o almorzo de 08:00 a 09:00 h., (se por algún motivo puntual o neno ou nena ten que almorzar despois das 09:00 non hai problema, ningún neno irá sen almorzar por chegar despois das 09:00, pero compre evitalo polo ben do neno, xa que non lle dará tempo de almorzar tranquilamente e seguir o ritmo dos compañeiros e compañeiras). De 09:00 a 09:30 os rapaces e rapazas aséanse e prepáranse para as clases incluído o fregado de dentes.

Se o neno/a xa almorzou na casa débese avisar ao coidador/a no momento de entrar.

No almorzo deben tomar e poden escoller:

- Un lácteo: Leite con cacao, leite só, ou iogur.
- Hidratos de carbono: Galletas, cereais, tostadas de pan que se varían con marmeladas, aceite, mel, manteiga con azucre, crema de chocolate,....
- Froita: Mazá, pera, plátano, melón, sandía, amorodos, ...dependendo da tempada.

A medida que rematan o almorzo deben cumprir ca rutina de limpar os dentes e asearse antes de entrar nas aulas.

Antes e despois de almorzar os nenos e nenas xogan, pintan, .....no propio comedor.

Dende a zona do comedor os nenos son acompañados as entradas correspondentes segundo o curso de cada un, non baixan ao patio exterior.

**Nota: o prezo de madrugadores é o mesmo para todos os nenos, sen ter en conta a hora de entrada nin se almorzan ou non.**

**Merenda saudable:** Sempre consta de froita e logo un pequeno bocadillo (queixo, chourizo, nocilla...) ou iogour de beber

Se o usuario/a vai a madrugadores e é de infantil, 1º e 2º primaria entón méteselle a merenda na mochila, se non son de madrugadores acércaselle a merenda a súa aula.

Os nenos/as de 3º a 6º primaria pasan a recoller a merenda eles mesmos/as

O servizo de merenda pode usarse de forma esporádica avisando en calquera momento e acércaselle a merenda a aula.

**Programa de muda;** Servizo que se puxo en marcha o curso 2013/14 para nenos e nenas de educación infantil, especialmente para os de 3 anos aínda que cada ano son mais usuarios de distintos cursos incluso primaria xa que ter unha muda por si se mollan vindo para o colexio dende a casa , dende educación física ou no recreo tamén as veces móllanse coa botella de auga ou líquidos da merenda, este curso conta con 65 usuarios. Revélase como de gran axuda ás familias xa que a moitas lles suporía un gran trastorno vir desde o traballo a mudar o fillo/a. A muda debe vir en bolsa có nome do neno/a. Traer unha muda completa e calzado se o consideran necesario. Aínda que o neno/a non utilice o servizo de madrugadores ou comedor a **muda** debe ser entregada **no comedor e non na aula.**

**Ludoteca:** Existen diversas actividades xestionadas pola ANPA que cubren o horario entre as 17:00 e 18:30 pero, por falta de espazos, non sempre se poden programar para todo o alumnado e para as

distintas idades, por ese motivo, comezou o servizo de ludoteca, un espazo onde poder xogar cos compañeiro, facer deberes,...mentres non chegan as familias a recollelos/as.

**Información xeral respecto dos programas de madrugadores, merenda, comedor e muda, ludoteca:**

Os devanditos servizos teñen o seu inicio *para os nenos e nenas de 3 anos* cando estes comezan as clases toda a mañá, coincidindo co fin do período de adaptación.

Todo o alumnado de infantil debe de traer un mandilón e un estoxo con cepillo e pasta de dentes que levarán todos os días para a casa para ser hixienizados

Calquera recado que haxa para o profesorado deixaranos os cuidadores/as por escrito, nomeando a quen vai dirixido e de que neno é, o igual que as bolsas de material, aniversarios, actividades extraescolares, etc...todo co nome do neno e curso.

Desde maio do 2024 a ANPA optou por profesionalizar a xestión das actividades extraescolares e contamos coa inestimable colaboración e o traballo de dúas das nosas cuidadoras de comedor, Andrea Maria Iglesias Almeida e Laura Abad Noya, que están agora a cargo da organización das actividades e dispoñen de correo electrónico para atender ás dúbidas. Con este cambio cara unha profesionalización propicia unha maior axilidade e calidade na xestión dos servizos que ofrece a ANPA.”

Neste documento aparece a información sobre as actividades extraescolares para o curso 2025/26. A data de inicio de todas as actividades será a primeira semana de outubro e iniciamos a inscrición na primeira semana de setembro.

A participación nas actividades será por orde de inscrición, podendo quedar en listaxe de agarda.

As familias que solicitan bolsa do Concello para actividades extraescolares, deben indicalo no momento de facer a inscrición. dos organizadores e / ou profesores dentro da descrición de cada actividade. E están a disposición no correo electrónico [extraescolares.lopez.ferreiro@gmail.com](mailto:extraescolares.lopez.ferreiro@gmail.com)

Lugar	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
<b>Corredor infantil</b>	<b>17-17:45</b> Inglés INFANTIL	<b>17-17:45</b> Inglés INFANTIL	<b>17-17:45</b> Inglés INFANTIL	<b>17-17:45</b> Inglés INFANTIL	
<b>Aula Rosa suarez</b>				<b>16:45-17:30</b> Guitarra	
<b>Patio acristalado</b>	<b>17:00-18:30</b> Danza 1º- 2º-3º primaria	<b>17:00- 18:30</b> Taekwondo	<b>17:00-18:30</b> Danza 4º-5º-6º primaria		
<b>Aula psicomotricidade do patio de columnas</b>	<b>16:00-17:00</b> Danza infantil	<b>16:00- 17:00</b> Judo infantil + 1º e 2º primaria		<b>16:00-17:00</b> Judo infantil + 1º e 2º primaria	<b>16:00-17:00</b> Música e baile tradicional galego (infantil) <b>17:00-18:00</b> Música e baile tradicional galego (primaria)
<b>Aula conserxe</b>			<b>16:00-17:00</b> TEATRO (pequenos)  <b>17:00-18:00</b> TEATRO (maiores)		
<b>Aula do Paiaso</b>	<b>16:00-17:00</b> Xogoteca Chafarís <b>17:00-17:45</b> Inglés primaria 1º 2º 3º	<b>16:00-17:00</b> Robótica 1º a 3ª primaria <b>17:00-17:45</b> Inglés primaria 1º 2º 3º	<b>16:00-17:00</b> Xogoteca Chafarís <b>17:00-17:45</b> Inglés primaria 1º 2º 3º	<b>16:00-17:00</b> Robótica 4º a 6ª primaria <b>17:00-17:45</b> Inglés primaria 1º 2º 3º	
<b>Pavillón Lorenzo de la Torre</b>	<b>16:10-17:05</b> Futbol sala infantil + 1º-2º primaria <b>17:05-18:00</b> Futbol sala 3º-6º primaria	<b>16:00-17:00</b> Baloncesto 1º e 2º Primaria  <b>17:00-18:00</b> Baloncesto 3º a 6º Primaria	<b>16:10-17:05</b> Futbol sala infantil + 1º-2º primaria <b>17:05-18:00</b> Futbol sala 3º-6º primaria	<b>16:00-17:00</b> Baloncesto 1º e 2º Primaria  <b>17:00-18:00</b> Baloncesto 3º a 6º Primaria	
<b>Pabellon colexio Vite-1</b>	<b>18:00-19:00</b> Patinaxe iniciación	<b>18:00-19:00</b> Patinaxe perfeccionam.	<b>18:00-19:00</b> Patinaxe iniciación	<b>18:00-19:00</b> Patinaxe perfeccionam.	
<b>Corredor pasillo biblioteca</b>	<b>16-16:45</b> Inglés 4º, 5º e 6º	<b>16:00-17:00</b> Xadrez	<b>16-16:45</b> Inglés 4º, 5º e 6º PRIMARIA	<b>16:00-17:00</b> Pandeireta e canto 4ºplanta	

	PRIMARIA grupo E		grupo E		
Comedor		Artes plásticas,cr eatividades e expresión 16:00-17:00 17:00-18:00			
Pavillon vite 1			Tenis de mesa 17:00-18-00		

<b>Aulas de Música e Baile Tradicional Galego</b>	
<i>Descrición</i>	Aulas de introdución a música e ao baile tradicional galego, cun formato lúdico e ameno. Traballando sempre a través do xogo, búscase fomentar o desenvolvemento corporal e a psicomotricidade, a coordinación, o ritmo e a improvisación. Todo iso, atravesado por principios de igualdade e de desenvolvemento grupal, provomendo as habilidades sociais, a empatía, a colaboración, a solidariedade, a resolución de conflitos e o crecemento social das crianzas. Aprenderanse as diferentes partes do baile tradicional e os seus elementos básicos, sempre acompañado de moita música.
<i>Organiza / Imparte</i>	Claudia Fidalgo ( <a href="mailto:musicaebailetradicionalgalego@gmail.com">musicaebailetradicionalgalego@gmail.com</a> )
<i>Horarios</i>	Grupo de infantil: Venres 16:00 a 17:00 Grupo de primaria: Venres 17:00 a 18:00
<i>Lugar</i>	Aula de psicomotricidade (con entrada polo patio de columnas)
<i>Prezo</i>	€20/mes, con pago trimestral (1ºT €60, 2ºT €60, 3º T €60)
<i>Número de participantes por grupo</i>	Mínimo 6 por grupo Máximo 12 por grupo

<b>Baloncesto</b>	
<i>Descrición</i>	As escolas de baloncesto do Obradoiro son unha grande oportunidade de aprender a xogar ao baloncesto, con diversión e ilusión. Os piares nos que se sostén esta canteira son o seu carácter social, que fomenta a non discriminación de ningún tipo, e o seu modelo de formación integral, que imparte unha educación deportiva tanto na vertente física como na psicolóxica.  <a href="https://www.obradoirocab.com/info/informacion-cantera/1770/">https://www.obradoirocab.com/info/informacion-cantera/1770/</a>
<i>Organiza / Imparte</i>	Persoa de contacto: Camilo Riveiro (Club Obradoiro CAB) 637313709 <a href="mailto:cantera@obradoirocab.com">cantera@obradoirocab.com</a>
<i>Horarios</i>	Martes e xoves 17:00 a 18:30, dous grupos simultáneos (un de 1º e 2º de primaria, o outro de 3º a 6º de primaria). <b>Se houbera un número mínimo de 20 inscricións en algún dos grupos de idade</b> , abriráse un novo horario, desdoblado de 16:00-17:00 e de 17:00-18:00 Martes e xoves 16:00-17:00 1º e 2º de primaria. Martes e xoves 17:00-18:00 3º-4º-5º-6º de primaria.
<i>Lugar</i>	Pavillón Lorenzo de la Torre. <i>As crianzas que quedan no comedor baixan desde o colexio ata o pavillón acompañados polos monitores da actividade.</i>
<i>Prezo</i>	€20 por mes (+ €35 equipación do club)
<i>Número de participantes por grupo</i>	Mínimo 10 participantes en total Máximo 30 participantes por franja horaria

<b>Danza</b>	
<i>Descrición</i>	Actividade de danza e movemento na que traballaremos diferentes disciplinas ao longo do curso (danza moderna, técnica clásica, urbano...). Haberá tamén a posibilidade de participar no Certame de Danza Intercentros organizado en colaboración co Concello de Santiago.
<i>Organiza / Imparte</i>	Beatriz Viñal 678 893 264
<i>Horarios</i>	Grupo de infantil: Luns 16:00-17:00 Grupo 1º-2º-3º de primaria: Luns 17:00-18:15 Grupo 4º-5º-6º de primaria: Mércores 17:00-18:30 O alumnado do grupo de infantil que teña a actividade de inglés a continuación de danza terá que estar na actividade de danza ata o final da clase, para non interromper a dinámica normal da mesma.
<i>Lugar</i>	Grupo de infantil: Aula de psicomotricidade (con acceso polo patio de columnas) Grupos de primaria: aula psicomotricidade
<i>Prezo</i>	€20 / mes. Curso completo €180
<i>Número de participantes</i>	Mínimo: 6 por grupo Máximo: 25 por grupo

<b>Fútbol sala</b>	
<i>Descrición</i>	A actividade e un achegamento ás habilidades básicas do fútbol, onde se traballa técnica individual e pequenos conceptos tácticos acordes á idade d@s nenos@s.
<i>Organiza / Imparte</i>	Juanjo (Diverpatin) <a href="mailto:diverpatin@hotmail.com">diverpatin@hotmail.com</a> 600216836
<i>Horarios</i>	Infantil e 1º-2º primaria: luns e mércores, 16:10-17:05 3º-4º-5º-6º primaria: luns e mércores, 17:05-18:00 <i>As familias con crianzas de diferentes grupos de idade e necesidades concretas de conciliación poden consultar co organizador da actividade.</i>
<i>Lugar</i>	Pavillón Lorenzo de la Torre. <i>As crianzas que quedan no comedor baixan desde o colexio ata o pavillón acompañados polo monitor da actividade.</i>
<i>Prezo</i>	€20/mes, pago trimestral. Se a súa crianza combina as actividades de fútbol sala e/ou hockey/patinaxe, o importe mensual son €20 mensuais polas dúas actividades.
<i>Número de participantes</i>	Mínimo 8 participantes Máximo 25 por grupo

<b>Guitarra</b>	
<i>Descrición</i>	
<i>Organiza / Imparte</i>	Manu lucas mariño teléfono mail: 635348498 <a href="mailto:lucasmariomanuel@gmail.com">lucasmariomanuel@gmail.com</a>
<i>Horarios</i>	Xoves 16:45-17:30 <i>Poderase abrir un grupo anterior e outro posterior, en función do número de persoas interesadas.</i>
<i>Lugar</i>	Aula infantil( rosa suarez)
<i>Prezo</i>	€35/mes (o precio pode variar en relación co número de participantes)
<i>Número de participantes</i>	Mínimo de 3 participantes Máximo 6 por grupo

<b>Hockey sobre patíns</b>	
<i>Descrición</i>	É unha actividade das máis completas na formación deportiva, tendo unha gran aprendizaxe da coordinación motriz e motora de xeito dinámico a través do xogo. Ao seren un deporte colectivo, @s nen@s adquiren os coñecementos moi rapidamente. Tamén a orientación espacial adquire gran importancia. É un deporte moi inclusivo con paridade entre nenos e nenas e con moita difusión e popularidade en Santiago.
<i>Organiza / Imparte</i>	Juanjo (Diverpatín) <a href="mailto:diverpatin@hotmail.com">diverpatin@hotmail.com</a> 600216836
<i>Horarios</i>	Luns 16:15-17:30 Pavillón de Vite Luns 17:30-18:30 Pavillón de Vite Martes 17:00-18:00 Pavillón antigo colexio Junior's (Roxos) Martes 18:00-19:00 Pavillón antigo colexio Junior's (Roxos) Xoves 17:00-18:00 Pavillón antigo colexio Junior's (Roxos) Xoves 18:00-19:00 Pavillón antigo colexio Junior's (Roxos) Venres 16:30-17:30 Pavillón antigo colexio Junior's (Roxos) Venres 17:30-18:30 Pavillón antigo colexio Junior's (Roxos) Mércores 17:30-18:30 Pavillón do seminario menor (Belvís) Diversos horarios por tramos de idade e en diferentes ubicacións, entre as 4.30 e as 7 lu-ve. Para outros horarios do club podedes consultar co responsable la actividade, Juanjo, no teléfono 600216836.  <i>As familias con crianzas de diferentes grupos de idade e necesidades concretas de conciliación poden consultar co organizador da actividade.</i>
<i>Lugar</i>	Diversos lugares dependendo do horario, pero principalmente o pavillón de Vite, o pavillón do seminario menor en Belvís e o espazo D'Ocio en Roxos.
<i>Prezo</i>	€20/mes Pago trimestral + Ficha federativa (€55 anual) Se a súa crianza combina as actividades de hockey e fútbol sala/patinaxe, o importe mensual son €20 mensuais polas dúas actividades.
<i>Número de participantes por grupo</i>	Sen mínimo

<b>Inglés</b>	
<i>Descrición</i>	As clases impártense con dinámica de conversación, buscando un camiño natural ao apredizaxe do idioma, sen tradución e sen tarefas para casa, para non recargar os actuais estudos do alumnado. Profesorado especializado, asesorado e supervisado polo departamento pedagóxico da empresa que complementa as clases con vídeo, proxectos e actividades adaptadas ás idades do alumnado. O departamentos pedagóxico da empresa realiza unha supervisión dos grupos co obxecto de verificar o adecuado avance do alumnado, e trimestralmente notifica ás familias por escrito os resultados acadados polo alumnado
<i>Organiza / Imparte</i>	Marianella Rodríguez <a href="mailto:marianella@kith.eu">marianella@kith.eu</a> 667 771 730
<i>Horarios</i>	Luns e mércores 17-17:45. Educación infantil (grupo A) Martes e xoves 17-17:45. Educación infantil (grupo B) Luns e mércores 17-17:45. 1º-2º-3º primaria (grupo C) Martes e xoves 17-17:45. 1º-2º-3º primaria (grupo D) Luns e mércores 16-16:45. 4º-5º-6º primaria (grupo E)
<i>Lugar</i>	Comedor do colexio
<i>Prezo</i>	€30 /mes, 2 sesións semanais
<i>Número de participantes por grupo</i>	Mínimo 8 Máximo 14

<b>Judo</b>	
<i>Descrición</i>	Judo, considerado pola UNESCO e o COI como o mellor deporte formativo para nenos e nenas a partir de 3 anos. Actividade impartida por Javier Rial Seoane, maestro entrenador nacional de Judo (6º DAN de Judo, 3º DAN de Defensa Persoal, 3º DAN de Defensa Persoal Femenina, 1º DAN de Lucha Sambo, 1º DAN de Defensa Persoal Policial). Para a práctica de Judo é preciso o judogi (traxe) e a tramitación da licenza federativa (do que se encarga o club).
<i>Organiza / Imparte</i>	Javier Rial 615 093 734 <a href="mailto:compostelajudoclub@gmail.com">compostelajudoclub@gmail.com</a>
<i>Horarios</i>	Infantil + 1º e 2º primaria: martes e xoves 16:00-17:00 Grupo de 3º-6º primaria: martes e xoves 17:00-18:00
<i>Lugar</i>	Aula de psicomotricidade (patio de columnas)
<i>Prezo</i>	€21/mes, 2 sesións semanais + licenza federativa (anual)
<i>Número de participantes</i>	Mínimo 8 por grupo

<b>Pandeireta e canto</b>	
<i>Descrición</i>	Coa profesora xiana, música, cantareira e docente de ampla traxectoria no mundo da música tradicional en centros educativos achegarémonos a parte do noso patrimonio cultural inmaterial de xeito lúdico, desfrutando e pasándoo ben coa enerxía colectiva que crea o canto e a percusión. Aprenderemos diferentes ritmos e cantigas sempre dende unha ollada respetuosa que defende a igualdade de xénero e a mellora na comunicación, falando a lingua galega mentras imos descubrindo as nosas raíces musicais. Para crianzas a partir de 5 anos.
<i>Organiza / Imparte</i>	xiana <a href="mailto:xianasar@gmail.com">xianasar@gmail.com</a>
<i>Horarios</i>	Xoves 16:00 a 17:00. Para crianzas a partir de 5 anos.
<i>Lugar</i>	4º planta
<i>Prezo</i>	€20/mes
<i>Número de participantes</i>	Mínimo 4 participantes

<b>Patinaxe</b>	
<i>Descrición</i>	Na actividade traballaránse as cualidades básicas de coordinación motriz así como a psicomotricidade e a capacidade motora dunha forma dinámica e xogando, mediante os xogos e as figuras. Asimesmo, a orientación espacial e o ritmo e son, ao ter que seguir unhas coreografías con música.
<i>Organiza / Imparte</i>	Juanjo (Diverpatín) <a href="mailto:diverpatin@hotmail.com">diverpatin@hotmail.com</a> 600216836
<i>Horarios</i>	Grupo de iniciación: luns e mércores, 18:00-19:00 Grupo de perfeccionamento: martes e xoves, 18:00-19:00
<i>Lugar</i>	Pavillón do colexio Vite I (Avda. Burgo das Nacións)
<i>Prezo</i>	€20/mes, pago trimestral + ficha federativa (€55 anual) Se a súa crianza combina as actividades de patinaxe e/ou fútbol sala/hockey, o importe mensual son €20 mensuais polas dúas actividades.
<i>Número de participantes</i>	Sen mínimo

<b>Robótica</b>	
<i>Descrición</i>	Nesta actividade @s nen@s achéganse á tecnoloxía aprendendo a programar videoxogos e robots básicos, diseñando obxectos 3D e tamén espacios en realidade virtual. Ao mesmo tempo, adquiren as competencias básicas no uso dun ordenador e do paquete office.
<i>Organiza / Imparte</i>	Jorge Penabad (Rockbotic Galicia) 698 126 840
<i>Horarios</i>	Martes 16:00-17:00 1º-2º-3º primaria

	Xoves 16:00-17:00 4º-5º-6º primaria
<i>Lugar</i>	Aula do paiaso (entrada desde o patio de columnas)
<i>Prezo</i>	€29 por mes.
<i>Número de participantes</i>	Mínimo: 8 Máximo: 14

<b>Teatro</b>	
<i>Descrición</i>	La educación siempre ha sido una de las mayores preocupaciones de cualquier sociedad. Para formar a la infancia y a la juventud se han ensayado múltiples disciplinas. El arte dramático está incorporado como asignatura curricular en muchos países. El teatro: Enriquece la formación. Es una experiencia de comunicación y participación. Permite el conocimiento de uno mismo y del entorno. Potencia la educación en valores.
<i>Organiza / Imparte</i>	Lucas herrador teléfono: 610943148 mail <a href="mailto:lucasherradorlucas@gmail.com">lucasherradorlucas@gmail.com</a>
<i>Horarios</i>	Mércores 16:00-17:00 (ata 2º de primaria) martes 17:00-18:00 (3º a 6º de primaria)
<i>Lugar</i>	aula conserxe
<i>Prezo</i>	€25/mes ( <i>variable en función do número de participantes</i> )
<i>Número de participantes</i>	Mínimo de 3 participantes por grupo. Máximo de 15 participantes por grupo.

<b>Xadrez</b>	
<i>Descrición</i>	Recuperamos as clases de Xadrez impartidas por Fernando Sánchez, que xa colaborou coa nosa ANPA en cursos anteriores. Para alumnado a partir de 1º de primaria.
<i>Organiza / Imparte</i>	Fernando Sánchez, 669 505 012, <a href="mailto:popando@gmail.com">popando@gmail.com</a>
<i>Horarios</i>	Martes 16:00 a 17:00
<i>Lugar</i>	Comedor do colexio
<i>Prezo</i>	€18/mes
<i>Número de participantes</i>	Mínimo de 6 participantes. Máximo de 16 participantes.

<b>Xogoteca Chafarís</b>	
<i>Descrición</i>	Que é a xogoteca? Unha actividade lúdica arredor dos xogos de mesa. Xogando trataremos de resolver estranos casos, planear en equipo estratexias, calcular para tentar gañar, resolver retos e desafíos ou viaxar a mundos fantásticos. Xogando aprenderemos tamén a respetar a ecoloxía, a diversidade, a inclusión ou a igualdade de xénero. Cunha variada e coidada selección de xogos orientados a divertirse mentres se adquiren diferentes destrezas como: atención, lecto-escritura, traballo en equipo, concentración e moitas máis. Pero sobre todo xogar, aprender e divertirse! Para crianzas desde os 5 anos. Para mais información, consultade o dossier en pdf que achegamos.
<i>Organiza / Imparte</i>	Cristina e Kiko da xoguetería CHAFARÍS, da Algalia de Arriba <a href="mailto:info.chafaris@gmail.com">info.chafaris@gmail.com</a>

<i>Horarios</i>	Grupo de infantil, martes 16:00-17:00 Grupo de infantil, xoves 16:00-17:00 Grupo de primaria, martes 16:00-17:00 Grupo de primaria, xoves 16:00-17:00
<i>Lugar</i>	Aula do paiaso
<i>Prezo</i>	€15/mes por 1 sesión semanal €30/mes por 2 sesións semanais
<i>Número de participantes</i>	Mínimo 5 participantes. Máximo 15 participantes.

	El taekwondo es una disciplina que ayuda a los niños y niñas a su desarrollo físico y motriz en un ambiente de valores, de respeto humildad y perseverancia, si bien es un deporte también es un arte marcial, por lo cual el éxito radicará en el autoconocimiento y desarrollo personal, que luego le será útil para todas las situaciones de la vida.
<i>Organiza/imparte</i>	Luis Santander, academia área marcial,afilisda a club ITAFF GALIZA,federación galega de taekwondo
<i>Horario</i>	Martes de 17:00 18:30
<i>Lugar</i>	Aula psicomotricidade
<i>Prezo</i>	25 euros mes 35 licencia federativa anual
<i>Número participantes</i>	Mínimo 10 alumnos Edad participación a partir 2º de primaria



XUNTA  
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS  
LÓPEZ FERREIRO

## **ANEXO 11**

**PROTOCOLOS DE CHEGADA E RECOLLIDA  
DO ALUMNADO DE EXTRAESCOLARES  
E DE ACTUACIÓN EN CASO DE  
EMERXENCIAS OU AUSENCIAS**

***ANPA***

## ANEXO 11: PROTOCOLOS DE CHEGADA E RECOLLIDA DO ALUMNADO DE EXTRAESCOLARES E DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIAS OU AUSENCIAS – ANPA

### ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN NO CENTRO

Hai alumnado que acode ás aulas extraescolares que vén do comedor, encargándose o persoal coidador da ANPA de deixalas na aula onde se desenvolven as clases (aula do paiaso/aula na antiga casa do conserxe/aula de psicomotricidade/patio acristalado / comedor). Aquel alumnado que non vai ao comedor chegará pola porta correspondente do centro (portal da avda. Xoan XXIII/porta do comedor da rúa Xasmíns), onde o profesorado da actividade extraescolar os recolle e acompaña á aula.

Unha vez rematadas as aulas o profesorado da actividade extraescolar acompaña ao alumnado á porta de saída do colexio que corresponda (portal que dá á Avenida Xoan XXIII / entrada do comedor) e agarda a que veñan as nais/pais/titores legais.

No caso de non viren as familias recoller a algunha alumna/o o protocolo é o seguinte:

- O profesorado da actividade chama ao nº de contacto facilitado previamente polas familias.
- De non responderen as familias, o profesorado da actividade ten que poñerse en contacto coas coidadoras da ANPA que están no centro atendendo á ludoteca ata as 18:30. O número de teléfono do persoal coidador da ANPA entre 16:00 e 18:30 é o 649294475. En caso de non poder contactar co persoal de ludoteca, chamar a Susana (coordinadora do persoal coidador) ao número 691899742. En caso de necesidade, chamarse ao equipo directivo do colexio.

De ter un medio de contacto colectivo (grupo de whatsapp ou similar), é obrigatorio que estean todas as familias dadas de alta nese grupo, e informadas e conscientes de que por esa vía se pode informar de posibles ausencias do profesorado, cambios que poida haber nos horarios, cambios nos lugares de recollida, etc.

En caso de ausencia do/a profesor/a, o alumnado que come no colexio quedará ata as 17:00 h co persoal do comedor e a continuación co persoal de ludoteca ata que veñan as familias a recollelos. Sempre que se poida, o profesorado das actividades terá que tratar as ausencias con substitución, e avisar coa máxima antelación posible ás familias e á ANPA.

No caso que se dea unha emerxencia médica durante as clase, e para atender ao deber de cuidados e custodia, o protocolo é o seguinte:

- En caso necesario, o profesorado da actividade chamará aos servizos de emerxencia.
- Chámase á familia para informar do ocorrido.
- E se fai necesario acompañar a alguén ao ambulatorio ou a urxencias, chamarse ás coidadoras da ANPA que están no centro atendendo á ludoteca ata as 18:30. O número de teléfono do persoal da ANPA entre 16:00 e 18:30 é o 649294475. Chamarase ás familias para que veñan recoller ao alumnado que queda na clase, e o persoal da ludoteca quedará a cargo do alumnado ata que os veñan recoller.

## ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN NO PAVILLÓN LORENZO DE LA TORRE

Hai alumnado que acode ás aulas extraescolares que vén do comedor, encargándose o persoal coidador da ANPA de xuntar os grupos no patio de columnas do colexio, preparados para que baixen co profesorado da súa actividade ata o pavillón.

### **Aquel alumnado que non vai ao comedor chegará directamente ao pavillón Lorenzo de la Torre, non á cancela do colexio na avda. Xoan XXIII.**

Ao remate da clase o profesorado da actividade extraescolar acompaña ás alumnas e alumnos á porta de saída do pavillón e agarda a que veñan as nais/pais/titores legais.

No caso de non viren as familias recoller a algunha alumna/o o protocolo é o seguinte:

- O profesorado da actividade chama ao número de contacto facilitado previamente polas familias.
- De non responderen as familias, o profesorado da actividade ten que subir ao centro co alumnado que non foi recollido, e entregalos ás coidadoras da ANPA que están no centro atendendo á ludoteca ata as 18:30. O alumnado quedará no centro co persoal de ludoteca ata seren recollidos. O número de teléfono do persoal coidador da ANPA entre 16:00 e 18:30 é o 649294475. En caso de non poder contactar co persoal de ludoteca, chamar a Susana (coordinadora do persoal coidador) ao número 691899742. En caso de necesidade, chamarase ao equipo directivo do colexio.

De ter un medio de contacto colectivo (grupo de whatsapp ou similar), é obrigatorio que estean todas as familias dadas de alta nese grupo, e informadas de que por esa vía se pode informar de posibles ausencias do profesorado, cambios que poida haber nos horarios, cambios nos lugares de recollida, etc.

En caso de ausencia do/a profesor/a, o alumnado que come no colexio quedará ata as 17:00 h co persoal do comedor e a continuación co persoal de ludoteca ata que veñan as familias a recollelos. Se hai unha ausencia, o alumnado que vai directamente ao pavillón xa non irá, polo que é necesario que se avise ás familias e á ANPA das ausencias coa máxima antelación posible. Sempre que se poida, o profesorado das actividades terá que tratar as ausencias con substitución.

No caso que se dea unha emerxencia médica durante as clase, e para atender ao deber de coidados e custodia, o protocolo é o seguinte:

- En caso necesario, o profesorado da actividade chamará aos servizos de emerxencia.
- Chámase á familia para informar do ocorrido
- Se se fai necesario acompañar ao neno / á nena ao ambulatorio ou a urxencias, entendemos desde a ANPA que non entra nas funcións do persoal de conserxería do pavillón quedar a cargo do alumnado, co cal terá que haber dous monitores para que un quede custodiano ao resto do alumnado, de ser preciso.

## ANEXO Á PXA

No apartado **2.2 EN CANTO Á ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO**, engádesse:

Obxectivos	Medidas e recursos	Temporalización
Adquisición de competencias emocionais (identificación, regulación e autonomía emocional, habilidades sociais...) e de convivencia que incidan no bo trato, para o desenvolvemento integral do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Establecemento de contactos con diferentes asociacións e organismos para desenvolver unha formación baseada nas competencias emocionais, nos valores de respecto e inclusión e convivencia afectivo sexual: <i>COGAMI, Fundación Meniños, Feitoría verde, Atalaías, Cruz Vermella, Agareso, ACCP, Convive +...</i></li> <li>Adaptación de horarios para a posta en práctica e o desenvolvemento de certos proxectos.</li> </ul>	Programación de datas segundo as asociacións e os ciclos.
	<p><b>Desenvolvemento de actuacións individuais e colectivas en colaboración ou non con servizos externos ao centro, que fortalezan a coordinación, información e sensibilización da comunidade educativa (como a vinculación con cans de asistencia, etc)</b></p>	<p><b>Segundo as necesidades do alumnado e a evolución dos procesos nos que se vexa implicado.</b></p> <p><b>Ao longo do curso.</b></p>

O texto "en negriña" foi aprobado en Claustro e Consello Escolar o 5 e o 6 de maio de 2026 respectivamente, así mesmo foi informada a Inspección Educativa.